

a

26. Rede pública de comunicacións: unha rede de comunicacións electrónicas que se utiliza, na súa totalidade ou principalmente, para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público.

27. Rede telefónica pública: unha rede de comunicación electrónica utilizada para a prestación de servizos telefónicos dispoñibles ó público. Serve de soporte á transferencia, entre puntos de terminación da rede, de comunicacións vocais, así como doutros tipos de comunicacións, como o fax e a transmisión de datos.

28. Servizo de comunicacións electrónicas: o prestado polo xeral en troca dunha remuneración que consiste, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas, con inclusión dos servizos de telecomunicacións e servizos de transmisión nas redes utilizadas para a radiodifusión, pero non dos servizos que subministren contidos transmitidos mediante redes e servizos de comunicacións electrónicas ou das actividades que consistan no exercicio do control editorial sobre eses contidos; quedan excluídos, así mesmo, os servizos da sociedade da información definidos no artigo 1 da Directiva 98/34/CE que non consistan, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais a través de redes de comunicacións electrónicas.

29. Servizo de televisión de formato largo: o servizo de televisión constituído, total ou parcialmente, por programas producidos e editados para a súa presentación en formato largo completo. A relación de dimensións 16:9 constitúe o formato de referencia para os servizos de televisión deste tipo.

30. Servizo telefónico dispoñible ó público: o servizo dispoñible ó público a través dun ou máis números dun plan nacional ou internacional de numeración telefónica, para efectuar e recibir chamadas nacionais e internacionais e ter acceso ós servizos de emerxencia, podendo incluír adicionalmente, cando sexa pertinente, a prestación de asistencia mediante operador, os servizos de información sobre números de abonados, guías, a oferta de teléfonos públicos de pagamento, a prestación de servizos en condicións especiais, a oferta de facilidades especiais ós clientes con discapacidade ou con necesidades sociais especiais e a prestación de servizos non xeográficos.

31. Sistema de acceso condicional: toda medida técnica ou mecanismo técnico que condicione o acceso en forma intelixible a un servizo protexido de radiodifusión sonora ou televisiva ó pagamento dunha cota ou outra forma de autorización individual previa.

32. Telecomunicacións: toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

33. Teléfono público de pagamento: un teléfono accesible ó público en xeral e para a utilización do cal se poden empregar como medios de pagamento moedas, tarxetas de crédito/débito ou tarxetas de prepago, incluídas as tarxetas que utilizan códigos de marcación.

34. Usuario: unha persoa física ou xurídica que utiliza ou solicita un servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público.

35. Usuario final: o usuario que non explota redes públicas de comunicacións nin presta servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público nin tampouco os revende.

36. Autoridade nacional de regulamentación: o Goberno, os departamentos ministeriais, órganos superiores e directivos e organismos públicos que, de conformidade con esta lei, exercen as competencias que nela se prevén.

20254 *LEI 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.* («BOE» 264, do 4-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

As disposicións fundamentais da lexislación estatal sobre patrimonio aproxímanse ós corenta anos de vixencia: o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado aprobouse polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril, e o seu regulamento polo Decreto 3588/1964, do 5 de novembro.

Durante as case catro décadas transcorridas desde a súa promulgación, o contexto político e xurídico en que se insiren estas normas, e incluso a mesma realidade que pretenden regular, experimentaron cambios transcendentais. Factores destacados desta evolución foron, entre outros de menor importancia, a aprobación da Constitución de 1978, que, por unha parte, dedica un artigo específico, o 132, ós bens públicos, demandando leis para regular «o patrimonio do Estado» e «o réxime xurídico dos bens de dominio público» e, por outra, articula territorialmente o Estado sobre a base de comunidades autónomas, competentes, cada unha delas para regula-lo seu patrimonio propio; cabe destacar tamén o proceso xeral de renovación normativa que afectou os corpos legais básicos que pautan a actividade da Administración; a proliferación de réximes especiais de xestión patrimonial, a través dos cales se canaliza a administración de amplas masas de bens; e, por último, a notoria ampliación do parque inmobiliario público, especialmente no que se refire ós edificios destinados a usos administrativos, co correlativo incremento da súa participación no gasto público e a conseguinte necesidade de considerar con maior detención as implicacións orzamentarias da súa xestión. De igual forma, o sector público empresarial experimentou un notable crecemento e diversificación tipolóxica, adquirindo unha progresiva complexidade o marco das súas relacións coa Administración xeral do Estado.

A adaptación da lexislación patrimonial a este novo escenario tratouse de levar a cabo a través de modificacións parciais do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado e a promulgación de normas que regularon aspectos concretos da administración dos bens estatais.

Non obstante, o carácter parcial e limitado destes intentos impediu articular unha resposta integral ás esixencias formuladas polas novas condicións en que se debe desenvolver a xestión patrimonial, de tal forma que, no momento actual, a lexislación sobre bens públicos se enfronta ó reto de integrar unha serie de lagoas e solventar certos problemas que só se poden abordar con propiedade a través dunha completa reforma legal.

Entre as cuestións que se deben afrontar de forma perentoria atópase, en primeiro lugar, a definición do marco estatal que debe servir de referencia ás distintas administracións en canto lexislación básica en materia de bens públicos.

De igual forma, parece necesario reconducir a fragmentación normativa que afecta a lexislación aplicable ós patrimonios públicos do sector estatal, especialmente

censurable se se considera que tal fragmentación xa foi denunciada pola Lei de bases do patrimonio do Estado como o primeiro dos vicios do noso ordenamento neste ámbito. O «proceso puramente administrativo», de elaboración do sistema da lexislación patrimonial, que veladamente reprobaba aquel texto de 1962, parece que se impuxo, unha vez máis, á racionalidade lexislativa e, no momento actual, o Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado en canto disposición reguladora do patrimonio da Administración xeral do Estado e a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, como norma que recolle o réxime patrimonial xeral a que se deben axustar os organismos públicos, atópanse desbordadas por unha multiplicidade de disposicións que instauraron réximes peculiares de administración para certas masas integradas no patrimonio do Estado ou regras especiais para os bens de certos organismos.

O relativo desfase do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, malia a súa perfección técnica unanimemente recoñecida e, en conexión con este último trazo, a ancoraxe da lei nunha concepción eminentemente estática da xestión patrimonial, amplamente superada polas aproximacións máis dinámicas, inspiradas polo principio de mobilización eficiente dos activos, que hoxe informan os sistemas de administración de bens nos países do noso contorno e nas grandes corporacións, constitúen problemas dos cales tampouco se pode diferir o tratamento.

O transcurso do tempo, por último, xerou unha progresiva descoordinación, sequera sexa en aspectos xurídico-formais, entre o Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado e outros bloques normativos que integran o núcleo básico regulador da actividade e funcionamento da Administración.

Reaccionando fronte a esta situación, a Lei do patrimonio das administracións públicas pretende sentar as bases normativas para a formulación e o desenvolvemento dunha política global relativa á xestión dos bens públicos estatais, aborda os diferentes problemas que presentan as relacións entre as distintas administracións públicas en materia patrimonial, efectuar unha detida revisión das normas que rexen a administración de bens e actualiza-la regulación do patrimonio público empresarial.

II

Unha das preocupacións fundamentais da lei foi facer posible a articulación dunha política patrimonial integral para o sector estatal, que permita supera-lo fraccionamento dos sistemas de administración dos bens públicos e coordina-la súa xestión co conxunto de políticas públicas, nomeadamente, as políticas de estabilidade orzamentaria e de vivenda.

A partir desta formulación inicial, entendeuse que a política patrimonial debe estar definida pola globalidade do seu alcance, pola súa súa coordinación centralizada e polo seu apoio nuns principios básicos explicitados pola propia lei.

Desta maneira, a globalidade ou omnicomprensividade do enfoque, que constitúe un dos trazos básicos da lei, estendeuse tanto á delimitación subxectiva do seu ámbito de aplicación, coma ó tratamento que lle dá ó seu obxecto de regulación.

Así, desde o punto de vista subxectivo, a lei optou por considerar de forma conxunta o réxime patrimonial da Administración xeral do Estado e o dos organismos públicos dependentes dela, opción metodolóxica que se

empeza a edificar a partir do mesmo dato formal da súa inclusión nun único corpo legal superando a escisión en dous textos que existen actualmente e do desenvolvemento paralelo das normas propias de cada un. Con isto quíxose supera-lo carácter fraccionario e, en certa medida, residual que tradicionalmente tivo a regulación dos bens dos organismos públicos, abordando de forma integral e homoxénea a súa problemática patrimonial.

Adicionalmente, e cun alcance máis substantivo, a xeneralidade do enfoque legal encontra o seu vehículo de expresión máis acabado no novo significado de que se dota o termo tradicional «Patrimonio do Estado» que, na lei, pasa a designa-lo conxunto de bens de titularidade da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos. Débese precisar, sen embargo, que a reconstrución conceptual destas masas patrimoniais á nova categoría así definida non se realizou co propósito de absorbe-la titularidade separada que corresponde á Administración xeral do Estado e ós organismos públicos sobre os seus respectivos patrimonios, ou erosiona-la súa autonomía de xestión. O concepto non pretende facer referencia a unha relación de titularidade, de difícil construción xurídica desde o momento en que falta o referente subxectivo, senón que a súa acuñación ten unha finalidade meramente instrumental, e serve ós obxectivos de permitir un tratamento conxunto deses conxuntos de bens para determinados efectos de regulación, e destaca-la afectación global dos patrimonios da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos, como organizacións subordinadas ó cumprimento dos fins do Estado.

No que se refire ó ámbito obxectivo de regulación, a lei afástase da tradición encarnada no Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, e inclínase por considerar que os bens demaniais se encontran plenamente incardinados no patrimonio das administracións públicas. O patrimonio público pasa así a definirse como un conxunto de bens e dereitos que poden estar suxeitos a un dobre réxime: de carácter xurídico público, os bens e dereitos demaniais, e de carácter xurídico privado, os patrimoniais.

Este novo tratamento dos bens e dereitos públicos, en liña co que reciben nas diversas lexislacións autonómicas e no Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, destaca os elementos de xestión comúns a ámbalas categorías, ó tempo que parece responder de forma máis adecuada ó carácter aberto ou variable polo xogo das institucións da afectación e desafectación da súa cualificación xurídica, mutabilidade que se manifesta de forma especialmente acusada en relación cos edificios administrativos.

En todo caso, a regulación dos bens e dereitos de dominio público notoriamente máis extensa, por outra parte, cá que se contén no Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, está pensada para operar con carácter supletorio respecto da lexislación especial. A aplicación en primeiro grao das súas normas producirase, polo tanto, só en relación con aqueles bens demaniais por afectación que carecen dunha disciplina específica, sinaladamente, os edificios administrativos, cuns problemas de xestión obxecto de particular consideración no texto, e que serviron de guía para a regulación efectuada.

Apoiándose no novo concepto de patrimonio do Estado, o texto elaborado pretendeu reforza-la coordinación da xestión de bens en todo o ámbito estatal. En calquera caso, e o mesmo que ocorre coa definición daquela categoría, a idea de coordinación parte dun pleno respecto

a
 á autonomía de xestión que corresponde ós diferentes titulares de bens para, desde esta base, establecer mecanismos que permitan facer efectiva a común e xeral afectación dos bens e dereitos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos á realización dos fins e ó exercicio das competencias estatais.

En canto ós medios instrumentais, a coordinación construíuse, no que atinxe á súa vertente organizativa, sobre a sistematización e clarificación das competencias do Consello de Ministros e do ministro de Facenda, a institucionalización da Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais, e o reforzo do papel da Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos. A transposición do principio ás normas de funcionamento levou a unha revisión das figuras que serven de canle para as transferencias de bens e dereitos entre a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, co fin de ampliar as posibilidades de utilización destes por suxeitos distintos dos seus titulares, e permitir así a súa máis eficiente asignación.

A articulación da política patrimonial péchase coa enunciación dos principios a que se debe suxeita-la xestión dos bens e dereitos, principios que responden en última instancia á consideración destes bens e dereitos como activos que deben ser administrados de forma integrada cos restantes recursos públicos, de acordo cos criterios constitucionais de eficiencia e economía, e facendo efectiva a súa vocación de seren aplicados ó cumprimento de funcións e fins públicos. Avanzando nesta idea respecto dos bens patrimoniais, a lei reclama unha xestión destes plenamente integrada coas restantes políticas públicas e, en particular, coa política de vivenda, o que obrigará a ter en conta, na mobilización destes activos, as directrices derivadas daquelas.

III

En materia de relacións interadministrativas resultaba inaprazable a identificación precisa das normas que configuran o réxime patrimonial xeral de tódalas administracións públicas.

Este réxime ten o seu núcleo fundamental nas normas que se declaran básicas en exercicio da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.18.^a da Constitución para aproba-las «bases do réxime xurídico das administracións públicas», materia da cal o réxime patrimonial non constitúe senón unha parcela, e a «lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas».

A aprobación desta lexislación básica satisfai dous requirimentos esenciais, desde o punto de vista técnico xurídico, para o ordenamento patrimonial: por unha banda, pechar, polo seu vértice superior, o bloque regulador dos bens das administracións públicas satisfacendo unha demanda formulada non só por normas estatais, senón tamén polos ordenamentos autonómicos e, por outra, elimina-la inseguridade xurídica que xera ter que extrae-las bases da lexislación sobre patrimonio por vía interpretativa dunhas normas que non foron dictadas con esta finalidade, problema que aflorou nos contenciosos que chegaron ó Tribunal Constitucional e que repercutiu negativamente no labor legislativo autonómico, que se debe mover nunha zona caracterizada pola súa indefinición.

Ademais destas normas básicas, outras disposicións da lei serán aplicables a tódalas administracións públicas por tratarse de normas civís (artigo 149.1.8.^a), normas procesuais (artigo 149.1.6.^a), normas sobre réxime económico da Seguridade Social (artigo 149.1.17.^a), ou lexislación sobre expropiación forzosa (artigo 149.1.18.^a).

Ó lado da delimitación das normas xerais do réxime patrimonial das administracións públicas, a enunciación

dos principios que deben informa-las relacións entre elas neste ámbito é unha novidade da lei, e a súa redacción neste punto inspírase na Lei de costas e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A cooperación e colaboración son principios que teñen un valor central para a ordenación destas relacións na medida en que a súa real aplicación e pleno desenvolvemento poden coaduxar de forma decisiva a que os bens e dereitos públicos sexan empregados da forma máis eficiente posible ó servizo dos fins a que están destinados. Xunto a estes, outros principios recollidos no texto legal son os de lealdade institucional, información mutua, asistencia, respecto ás respectivas competencias e ponderación no seu exercicio da totalidade dos intereses públicos en presenza.

Como reflexo orgánico destes enunciados, institucionalízase unha Conferencia Sectorial de Política Patrimonial, coa misión de canaliza-las relacións de coordinación e cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nesta materia.

IV

A xestión patrimonial, da cal se recolle no título V da lei o seu núcleo normativo fundamental, constitúe o eixe central da súa regulación.

En relación coa base xurídica da xestión dos bens e dereitos públicos procedeuse, en primeiro termo, a revisa-la integración da lexislación patrimonial coas leis xerais reguladoras da actividade administrativa, actualizando as remisións e reenvíos, e pondo en concordancia as solucións normativas adoptadas.

En segundo lugar, a lei buscou ampliar as posibilidades de actuación da Administración neste ámbito e a incorporación ó acervo da xestión patrimonial de novas categorías negociais, para o cal sancionou formalmente a regulación dalgúns negocios que xa gozan dunha certa tipicidade na práctica patrimonial, e ofreceu cobertura expresa a determinadas actuacións que, sendo usuais no tráfico, non encontran, sen embargo, un claro acomodo na lexislación vixente.

Neste mesmo plano xurídico-formal, finalmente, a lei abordou unha decidida simplificación procedemental, co obxectivo de aproxima-los tempos da xestión á celeridade esixida polo mercado no plano externo, e demandada internamente polos diferentes órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, en canto destinatarios ou beneficiarios da actuación do Ministerio de Facenda neste ámbito. Baixo esta óptica, suprimíronse determinados trámites considerados innecesarios, redundantes ou de escaso valor á hora de lle achegar elementos de xuízo relevantes ó órgano decisor, mantendo e potenciando os necesarios para asegura-la oportunidade (memorias e informes), adecuación da operación ás condicións do mercado e idoneidade do ben (taxacións e informes periciais) e corrección xurídica (informe da Avogacía do Estado) do negocio que se vaia concluír. En calquera caso, esta simplificación de trámites e racionalización dos procedementos efectuouse cun respecto escrupuloso ós principios de obxectividade e transparencia na xestión e sen mingua dos necesarios controis.

Polo que afecta os medios materiais, a lei comprométese sen reservas coa plena utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en tódolos ámbitos da xestión patrimonial e, especialmente, naqueles que requiren dunha fluída relación con terceiros.

Por último, prestouse unha particular atención a articular un conxunto coherente de procedementos, instrumentos técnicos e potestades de actuación dirixidos a

consegui-la máxima eficiencia na utilización dos espazos destinados a aloxar oficinas e dependencias administrativas. Para estes efectos, prevese o desenvolvemento de diversas actuacións dirixidas a optimiza-lo seu uso sobre a base de plans aprobados polo Consello de Ministros e executados polo Ministerio de Facenda-Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, órgano este ó que se lle recoñecen amplas facultades para supervisa-la utilización de edificios pola Administración.

V

As previsións sobre o patrimonio público empresarial emprazan dentro de ámbitos de actuación regrados tanto a suxeitos de dereito público como a axentes de dereito privado. A amplitude coa que se definen os suxeitos a que lles serán de aplicación as súas previsións pretende abarcar tódalas unidades económicas vinculadas á Administración xeral do Estado susceptibles de seren consideradas empresas, incluíndo as sociedades mercantís en que o Estado posúe posicións de control mesmo sen te-la maioría do capital.

Peza principal deste núcleo normativo é o deseño dun novo esquema de relacións do Ministerio de Facenda coas entidades públicas empresariais, do que son elementos fundamentais a consideración dos fondos propios destas entidades como parte do patrimonio da Administración xeral do Estado, analogamente ó capital das sociedades mercantís, e a atribución ó ministro de Facenda de determinadas decisións en materia de xestión estratéxica.

Por último, dentro das sociedades mercantís estatais, prevense normas especiais para aquelas en que o capital corresponde integramente á Administración xeral do Estado ou ós seus organismos públicos e que teñen unha neta vocación instrumental. Debido a estas características, estas sociedades son exceptuadas do cumprimento dalgunhas prescricións do Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, para facilita-la súa xestión, e sométese a un réxime de funcionamento con competencias compartidas entre o ministerio de tutela responsable da política instrumental e o Ministerio de Facenda.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten por obxecto establece-las bases do réxime patrimonial das administracións públicas, e regular, de conformidade co disposto no artigo 132 da Constitución, a administración, a defensa e a conservación do patrimonio do Estado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O réxime xurídico patrimonial da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados a ela ou dependentes dela rexeráse por esta lei.

2. Serán de aplicación ás comunidades autónomas, entidades que integran a Administración local e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas os artigos ou partes deles enumerados na disposición derradeira segunda.

CAPÍTULO II

Patrimonio das administracións públicas

Artigo 3. *Concepto.*

1. O patrimonio das administracións públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lles teñan sido atribuídos.

2. Non se entenderán incluídos no patrimonio das administracións públicas o diñeiro, os valores, os créditos e os demais recursos financeiros da súa facenda nin, no caso das entidades públicas empresariais e entidades análogas dependentes das comunidades autónomas ou corporacións locais, os recursos que constitúen a súa tesourería.

Artigo 4. *Clasificación.*

Por razón do réxime xurídico a que están suxeitos, os bens e dereitos que integran o patrimonio das administracións públicas poden ser de dominio público ou demaniais e de dominio privado ou patrimoniais.

Artigo 5. *Bens e dereitos de dominio público ou demaniais.*

1. Son bens e dereitos de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se encontren afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais.

2. Son bens de dominio público estatal, en todo caso, os mencionados no artigo 132.2 da Constitución.

3. Os inmobles de titularidade da Administración xeral do Estado ou dos organismos públicos vinculados a ela ou dependentes dela en que se aloxen servizos, oficinas ou dependencias dos seus órganos ou dos órganos constitucionais do Estado consideraranse, en todo caso, bens de dominio público.

4. Os bens e dereitos de dominio público rexeráse polas leis e disposicións especiais que lles sexan de aplicación e, na falta de normas especiais, por esta lei e as disposicións que a desenvolven ou complementen. As normas xerais do dereito administrativo e, no seu defecto, as normas do dereito privado, aplicaranse como dereito supletorio.

Artigo 6. *Principios relativos ós bens e dereitos de dominio público.*

A xestión e administración dos bens e dereitos demaniais polas administracións públicas axustaranse ós seguintes principios:

- a) Inalienabilidade, inembargabilidade e imprescritibilidade.
- b) Adecuación e suficiencia dos bens para servir ó uso xeral ou ó servizo público a que estean destinados.
- c) Aplicación efectiva ó uso xeral ou ó servizo público, sen máis excepcións que as derivadas de razóns de interese público debidamente xustificadas.
- d) Dedicación preferente ó uso común fronte ó seu uso privativo.
- e) Exercicio dilixente das prerrogativas que esta lei ou outras especiais lles outorguen ás administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade.
- f) Identificación e control a través de inventarios ou rexistros adecuados.
- g) Cooperación e colaboración entre as administracións públicas no exercicio das súas competencias sobre o dominio público.

^a
Artigo 7. *Bens e dereitos de dominio privado ou patrimoniais.*

1. Son bens e dereitos de dominio privado ou patrimoniais os que, sendo de titularidade das administracións públicas, non teñan o carácter de demaniais.

2. En todo caso, terán a consideración de patrimoniais da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos os dereitos de arrendamento, os valores e títulos representativos de accións e participacións no capital de sociedades mercantís ou de obrigas emitidas por estas, así como contratos de futuros e opcións cun activo subxacente constituído por accións ou participacións en entidades mercantís, os dereitos de propiedade incorporal, e os dereitos de calquera natureza que deriven da titularidade dos bens e dereitos patrimoniais.

3. O réxime de adquisición, administración, defensa e alleamento dos bens e dereitos patrimoniais será o previsto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan ou complementen. Supletoriamente, aplicaranse as normas do dereito administrativo, en tódalas cuestións relativas á competencia para adopta-los correspondentes actos e ó procedemento que se debe seguir para iso, e as normas do dereito privado no que afecte os restantes aspectos do seu réxime xurídico.

Artigo 8. *Principios relativos ós bens e dereitos patrimoniais.*

1. A xestión e administración dos bens e dereitos patrimoniais polas administracións públicas axustaranse ós seguintes principios:

- a) Eficiencia e economía na súa xestión.
- b) Eficacia e rendibilidade na explotación destes bens e dereitos.
- c) Publicidade, transparencia, concorrencia e obxectividade na adquisición, explotación e alleamento destes bens.
- d) Identificación e control a través de inventarios ou rexistros adecuados.
- e) Colaboración e coordinación entre as diferentes administracións públicas, co fin de optimiza-la utilización e o rendemento dos seus bens.

2. En todo caso, a xestión dos bens patrimoniais deberá coadxuvar ó desenvolvemento e á execución das distintas políticas públicas en vigor e, en particular, ó da política de vivenda, en coordinación coas administracións competentes.

CAPÍTULO III

Patrimonio do Estado

Artigo 9. *Concepto.*

1. O patrimonio do Estado está integrado polo patrimonio da Administración xeral do Estado e os patrimonios dos organismos públicos que se encontren en relación de dependencia ou vinculación con esta.

2. A xestión, administración e explotación dos bens e dereitos do patrimonio do Estado que sexan de titularidade da Administración xeral do Estado corresponderán ó Ministerio de Facenda, a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

3. A xestión, administración e explotación dos bens e dereitos do patrimonio do Estado que sexan de titularidade dos organismos públicos corresponderán a estes, de acordo co sinalado nas súas normas de creación ou de organización e funcionamento ou nos seus estatutos, con suxeición en todo caso ó establecido para estes bens e dereitos nesta lei.

Artigo 10. *Competencias.*

1. Correspóndelle ó Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda:

- a) Defini-la política aplicable ós bens e dereitos do patrimonio do Estado.
- b) Establece-los criterios de actuación coordinada para a adecuada xestión de tales bens e dereitos.
- c) Acordar ou autoriza-los actos de disposición, xestión e administración que esta lei lle atribúe.
- d) Exerce-las competencias que lle atribúe esta lei en relación coa optimización do uso dos edificios administrativos e a xestión do sector público empresarial da Administración xeral do Estado.

2. Correspóndelle á Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais:

- a) Elabora-las liñas directrices da política inmobiliaria.
- b) Analiza-las implicacións financeiras e orzamentarias das operacións inmobiliarias e urbanísticas da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e, de se-lo caso, efectua-las propostas que se coiden convenientes.
- c) Coñece-los plans e as propostas de investimento e desinvestimento da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos cando, polas súas implicacións orzamentarias ou por afectar a distintos axentes, sexa conveniente establecer compensacións ou imputacións especiais de ingresos a determinados organismos e promove-las medidas necesarias para a súa concreción.
- d) Coordina-la actuación dos axentes inmobiliarios vinculados á Administración xeral do Estado en operacións urbanísticas complexas.
- e) Orienta-las actuacións inmobiliarias públicas ó cumprimento dos obxectivos xerais doutras políticas en vigor, especialmente, as de consolidación orzamentaria, modernización administrativa e vivenda.

3. Correspóndelle ó ministro de Facenda:

- a) Proporlle ó Goberno a aprobación dos regulamentos precisos para o desenvolvemento desta lei e dictar, de se-lo caso, as disposicións e resolucións necesarias para a súa aplicación.
- b) Velar polo cumprimento da política patrimonial definida polo Goberno, para o cal dictará instrucións e directrices.
- c) Verifica-la correcta utilización dos recursos inmobiliarios do patrimonio do Estado e do gasto público asociado a eles.
- d) Aprobar, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, os índices de ocupación e criterios básicos de utilización dos edificios administrativos do patrimonio do Estado.
- e) Elevarlle ó Consello de Ministros ou á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos as propostas relativas á política patrimonial e ós criterios de actuación coordinada para a adecuada xestión dos bens e dereitos do patrimonio do Estado.
- f) Acordar ou autoriza-los actos de disposición, administración e explotación que esta lei lle atribúe.
- g) Exerce-las competencias que lle atribúe esta lei en relación coa optimización do uso dos edificios administrativos e a xestión do sector público empresarial da Administración xeral do Estado.

4. Correspóndelles ós departamentos ministeriais:

- a) Executar, no ámbito das súas competencias, a política patrimonial aprobada polo Goberno, e aplica-las directrices e instrucións dictadas polo ministro de Facenda.

b) Exerce-las funcións relativas á vixilancia, protección xurídica, defensa, inventario, administración, conservación, e demais actuacións que requira o correcto uso dos bens e dereitos do patrimonio do Estado que teñan afectados ou a administración e xestión dos cales lles corresponda.

c) Exerce-las funcións de administración, xestión e ingreso no Tesouro Público dos dereitos que deban percibirse pola utilización privativa do dominio público que teñan afectados ou dos que lles corresponda a administración e xestión.

d) Solicitar do ministro de Facenda a afectación dos bens e dereitos necesarios para o cumprimento dos fins e funcións que teñan encomendados, e a súa desafectación cando deixen de serlles necesarios.

e) Solicitar do Ministerio de Facenda a adquisición de bens e dereitos necesarios para o cumprimento dos fins e funcións públicas que teñan atribuídos.

5. Correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado:

a) Elevarlle ó ministro de Facenda as propostas que coide convenientes para a adecuada xestión, administración e utilización dos bens e dereitos do patrimonio do Estado.

b) Supervisar, baixo a dirección do ministro de Facenda, a execución da política patrimonial fixada polo Goberno.

c) Acordar ou autoriza-los actos de disposición, administración e explotación que esta lei lle atribúe.

d) Exerce-las competencias que lle atribúe esta lei en relación coa optimización do uso dos edificios administrativos e a xestión do sector público empresarial da Administración xeral do Estado.

e) Exerce-la coordinación executiva das operacións inmobiliarias en que interveñan varios axentes vinculados á Administración xeral do Estado cando así lle sexa encomendado polo Consello de Ministros ou pola Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmobiliarias e Patrimoniais.

6. Correspóndelles ós organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado:

a) Executar, no ámbito das súas competencias, a política patrimonial aprobada polo Goberno e aplica-las directrices e instrucións dictadas polo ministro de Facenda.

b) Exerce-las funcións relativas á vixilancia, protección xurídica, defensa, inventario, administración, conservación, e demais actuacións que requira o correcto uso dos bens e dereitos propios do organismo ou adscritos a el, ou a administración e xestión dos cales lles corresponda.

c) Exerce-la administración, xestión e recadación dos dereitos económicos que perciban pola utilización privativa do dominio público propio ou adscrito ou a administración e xestión dos cales lles corresponda.

d) Solicitar do ministro de Facenda a adscrición de bens e dereitos para o cumprimento dos fins e funcións públicos que teñan encomendados, e a súa desadscrición cando deixen de serlles necesarios.

e) Xestiona-los seus bens propios de acordo co establecido na lei reguladora do organismo, nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

f) Insta-la incorporación ó patrimonio da Administración xeral do Estado dos seus bens inmobles cando estes deixen de ser necesarios para o cumprimento dos seus fins e así sexa procedente conforme o sinalado no artigo 80 desta lei.

Artigo 11. *Desconcentración e avocación de competencias.*

1. As competencias relativas á adquisición, xestión, administración e alleamento de bens e dereitos do patrimonio do Estado poderán ser obxecto de desconcentración mediante real decreto acordado en Consello de Ministros por proposta do ministro de Facenda.

2. O Consello de Ministros poderá avocar discrecionalmente o coñecemento e a autorización de calquera acto de adquisición, xestión, administración e alleamento de bens e dereitos do patrimonio do Estado. Igualmente, o órgano competente para a realización destes actos poderalle propor ó ministro de Facenda a súa elevación á consideración do Consello de Ministros.

Artigo 12. *Actuación fronte a terceiros.*

1. A representación da Administración xeral do Estado nas actuacións relativas ós seus bens e dereitos patrimoniais correspóndelle ó Ministerio de Facenda, que a exercerá a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e as delegacións de Economía e Facenda. A representación da Administración xeral do Estado en materia patrimonial que lle corresponde ó ministro de Facenda exercerase no exterior por medio do representante diplomático, que a poderá delegar de maneira expresa en funcionarios da correspondente embaixada ou representación.

2. A representación dos organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado nas actuacións relativas ós seus bens e dereitos patrimoniais responderalles ós órganos que legal ou estatutariamente a teñan atribuída e, en defecto de atribución expresa, ós seus presidentes ou directores.

3. A representación en xuízo para cantas cuestións afecten o patrimonio do Estado rexerese polo disposto na Lei 52/1997, do 27 de decembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas.

Artigo 13. *Coordinación.*

1. En tódolos departamentos ministeriais e organismos públicos existirán unidades encargadas da administración, xestión e conservación dos bens e dereitos do patrimonio do Estado que teñan afectados ou adscritos ou a administración e xestión dos cales lles corresponda.

2. Estas unidades coordinarán as súas actuacións coa Dirección Xeral do Patrimonio do Estado para a adecuada administración e optimización do uso destes bens e dereitos.

3. O Ministerio de Facenda estará representado en tódalas corporacións, institucións, empresas, consellos, organismos e outras entidades públicas que utilicen bens ou dereitos do patrimonio da Administración xeral do Estado.

Artigo 14. *Colaboración.*

1. O Ministerio de Facenda, os departamentos ministeriais e os organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado colaborarán reciprocamente para a eficaz xestión e utilización dos bens e dereitos integrados no patrimonio do Estado.

2. Para tales efectos, os departamentos ministeriais e os organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado poderán solicitar do Ministerio de Facenda cantos datos coiden necesarios para a mellor utilización dos bens que tivesen afectados ou adscritos.

3. Igualmente, o Ministerio de Facenda, a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou da Xunta

a
 Coordinadora de Edificios Administrativos, poderá solicitar dos departamentos ministeriais e organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado cantos datos considere necesarios sobre o uso e a situación dos bens e dereitos que tivesen afectados ou adscritos, que utilicen en arrendamento ou, no suposto dos organismos públicos, que fosen da súa propiedade.

TÍTULO I

Adquisición de bens e dereitos

CAPÍTULO ÚNICO

Artigo 15. *Modos de adquirir.*

As administracións públicas poderán adquirir bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico e, en particular, polos seguintes:

- a) Por atribución da lei.
- b) A título oneroso, con exercicio ou non da potestade de expropiación.
- c) Por herdanza, legado ou doazón.
- d) Por prescrición.
- e) Por ocupación.

Artigo 16. *Carácter patrimonial dos bens adquiridos.*

Salvo disposición legal en contrario, os bens e dereitos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos enténdense adquiridos co carácter de patrimoniais, sen prexuízo da súa posterior afectación ó uso xeral ou ó servizo público.

Artigo 17. *Inmobles vacantes.*

1. Pertencen á Administración xeral do Estado os inmobles que careceren de dono.

2. A adquisición destes bens producirase por ministerio da lei, sen necesidade de que medie ningún acto ou declaración por parte da Administración xeral do Estado. Non obstante, desta atribución non derivarán obrigas tributarias ou responsabilidades para a Administración xeral do Estado por razón da propiedade destes bens, mentres non se produza a efectiva incorporación deles ó patrimonio daquela a través dos trámites previstos na letra d) do artigo 47 desta lei.

3. A Administración xeral do Estado poderá tomar posesión dos bens así adquiridos en vía administrativa, sempre que non estiveren sendo posuídos por ninguén a título de dono, e sen prexuízo dos dereitos de terceiro.

4. De existir un posuidor en concepto de dono, a Administración xeral do Estado deberá acometer a acción que corresponda ante os órganos da orde xurisdiccional civil.

Artigo 18. *Saldos e depósitos abandonados.*

1. Corresponden á Administración xeral do Estado os valores, diñeiro e demais bens mobles depositados na Caixa Xeral de Depósitos e en entidades de crédito, sociedades ou axencias de valores ou calquera outra entidade financeira, así como os saldos de contas correntes, cartillas de aforro ou outros instrumentos similares abertos nestes establecementos, respecto dos cales os interesados non teñan practicado ningunha xestión que implique o exercicio do seu dereito de propiedade no prazo de vinte anos.

2. A xestión, administración e explotación destes bens corresponderalle ó Ministerio de Facenda a través

da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, a cal poderá allealos polo procedemento que, en función da natureza do ben ou dereito, coide máis adecuado, logo de xustificación razoada no respectivo expediente.

3. As entidades depositarias estarán obrigadas a lle comunicar ó Ministerio de Facenda a existencia de tales depósitos e saldos na forma que se determine por orde do ministro titular deste departamento.

4. O Banco de España, nas súas actuacións de inspección, comprobará o efectivo cumprimento desta obriga polas entidades de crédito e financeiras e comunicará as infraccións que advirta ó Ministerio de Facenda para efectos de imposición da sanción que sexa procedente, de conformidade co disposto no título IX desta lei.

5. Nos informes de auditoría que se emitan en relación coas contas destas entidades farase constar, de se-lo caso, a existencia de saldos e depósitos incursos en abandono conforme o disposto no número 1 deste artigo.

Artigo 19. *Adquisicións a título oneroso.*

As adquisicións de bens e dereitos a título oneroso e de carácter voluntario rexeranse polas disposicións desta lei e supletoriamente polas normas do dereito privado, civil ou mercantil.

Artigo 20. *Normas especiais para as adquisicións herdadas.*

1. A aceptación das herdanzas, xa fosen deferidas testamentariamente ou en virtude de lei, entenderase feita sempre a beneficio de inventario.

2. Cando unha disposición gratuíta se tiver efectuado a favor dunha Administración pública para o cumprimento de fins ou a realización de actividades que sexan da competencia exclusiva doutra, notificaráselle a existencia de tal disposición á Administración competente co fin de que sexa aceptada, de se-lo caso, por esta.

3. Se a disposición se tiver efectuado para a realización de fins de competencia das administracións públicas sen designación precisa do beneficiario, entenderase efectuada a favor da Administración competente e, de haber varias con competencias concorrentes, a favor da de ámbito territorial superior de entre aquelas a que puidese corresponder por razón do domicilio do causante.

4. As disposicións por causa de morte de bens ou dereitos entenderanse deferidas a favor da Administración xeral do Estado nos casos en que o dispoñente sinale como beneficiario algún dos seus órganos, os órganos constitucionais do Estado ou o propio Estado. Nestes supostos, respectarase a vontade do dispoñente, destinando os bens ou dereitos a servizos propios dos órganos ou institucións designados como beneficiarios, sempre que isto for posible e sen prexuízo das condicións ou cargas modais a que puidese estar supeditada a disposición, ás que se aplicarán as previsións do número 4 do artigo seguinte.

5. As disposicións por causa de morte a favor de organismos ou órganos estatais que desaparecesen na data en que se abra a sucesión entenderanse feitas a favor dos que, dentro do ámbito estatal, asumisen as súas funcións, e, no seu defecto, a favor da Administración xeral do Estado.

6. A sucesión lexítima da Administración xeral do Estado rexerase polo Código civil e as disposicións complementarias.

Artigo 21. Adquisicións a título gratuito.

1. Correspóndelle ó ministro de Facenda acepta-las herdanzas, os legados e as doazóns a favor da Administración xeral do Estado, salvo os casos en que, conforme a Lei do patrimonio histórico español, a competencia estea atribuída ó ministro de Educación, Cultura e Deporte. Non obstante, as doazóns de bens mobles serán aceptadas polo ministro titular do departamento competente cando o doador tiver sinalado o fin a que deben destinarse.

2. Serán competentes para acepta-las disposicións a título gratuito a favor dos organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado os seus presidentes ou directores.

3. A Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela só poderán acepta-las herdanzas, os legados ou as doazóns que supoñan gastos ou estean sometidos a algunha condición ou modo onerosos se o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire, segundo taxación pericial. De o gravame excede-lo valor do ben, a disposición só se poderá aceptar se concorren razóns de interese público debidamente xustificadas.

4. De os bens se teren adquirido baixo condición ou modo da súa afectación permanente a determinados destinos, entenderase cumprida e consumada se durante 30 anos serviron a tales destinos, aínda que logo deixasen de o estar por circunstancias sobrevidas de interese público.

5. Os que, por razón do seu cargo ou emprego público, tiveren noticia da existencia dalgún testamento ou oferta de doazón a favor da Administración xeral do Estado estarán obrigados a pólo en coñecemento dos servizos patrimoniais do Ministerio de Facenda. Se a disposición fose a favor dun organismo público, deberánlo comunicar a este.

Artigo 22. Prescrición adquisitiva.

As administracións públicas poderán adquirir bens por prescrición consonte o establecido no Código civil e nas leis especiais.

Artigo 23. Ocupación.

A ocupación de bens mobles polas administracións públicas regularase polo establecido no Código civil e nas leis especiais.

Artigo 24. Adquisicións derivadas do exercicio da potestade expropiatoria.

1. As adquisicións que se produzan en exercicio da potestade de expropiación rexeranse pola Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e pola Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións ou outras normas especiais.

2. Nestes casos, a afectación do ben ou dereito ó uso xeral, ó servizo público, ou a fins e funcións de carácter público entenderase implícita na expropiación.

3. A posterior desafectación do ben ou dereito ou a mutación do seu destino non darán dereito a instala-la súa reversión cando se produzan na forma e cos requisitos previstos no número 2 do artigo 54 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e no número 2 do artigo 40 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

4. O ofrecemento e a tramitación dos dereitos de reversión, cando proceda, serán efectuados, logo de depuración da situación física e xurídica dos bens, polo ministerio ou organismo que instase a expropiación, ain-

da que o ben tivese sido posteriormente afectado ou adscrito a outro distinto. Para estes efectos, o ministerio ou organismo a que posteriormente se tivesen afectado ou adscrito os bens comunicaralle ó que instou a expropiación o acaecemento do suposto que dea orixe ó dereito de reversión.

O recoñecemento do dereito de reversión levará implícita a desafectación do ben ou dereito a que se refira. Non obstante, ata que se proceda á execución do acordo, corresponderalle ó departamento ministerial ou organismo a que estivese afectado ou adscrito o ben ou dereito obxecto da reversión prove-lo necesario para a súa defensa e conservación.

De non se consuma-la reversión, a desafectación do ben ou dereito efectuarase de conformidade co disposto no artigo 69.

Artigo 25. Adjudicación de bens e dereitos en procedementos de execución.

1. As adquisicións de bens e dereitos en virtude de adjudicacións acordadas en procedementos de constrinximento administrativo rexeranse polo disposto na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e no Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

2. Nos procedementos xudiciais de execución dos que se poidan seguir adjudicacións de bens e dereitos a favor da Administración xeral do Estado, o avogado do Estado porá inmediatamente en coñecemento do delegado de Economía e Facenda a apertura dos prazos para pedi-la adjudicación dos bens embargados, co fin de que o referido órgano acorde o que proceda sobre a oportunidade de solicitar esta adjudicación.

Artigo 26. Adjudicacións de bens e dereitos noutros procedementos xudiciais ou administrativos.

1. As adjudicacións xudiciais ou administrativas de bens ou dereitos en supostos distintos dos previstos no artigo anterior rexeranse polo establecido nas disposicións que as prevexan e por esta lei.

2. En defecto de previsións especiais, nas adjudicacións de bens a favor da Administración xeral do Estado observaranse as seguintes regras:

a) Non se poderán acordar adjudicacións a favor da Administración xeral do Estado sen previo informe do delegado de Economía e Facenda. Para estes efectos, deberase cursa-la correspondente comunicación a este órgano, en que se fará constar unha descrición suficientemente precisa do ben ou dereito obxecto de adjudicación, con indicación das cargas que recaian sobre el e a súa situación posesoria.

b) A adjudicación deberáselle notificar á Delegación de Economía e Facenda, con traslado do auto, providencia ou acordo respectivo.

c) A Delegación de Economía e Facenda disporá o necesario para que se proceda á identificación dos bens adjudicados e á súa taxación pericial.

d) Practicadas estas dilixencias formalizarase, de se-lo caso, a incorporación ó patrimonio da Administración xeral do Estado dos bens e dereitos adjudicados.

3. Na falta de previsións específicas, nas adjudicacións a favor dos organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado ou vinculados a ela, observaranse as regras establecidas no punto anterior, en canto fosen de aplicación, ben que a adjudicación deberá ser autorizada polo presidente ou o director do organismo.

^a
Artigo 27. *Toma de posesión dos bens adxudicados.*

A Administración poderá tomar posesión dos bens adxudicados en vía administrativa, exercendo, de se-lo caso, a potestade de desafuzamento regulada na sección 5.^a do capítulo V do título II desta lei.

TÍTULO II

Protección e defensa do patrimonio

CAPÍTULO I

Da obriga de protexer e defende-lo patrimonio

Artigo 28. *Extensión.*

As administracións públicas están obrigadas a protexer e defende-lo seu patrimonio. Para tal fin, protexerán adecuadamente os bens e dereitos que o integran, procurarán a súa inscrición rexistral, e exercerán as potestades administrativas e mailas accións xudiciais que sexan procedentes.

Artigo 29. *Deber de custodia.*

1. Os titulares dos órganos competentes que teñan ó seu cargo bens ou dereitos do patrimonio do Estado están obrigados a velar pola súa custodia e defensa, nos termos establecidos neste título.

2. Iguais obrigas lles competen ós titulares de concesións e outros dereitos sobre os bens de dominio público.

CAPÍTULO II

Das limitacións á dispoñibilidade dos bens e dereitos

Artigo 30. *Réxime de dispoñibilidade dos bens e dereitos.*

1. Os bens e dereitos de dominio público ou demaniais son inalienables, imprescritibles e inembargables.

2. Os bens e dereitos patrimoniais poderán ser alleados seguindo o procedemento e logo do cumprimento dos requisitos legalmente establecidos. De igual forma, estes bens e dereitos poderán ser obxecto de prescrición adquisitiva por terceiros de acordo co disposto no Código civil e nas leis especiais.

3. Ningún tribunal nin autoridade administrativa poderá dictar providencia de embargo nin despachar mandamento de execución contra os bens e dereitos patrimoniais cando se encontren materialmente afectados a un servizo público ou a unha función pública, cando os seus rendementos ou o produto do seu alleamento estean legalmente afectados a fins determinados, ou cando se trate de valores ou títulos representativos do capital de sociedades estatais que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral. O cumprimento das resolucións xudiciais que determinen obrigas a cargo da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 44 da Lei xeral orzamentaria, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 31. *Transacción e sometemento a arbitraje.*

Non se poderá transixir xudicial nin extraxudicialmente sobre os bens e dereitos do patrimonio do Estado, nin someter a arbitraje as contendas que se susciten sobre eles, senón mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do de Facenda, logo do dictame do Consello de Estado en pleno.

CAPÍTULO III

Do inventario patrimonial

Artigo 32. *Obriga de formar inventario.*

1. As administracións públicas están obrigadas a inventaria-los bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que están sendo dedicados.

2. O Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado incluírá a totalidade dos bens e dereitos que integran o patrimonio do Estado, con excepción daqueles que fosen adquiridos polos organismos públicos co propósito de os devolver ó tráfico xurídico patrimonial de acordo cos seus fins peculiares ou para cumprir cos requisitos sobre provisións técnicas obrigatorias, e daqueloutros bens e dereitos dos cales o inventario e a identificación corresponda ós departamentos ministeriais ou organismos públicos, de conformidade co establecido no artigo 33.3 desta lei.

Respecto de cada ben ou dereito faranse constar no Inventario Xeral aqueles datos que se consideren necesarios para a súa xestión e, en todo caso, os correspondentes ás operacións que, de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública, dean lugar a anotacións nas rúbricas correspondentes deste.

3. As accións e títulos representativos do capital de sociedades mercantís propiedade da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos dependentes dela quedarán reflectidos na correspondente contabilidade patrimonial, de acordo cos principios e as normas que lles sexan de aplicación, e incluíranse nun inventario de carácter auxiliar que deberá estar coordinado co sistema de contabilidade patrimonial.

4. O inventario patrimonial das comunidades autónomas, entidades locais e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas incluírá, polo menos, os bens inmoables e os dereitos reais sobre estes.

Artigo 33. *Estructura e organización do Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado.*

1. O Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado está a cargo do Ministerio de Facenda; a súa conservación corresponderalles á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e ás unidades con competencia en materia de xestión patrimonial dos departamentos ministeriais e organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela, que actuarán como órganos auxiliares.

2. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado levará directamente o inventario correspondente ós seguintes bens e dereitos do patrimonio do Estado, xa sexan demaniais ou patrimoniais:

- a) Os bens inmoables e dereitos reais sobre estes.
- b) Os dereitos de arrendamento e calquera outro de carácter persoal en virtude dos cales se lle atribúa á Administración xeral do Estado o uso ou desfrute de inmoables alleos.

c) Os bens mobles e as propiedades incorporais cando o seu inventario non lles corresponda levalo ós departamentos ministeriais ou ós organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado ou vinculados a ela.

d) Os valores mobiliarios e os títulos representativos de accións e participacións no capital de sociedades mercantís, ou de obrigas emitidas por estas.

3. As unidades competentes en materia patrimonial dos departamentos ministeriais e organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela, e sen prexuízo dos rexistros, catálogos ou inventarios de bens e dereitos que estean obrigados a levar en virtude de normas especiais, levarán o inventario dos seguintes bens e dereitos do patrimonio do Estado:

a) Os bens de dominio público sometidos a unha lexislación especial dos que teñan encomendadas a administración e a xestión.

b) As infraestructuras de titularidade estatal sobre as que posúan competencias de administración e xestión.

c) Os bens mobles adquiridos ou utilizados por eles.

d) Os dereitos de propiedade incorporal adquiridos ou xerados pola actividade do departamento ou organismo ou dos que teña encomendada a xestión.

Igualmente, os departamentos ministeriais e organismos públicos manterán un catálogo permanentemente actualizado dos bens inmobles e dereitos reais que teñan afectados ou adscritos, e dos arrendamentos concertados para aloxa-los seus órganos.

4. O Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado non ten a consideración de rexistro público e os datos reflectidos nel, así como os resultados da súa agregación ou explotación estatística, constitúen información de apoio para a xestión interna e a definición de políticas da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.

Estes datos non producirán efectos fronte a terceiros nin poderán ser utilizados para facer valer dereitos fronte á Administración xeral do Estado e ós seus organismos públicos.

A consulta por terceiros dos datos do Inventario Xeral só será procedente cando formen parte dun expediente e de conformidade coas regras xerais de acceso a estes.

5. Regulamentariamente regularanse as condicións en que as administracións públicas poderán ter acceso ó Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado respecto dos datos correspondentes ós bens sitos no territorio a que se estendan as súas competencias.

6. De igual forma, regularanse regulamentariamente os termos en que o Ministerio de Facenda facilitará, para efectos informativos, o acceso dos cidadáns ós datos máis relevantes do Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado.

Artigo 34. *Formación e actualización do Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado.*

1. De acordo co sinalado no artigo 33 desta lei, as unidades competentes en materia de xestión patrimonial adoptarán as medidas oportunas para a inmediata constancia no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado dos feitos, actos ou negocios relativos ós seus bens e dereitos, e notificaránlle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado os feitos, actos e negocios que poidan afecta-la situación xurídica e física dos bens e dereitos dos que o inventario lle corresponda ó referido centro directivo, ou o destino ou uso deles.

2. O Ministerio de Facenda poderá dirixir instrucións sobre calquera cuestión relacionada coa formación e actualización do Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado, e solicitar igualmente cantos datos ou documentos considere necesarios.

Artigo 35. *Control da inscrición no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado.*

1. Non se poderán realizar actos de xestión ou disposición sobre os bens e dereitos do patrimonio do Estado se estes non se encontran debidamente inscritos no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado.

2. A verificación dos datos relativos á inclusión, baixa ou calquera outra modificación que afecte bens ou dereitos que deban ser inventariados incluírase dentro do alcance do control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo co Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, e a súa normativa de desenvolvemento.

3. As avogacías do Estado advertirán especificamente en cantos informes emitan en relación cos bens e dereitos do patrimonio do Estado acerca da obrigatoriedade de inclusión nos citados inventarios, se esta non lles constase.

CAPÍTULO IV

Do réxime rexistral

Artigo 36. *Obrigatoriedade da inscrición.*

1. As administracións públicas deben inscribir nos correspondentes rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptibles de inscrición, así como tódolos actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso a tales rexistros. Non obstante, a inscrición será potestativa para as administracións públicas no caso de arrendamentos inscristibles conforme a lexislación hipotecaria.

2. A inscrición deberá solicitala o órgano que adquise o ben ou dereito, ou que dictase o acto ou interviñese no contrato que deba constar no rexistro ou, de se-lo caso, por aquel ó que lle corresponda a súa administración e xestión.

3. Nos expedientes que se instrúan para a inscrición de bens ou dereitos de titularidade da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos autónomos deberá emitir informe a Avogacía do Estado. Se os bens ou dereitos corresponden a outras entidades públicas dependentes da Administración xeral do Estado, deberá emitir informe o órgano a que lle corresponda o seu asesoramento xurídico.

Artigo 37. *Título inscristible.*

1. A inscrición no Rexistro da Propiedade practícase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e nesta lei.

2. As operacións de agrupación, división, agregación e segregación de predios e demais previstas no artigo 206 da Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946 practícaranse mediante traslado da disposición administrativa en virtude da cal se verifiquen, ou mediante a certificación prevista neste artigo, sempre que non afecten a terceiros.

3. Ademais dos medios previstos no artigo 200 da Lei hipotecaria, a certificación a que se refire o artigo 206 desta lei será título válido para proseguir-lo tracto sucesivo interrompido, sempre que os titulares das inscricións contradictorias ou os seus habentes causa non

a
 formulasen oposición dentro dos 30 días seguintes a aquel en que a Administración lles dese traslado da certificación que se propón inscribir, mediante notificación persoal ou, de non ser esta posible, mediante publicación de edictos nos termos que se expresan a continuación. Se os interesados non son coñecidos, poderase inscribi-la certificación cando as inscricións contradictorias teñan máis de 30 anos de antigüidade, non sufrisen alteración durante ese prazo e se publicasen edictos por prazo de 30 días comunicando a intención de inscribi-la certificación no taboleiro do concello, e no «Boletín Oficial del Estado», no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo cal sexa a Administración que a expedise, sen que formulase oposición quen acredite ter dereito sobre os bens. Na certificación farase constar-lo título de adquisición do ben ou dereito e o tempo que leva a Administración titular na posesión pacífica deste.

As inscricións practicadas nesta forma estarán afectadas pola limitación de efectos establecida no artigo 207 da Lei hipotecaria.

4. A certificación administrativa expedida por órgano competente das administracións públicas será título suficiente para proceder á cancelación ou rectificación das inscricións a favor da Administración pública nos seguintes supostos:

a) Cando, logo da instrucción do correspondente procedemento, para a tramitación do cal será preceptivo un informe técnico, se acredite a inexistencia actual ou a imposibilidade de localización física do predio.

b) Cando se recoñeza o mellor dereito ou preferencia do título dun terceiro sobre o da Administración pública en caso de dobre inmatriculación, logo de informe da Avogacía do Estado ou do órgano asesor correspondente da Administración actuante.

c) Cando se recoñeza a titularidade, mellor dereito ou preferencia do título dun terceiro sobre un predio que apareza inscrito a favor das administracións públicas, logo de informe da Avogacía do Estado ou do órgano asesor correspondente da Administración actuante.

5. A orde estimatoria dunha reclamación previa á vía xudicial civil interposta polo interesado para que se recoñeza a súa titularidade sobre un ou varios predios será título bastante, unha vez que lle fose notificada a aquel, para que se proceda á rectificación da inscrición rexistral contradictoria existente a favor da Administración pública.

Artigo 38. *Comunicación de certas inscricións.*

1. Cando se inscriban no Rexistro da Propiedade excesos de cabida de predios estremeiros con outros pertencentes a unha Administración pública, o rexistrador, sen prexuízo de facer constar na inscrición a limitación de efectos a que se refire o artigo 207 da Lei hipotecaria, deberao pór en coñecemento dos órganos a que corresponda a administración destas, con expresión do nome, apelidos e domicilio, se constar, da persoa ou persoas ó favor das cales se practicou a inscrición, a descrición do predio e a maior cabida inscrita.

2. Igual comunicación se deberá cursar nos supostos de inmatriculación de predios que sexan estremeiros con outros pertencentes a unha Administración pública.

3. No caso de que estes asentamentos se refiran a inmobles estremeiros con outros pertencentes á Administración xeral do Estado, a comunicación faráselle ó delegado de Economía e Facenda.

Artigo 39. *Promoción da inscrición.*

Os rexistradores da propiedade, cando tiveren coñecemento da existencia de bens ou dereitos pertencentes ás administracións públicas que non estean inscritos debidamente, comunicaránllo ós órganos a que corresponda a súa administración, para que estes insten o que proceda.

Artigo 40. *Aranceis aplicables polos rexistradores da propiedade.*

O arancel a que estea suxeita a práctica dos asentamentos reducirase na porcentaxe prevista na normativa arancelaria rexistral cando os obrigados ó pagamento sexan administracións públicas.

CAPÍTULO V

Das facultades e prerrogativas para a defensa dos patrimonios públicos

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS

Artigo 41. *Facultades e prerrogativas.*

1. Para a defensa do seu patrimonio, as administracións públicas terán as seguintes facultades e prerrogativas:

a) Investiga-la situación dos bens e dereitos que presumiblemente pertencen ó seu patrimonio.

b) Deslindar en vía administrativa os inmobles da súa titularidade.

c) Recuperar de oficio a posesión indebidamente perdida sobre os seus bens e dereitos.

d) Desafiuzar en vía administrativa os posuidores dos inmobles demaniais, unha vez extinguido o título que amparaba a tenza.

2. O coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión do exercicio pola Administración destas potestades corresponderalles ós órganos desta orde xurisdiccional.

3. As entidades públicas empresariais dependentes da Administración xeral do Estado ou vinculadas a ela e as entidades asimilables ás anteriores vinculadas ás administracións das comunidades autónomas e corporacións locais só poderán exercer-las potestades enumeradas no número 1 deste artigo para a defensa de bens que teñan o carácter de demaniais.

Artigo 42. *Adopción de medidas cautelares.*

1. Iniciado o procedemento para o exercicio das facultades e potestades expresadas no artigo anterior, o órgano competente para resolvelo poderá, de acordo co previsto no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, adoptar-las medidas provisionais que considere necesarias para asegurar-la eficacia do acto que no seu momento se poida dictar.

2. Nos casos en que exista un perigo inminente de perda ou deterioración do ben, estas medidas provisionais poderán ser adoptadas, cos requisitos sinalados no artigo 72.2 da citada lei, antes da iniciación do procedemento.

Artigo 43. *Réxime de control xudicial.*

1. Fronte ás actuacións que, en exercicio das facultades e potestades enumeradas no artigo 41 desta lei e de acordo co procedemento establecido, realicen as administracións públicas non caberá a acción para a tutela sumaria da posesión prevista no artigo 250.4.º da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. As demandas en que se exerza esta pretensión non serán admitidas a trámite.

2. Os actos administrativos dictados nos procedementos que se sigan para o exercicio destas facultades e potestades que afecten titularidades e dereitos de carácter civil só poderán ser obxecto de recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa por infracción

das normas sobre competencia e procedemento, logo do esgotamento da vía administrativa.

Quen se considere prexudicado en canto ó seu dereito de propiedade ou outros de natureza civil por estes actos poderá exercer as accións pertinentes ante os órganos da orde xurisdiccional civil, logo de reclamación en vía administrativa conforme as normas do título VIII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 44. *Comunicación de feitos punibles.*

Se con ocasión da instrución destes procedementos se descubren indicios de delicto ou falta penal, e logo de informe da Avogacía do Estado ou do órgano a que corresponda o asesoramento xurídico nas entidades públicas, poranse os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de continuar coa tramitación daqueles.

SECCIÓN 2.^a DA INVESTIGACIÓN DE BENS E DEREITOS

Artigo 45. *Facultade de investigación.*

As administracións públicas teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que presumiblemente formen parte do seu patrimonio, co fin de determinar a titularidade destes cando esta non lles conste de modo certo.

Artigo 46. *Órganos competentes.*

1. Respecto dos bens e dereitos que presumiblemente sexan da titularidade da Administración xeral do Estado, o órgano competente para acorda-la incoación do procedemento de investigación e resolvelo será o director xeral do Patrimonio do Estado.

2. Cando se trate de bens presuntamente pertencentes ó patrimonio dos organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado ou vinculados a ela, as referidas competencias corresponderanlles ós seus presidentes ou directores.

3. Nos expedientes de investigación de bens ou dereitos de titularidade da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos autónomos, será preceptivo o informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado antes de adopta-la resolución que proceda, salvo se esta fose a de arquivo do expediente.

Se os expedientes de investigación se refiren a bens ou dereitos de titularidade doutras entidades públicas dependentes da Administración xeral do Estado, será necesario o informe previo do órgano a que lle corresponda o seu asesoramento xurídico.

Artigo 47. *Procedemento de investigación.*

Regulamentariamente regularase o procedemento que se debe seguir para a investigación dos bens e dereitos, con suxeición ás seguintes normas:

a) O procedemento iniciarase de oficio, por iniciativa propia ou por denuncia de particulares. No caso de denuncia, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado resolverá sobre a súa admisibilidade e ordenará, de se-lo caso, o inicio do procedemento de investigación.

b) O acordo de incoación do procedemento de investigación publicarase gratuitamente no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo da posibilidade de utilizar adicionalmente outros medios de difusión.

Unha copia do acordo será remitida ó concello no termo do cal radique o ben, para a súa exposición ó público no taboleiro de edictos.

c) A Avogacía do Estado ou os órganos ós que lles corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas dependentes da Administración xeral do Estado deberán emitir informe sobre a admisibilidade das probas propostas polos interesados.

d) Cando se considere suficientemente acreditada a titularidade da Administración xeral do Estado sobre o ben ou dereito, declararase así na resolución que poña fin ó procedemento e procederase á súa taxación, á súa inclusión no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado e á súa inscrición no Rexistro da Propiedade, así como á adopción, de se-lo caso, de cantas medidas sexan procedentes para obter a súa posesión.

e) Se o expediente de investigación non fose resolto no prazo de dous anos contados desde o día seguinte ó da publicación prevista na letra b) deste artigo, o órgano instructor acordará sen máis trámite o arquivo das actuacións.

Artigo 48. *Premio por denuncia.*

Ás persoas que, sen estaren obrigadas a iso por razón do seu cargo ou funcións, promovan a investigación, denunciando a existencia de bens e dereitos que presumiblemente sexan de titularidade pública, aboaráselles como premio e indemnización de tódolos gastos o dez por cento do importe polo que fosen taxados na forma prevista nesta lei.

A resolución do expediente decidirá o que proceda respecto ó dereito e aboamento dos premios correspondentes.

O dereito ó premio, de se-lo caso, devengarase unha vez que o ben ou dereito fose incorporado ó patrimonio do Estado.

Artigo 49. *Asignación de predios de substitución en procedementos de concentración parcelaria.*

Non será necesario tramita-lo procedemento de investigación cando con motivo de concentracións parcelarias se lle asignen á Administración xeral do Estado predios de substitución carentes de titular.

O acto ou acordo de asignación constituirá título suficiente para a toma de posesión e inscrición destas a favor da Administración.

SECCIÓN 3.^a DO DESLINDAMENTO

Artigo 50. *Potestade de deslindamento.*

1. As administracións públicas poderán deslinda-los bens inmobles do seu patrimonio doutros pertencentes a terceiros cando os límites entre eles sexan imprecisos ou existan indicios de usurpación.

2. Unha vez iniciado o procedemento administrativo de deslindamento, e mentres dure a súa tramitación, non se poderá instar procedemento xudicial con igual pretensión.

Artigo 51. *Órganos competentes.*

1. A incoación do procedemento para deslinda-los bens patrimoniais da Administración xeral do Estado acordaraa o director xeral do Patrimonio do Estado, e corresponderalle ó ministro de Facenda a súa resolución. A instrución do procedemento corresponderalles ós delegados de Economía e Facenda.

2. No caso de bens demaniais da Administración xeral do Estado, a incoación do procedemento acordaraa o titular do departamento ministerial que os teña afectados ou ó que lle corresponda a súa xestión ou administración.

a

3. Respecto dos bens propios dos organismos públicos ou adscritos a eles, a competencia exercerana os seus presidentes ou directores.

Artigo 52. *Procedemento de deslindamento.*

Regulamentariamente regularase o procedemento que se debe seguir para o exercicio da potestade de deslindamento, con suxeición ás seguintes normas:

a) O procedemento iniciárase de oficio, por iniciativa propia ou por petición dos estremeiros. Neste caso, serán á custa súa os gastos xerados, debendo constar no expediente a súa conformidade expresa con eles. Para o cobramento destes gastos poderase segui-la vía de constrinximento.

b) O acordo de iniciación do procedemento comunicáraselle ó Rexistro da Propiedade correspondente co fin de que, por medio de nota á marxe da inscrición de dominio, se tome razón da súa incoación.

c) O inicio do procedemento publicarase gratuitamente no «Boletín Oficial del Estado» e no taboleiro de edictos do concello no termo do cal radique o inmovible que se vaia deslindar, sen prexuízo da posibilidade de utilizar adicionalmente outros medios de difusión. Igualmente, o acordo de iniciación notificáraselles a cantas persoas se coñeza que teñan dereitos sobre os predios estremeiros que se poidan ver afectados polo deslindamento.

d) A resolución pola que se aprobe o deslindamento dictarase logo de informe da Avogacía do Estado ou do órgano a que lle corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas vinculadas á Administración xeral do Estado, e deberáselles notificar ós afectados polo procedemento de deslindamento e publicarse na forma prevista no punto anterior. Unha vez que o acordo resolutorio do deslindamento sexa firme, e se resulta necesario, procederase á derrega, coa intervención dos interesados que o soliciten, e inscribírase no Rexistro da Propiedade correspondente.

e) O prazo máximo para resolve-lo procedemento de deslindamento será de 18 meses, contados desde a data do acordo de iniciación.

Transcorrido este prazo sen que se dictase e notificase a correspondente resolución, caducará o procedemento e acordarase o arquivo das actuacións.

Artigo 53. *Inscrición.*

1. Se o predio deslindado estivese inscrito no Rexistro da Propiedade, inscribírase igualmente o deslindamento administrativo referente a el, unha vez que sexa firme.

2. En todo caso, a resolución aprobatoria do deslindamento será título suficiente para que a Administración proceda á inmatriculación dos bens sempre que conteña os demais extremos esixidos polo artigo 206 da Lei hipotecaria.

Artigo 54. *Sobrantes de deslindamentos de dominio público.*

1. Os terreos sobrantes dos deslindamentos de inmovibles demaniais poderanse desafectar na forma prevista no capítulo I do título III desta lei.

2. A estes deslindamentos acudirán un representante do Ministerio de Facenda, se a competencia para efectualo non lle correspondese a este departamento, e para estes efectos o órgano competente para o deslindamento cursará a oportuna citación á Delegación de Economía e Facenda na demarcación da cal radiquen os bens de que se trate.

3. O director xeral do Patrimonio do Estado poderá instar dos departamentos ministeriais e organismos públicos competentes o deslindamento dos inmovibles demaniais, para efectos de determinar con precisión a extensión destes e a eventual existencia de terreos sobrantes.

SECCIÓN 4.^a DA RECUPERACIÓN DA POSESIÓN DOS BENS E DEREITOS DO PATRIMONIO

Artigo 55. *Potestade de recuperación posesoria.*

1. As administracións públicas poderán recuperar por si mesmas a posesión indebidamente perdida sobre os bens e dereitos do seu patrimonio.

2. Se os bens e dereitos dos que se trata de recuperar a posesión teñen a condición de demaniais, a potestade de recuperación poderase exercer en calquera tempo.

3. Se se trata de bens e dereitos patrimoniais, a recuperación da posesión en vía administrativa require que a iniciación do procedemento fose notificada antes de que transcorra o prazo dun ano, contado desde o día seguinte ó da usurpación. Pasado este prazo, para recupera-la posesión destes bens deberanse exercer-las accións correspondentes ante os órganos da orde xurisdiccional civil.

Artigo 56. *Exercicio da potestade de recuperación.*

Regulamentariamente regularase o procedemento para o exercicio da potestade de recuperación, con suxeición ás seguintes normas:

a) Logo de audiencia ó interesado e unha vez comprobado o feito da usurpación posesoria e a data en que esta se iniciou, requirirase o ocupante para que cese na súa actuación, sinalándolle un prazo non superior a oito días para iso, coa prevención de actuar na forma sinalada nos puntos seguintes se non atendese voluntariamente o requirimento.

b) En caso de resistencia ó desaloxamento, adoptaranse cantas medidas sexan conducentes á recuperación da posesión do ben ou dereito, de conformidade co disposto no capítulo V do título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para o lanzamento poderase solicita-lo auxilio das forzas e corpos de seguridade, ou imporse multas coercitivas de ata un cinco por 100 do valor dos bens ocupados, reiteradas por períodos de oito días ata que se produza o desaloxamento.

Nestes supostos, serán por conta do usurpador os gastos derivados da tramitación do procedemento de recuperación, e o seu importe, xunto co dos danos e perdas que se lles ocasionasen ós bens usurpados, poderase facer efectivo polo procedemento de constrinximento.

Artigo 57. *Órganos competentes.*

1. Respecto dos bens e dereitos da Administración xeral do Estado, as medidas expresadas no artigo anterior serán acordadas polo delegado de Economía e Facenda do lugar onde radiquen, e daráselle conta ó director xeral do Patrimonio do Estado, ou directamente por este mesmo.

De os bens ou dereitos estaren adscritos a un organismo público, ou afectados a un departamento ministerial, a competencia corresponderalle ó presidente ou director daquel ou ó ministro titular deste, se ben se deberá dar conta das medidas adoptadas á citada dirección xeral.

2. En relación cos bens dos organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela, a competencia para adoptar estas medidas corresponderalles ós seus directores ou presidentes.

SECCIÓN 5.^a DO DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO

Artigo 58. *Potestade de desafiuamento.*

As administracións públicas poderán recuperar en vía administrativa a posesión dos seus bens demaniais cando decaian ou desaparezan o título, as condicións ou as circunstancias que lexitimaban a súa ocupación por terceiros.

Artigo 59. *Exercicio da potestade de desafiuamento.*

1. Para o exercicio da potestade de desafiuamento será necesaria a previa declaración de extinción ou caducidade do título que outorgaba o dereito de utilización dos bens de dominio público.

2. Esta declaración, así como os pronunciamentos que sexan pertinentes en relación coa liquidación da correspondente situación posesoria e a determinación da indemnización que, de se-lo caso, sexa procedente, efectuaranse en vía administrativa, logo de instrución do pertinente procedemento, en que se deberá dar audiencia ó interesado.

3. A resolución que recaia, que será executiva sen prexuízo dos recursos que procedan, notificaráselle ó detentor, e será requirido para que desocupe o ben; para este fin concederáselle un prazo non superior a oito días para que proceda.

4. Se o posuidor non atendese o requirimento, procederase na forma prevista no capítulo V do título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Poderase solicitar para o lanzamento o auxilio das forzas e corpos de seguridade, ou impor multas coercitivas de ata un cinco por 100 do valor dos bens ocupados, reiteradas por períodos de oito días ata que se produza o desaloxamento.

5. Os gastos que ocasione o desaloxamento serán por conta do detentor, e poderase facer efectivo o seu importe pola vía de constrinximento.

Artigo 60. *Órganos competentes.*

A competencia para o desafiuamento corresponde-lle ó ministro titular do departamento ou ó presidente ou director do organismo público que teña afectados ou adscritos os bens.

CAPÍTULO VI

Da cooperación na defensa dos patrimonios públicos

Artigo 61. *Colaboración do persoal ó servizo da Administración.*

1. O persoal ó servizo das administracións públicas está obrigado a colaborar na protección, defensa e administración dos bens e dereitos dos patrimonios públicos. Para tal fin facilitaránlles ós órganos competentes en materia patrimonial cantos informes e documentos soliciten en relación con eles, prestarán o auxilio e a cooperación que precisen para o adecuado exercicio das súas competencias, e porán no seu coñecemento os feitos que puidesen ser lesivos para a integridade física dos bens ou conculca-los dereitos que puidesen detenta-las administracións públicas sobre eles.

2. En particular, as forzas e corpos de seguridade, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, prestaránlles ós órganos competentes para o exercicio das potestades previstas no artigo 41 desta lei a asistencia que precisen para a execución forzosa dos actos que dicten.

Artigo 62. *Colaboración cidadá.*

Os cidadáns estarán obrigados a achegar ás administracións públicas, por requirimento destas, cantos datos, documentos e informes consten no seu poder que sexan relevantes para a xestión e defensa dos seus bens e dereitos, así como a lles facilita-la realización de inspeccións e outros actos de investigación referidos a eles.

Artigo 63. *Notificación de determinados actos e contratos.*

1. Os notarios que interveñan en calquera acto ou contrato non outorgado polo ministro de Facenda, o director xeral do Patrimonio do Estado ou os delegados de Economía e Facenda sobre bens ou dereitos dos que lle corresponda a titularidade á Administración xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela, remitiranlle a este centro directivo unha copia simple da correspondente escritura, e deixarán manifestación na escritura matriz de que se procedeu a tal comunicación. O rexistrador da propiedade non inscribirá ningunha escritura en que falte esta manifestación do notario.

2. Cando a práctica dos asentamentos rexistrals se poida efectuar en virtude de documento administrativo, os rexistradores da propiedade estarán obrigados a cursar igual comunicación, con remisión de copia do documento presentado e indicación da data do asentamento de presentación, cando aquel non teña sido outorgado polos órganos expresados no punto anterior.

Artigo 64. *Facilitación de información.*

A Dirección Xeral do Catastro, os Rexistros da Propiedade e os restantes rexistros ou arquivos públicos deberán facilitar, de forma gratuíta, á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por requirimento desta, a información de que dispoñan sobre os bens ou dereitos dos que a titularidade lle corresponda á Administración xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados a ela ou dependentes dela, así como todos aqueles datos ou informacións que sexan necesarios para a adecuada xestión ou actualización do inventario xeral, ou para o exercicio das potestades enumeradas no artigo 41 desta lei. De igual forma, poderán solicitar esta información as administracións públicas e os organismos públicos, a través dos seus presidentes ou directores, respecto dos seus bens.

TÍTULO III

Dos bens e dereitos públicos

CAPÍTULO I

Afectación, desafectación e mutación de destino dos bens e dereitos

Artigo 65. *Afectación de bens e dereitos patrimoniais ó uso xeral ou ó servizo público.*

A afectación determina a vinculación dos bens e dereitos a un uso xeral ou a un servizo público, e a súa conseguinte integración no dominio público.

Artigo 66. *Forma da afectación.*

1. Salvo que a afectación derive dunha norma con rango legal, esta deberá facela o órgano competente en virtude de acto expreso, en que se indicará o ben ou dereito a que se refira, o fin a que se destina, a circunstancia de quedar aquel integrado no dominio público e o órgano a que lle corresponda o exercicio das competencias demaniais, incluídas as relativas á súa administración, defensa e conservación.

2. Sen prexuízo do sinalado no punto anterior e do disposto no artigo 73 desta lei, producirán os mesmos efectos da afectación expresa os feitos e actos seguintes:

a) A utilización pública, notoria e continuada pola Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos de bens e dereitos da súa titularidade para un servizo público ou para un uso xeral.

b) A adquisición de bens ou dereitos por usucapión, cando os actos posesorios que determinaron a prescripción adquisitiva vinculasen o ben ou dereito ó uso xeral ou a un servizo público, sen prexuízo dos dereitos adquiridos sobre eles por terceiras persoas ó abeiro das normas de dereito privado.

c) A adquisición de bens e dereitos por expropiación forzosa, suposto en que, de conformidade co disposto no artigo 24.2 desta lei, os bens ou dereitos adquiridos se entenderán afectados ó fin determinante da declaración de utilidade pública ou interese social.

d) A aprobación polo Consello de Ministros de programas ou plans de actuación xeral, ou proxectos de obras ou servizos, cando deles resulte a vinculación de bens ou dereitos determinados a fins de uso ou servizo público.

e) A adquisición dos bens mobles necesarios para o desenvolvemento dos servizos públicos ou para a decoración de dependencias oficiais.

3. O departamento ministerial ou organismo público que tivese coñecemento dos feitos ou realizase actuacións das previstas nas alíneas a) a d) do punto anterior, deberallo comunicar á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado para a súa adecuada regularización, sen prexuízo do exercicio das funcións de administración, protección e defensa que lle correspondan.

4. Os inmobles en construción entenderanse afectados ó departamento con cargo ós créditos orzamentarios do cal se efectúe a edificación.

Unha vez finalizada a obra daráselle conta á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado da súa recepción e da inscrición da obra nova. Este centro directivo procederá a dicta-los actos de regularización necesarios.

5. Poderase acorda-la afectación a un departamento ministerial ou organismo público de bens e dereitos que non se vaian dedicar de forma inmediata a un servizo público, cando sexa previsible a súa utilización para estes fins tralo transcurso dun prazo ou o cumprimento de determinadas condicións que se farán constar na resolución que acorde a afectación.

Artigo 67. *Afectacións concorrentes.*

1. Os bens e dereitos do patrimonio do Estado poderán ser obxecto de afectación a máis dun uso ou servizo da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, sempre que os diversos fins concorrentes sexan compatibles entre si.

2. A resolución en que se acorde a afectación a máis dun fin ou servizo determinará as facultades que

lles corresponden ós diferentes departamentos ou organismos, respecto da utilización, administración e defensa dos bens e dereitos afectados.

Artigo 68. *Procedemento para a afectación de bens e dereitos.*

1. A afectación dos bens e dereitos do patrimonio do Estado ós departamentos ministeriais compételle ó ministro de Facenda. A instrucción do procedemento compételle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que o incoará de oficio, por iniciativa propia ou por proposta do departamento ministerial interesado na afectación.

2. A orde ministerial de afectación, que deberá contelas mencións requiridas polo artigo 66.1 desta lei, producirá efectos a partir da recepción dos bens polo departamento a que se destinen e mediante subscrición da correspondente acta polo representante designado por tal departamento e o nomeado pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado. Unha vez subscripta a acta, o departamento a que se afectaron os bens ou dereitos utilizará estes de acordo co fin sinalado, e exercerá respecto deles as correspondentes competencias demaniais.

3. A afectación dos bens e dereitos dos organismos públicos ó cumprimento dos fins, funcións ou servizos que teñan encomendados será acordada polo ministro titular do departamento do que dependan, por proposta do seu presidente ou director.

Artigo 69. *Desafectación dos bens e dereitos de dominio público.*

1. Os bens e dereitos demaniais perderán esta condición, adquirindo a de patrimoniais, nos casos en que se produza a súa desafectación, por deixar de destinarse ó uso xeral ou ó servizo público.

2. Salvo nos supostos previstos nesta lei, a desafectación deberase realizar sempre de forma expresa.

Artigo 70. *Procedemento para a desafectación dos bens e dereitos demaniais.*

1. Os bens e dereitos afectados a fins ou servizos dos departamentos ministeriais serán desafectados polo ministro de Facenda.

A incoación e instrucción do procedemento compételle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por iniciativa propia ou por proposta do departamento que tivese afectados os bens ou dereitos ou ó que correspondese a súa xestión e administración, logo de depuración da súa situación física e xurídica.

2. A desafectación dos bens e dereitos integrados no patrimonio da Administración xeral do Estado requirirá, para a súa efectividade, da súa recepción formal polo Ministerio de Facenda, ben mediante acta de entrega subscripta por un representante designado polo departamento a que estiveron afectados os bens ou dereitos e outro designado pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, ou ben mediante acta de toma de posesión levantada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

3. Os bens e dereitos demaniais de titularidade dos organismos públicos que estes teñan afectados para o cumprimento dos seus fins serán desafectados polo ministro titular do departamento de que dependan, por proposta do seu presidente ou director.

4. A desafectación dos bens mobles adquiridos polos departamentos ministeriais, ou que tivesen afectados, será competencia do titular do departamento.

Artigo 71. Mutacións demaniais.

1. A mutación demanial é o acto en virtude do cal se efectúa a desafectación dun ben ou dereito do patrimonio do Estado, con simultánea afectación a outro uso xeral, fin ou servizo público da Administración xeral do Estado ou dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela.

2. As mutacións demaniais deberanse efectuar de forma expresa, salvo o previsto no punto seguinte para o caso de reestruturación de órganos.

3. Nos casos de reestruturación orgánica observarase, no que respecta ó destino dos bens e dereitos que teñan afectados ou adscritos os órganos ou organismos que se supriman ou reformen, o que se estableza na correspondente disposición. De non se ter previsto nada sobre este particular, entenderase que os bens e dereitos continúan vinculados ós mesmos fins e funcións, e consideraranse afectados ó órgano ou organismo a que se lle atribuíron as respectivas competencias sen necesidade de declaración expresa.

4. Regulamentariamente regularanse os termos e as condicións en que os bens e dereitos demaniais da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos se poderán afectar a outras administracións públicas para destinalos a un determinado uso ou servizo público da súa competencia. Este suposto de mutación entre administracións públicas non alterará a titularidade dos bens nin o seu carácter demanial, e será aplicable ás comunidades autónomas cando estas prevean na súa lexislación a posibilidade de afectar bens demaniais da súa titularidade á Administración xeral do Estado ou ós seus organismos públicos para a súa dedicación a un uso ou servizo da súa competencia.

Artigo 72. Procedemento para a mutación demanial.

1. A mutación de destino dos bens inmoebles da Administración xeral do Estado ou afectos ó cumprimento de fins ou servizos desta compéttelle ó ministro de Facenda. A incoación e instrucción do correspondente procedemento será acordada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por iniciativa propia ou por proposta do departamento ou organismo interesado.

2. A orde de mutación demanial requirirá para a súa efectividade da sinatura dunha acta, con intervención da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e os departamentos ou organismos interesados.

3. A mutación de destino dos bens mobles do patrimonio do Estado será realizada polos propios departamentos ou organismos interesados nela. Para isto as partes formalizarán as correspondentes actas de entrega e recepción, que perfeccionarán o cambio de destino dos bens de que se trate, e constituirán título suficiente para as respectivas altas e baixas nos inventarios de bens mobles dos departamentos.

4. A mutación de destino dos bens e dereitos demaniais propios dos organismos públicos para o cumprimento dentro do organismo dos seus fins ou servizos públicos será acordada polo ministro titular do departamento de que dependan, por proposta do seu presidente ou director. As mutacións de destino de bens e dereitos demaniais propios ou adscritos dun organismo, para o cumprimento de fins ou servizos doutro organismo ou da Administración xeral do Estado, serán acordadas polo ministro de Facenda, por proposta conxunta das dúas entidades.

5. No caso previsto no número 3 do artigo anterior, os departamentos ministeriais ou os organismos públicos a que queden afectados os bens ou dereitos comunicaránlle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a mutación operada, para que se proceda a tomar razón dela no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado.

Se a adaptación da situación patrimonial á reforma orgánica producida esixise unha distribución dos bens entre varios departamentos ou organismos, esta comunicación deberase cursar co acordo expreso de todos eles. Na falta de acordo, cada departamento ou organismo remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado unha proposta de distribución dos bens e o ministro de Facenda resolverá en último termo sobre a afectación.

CAPÍTULO II**Adscrición e desadscrición de bens e dereitos****Artigo 73. Adscrición.**

1. Os bens e dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado poderán ser adscritos ós organismos públicos dependentes daquela para a súa vinculación directa a un servizo da súa competencia, ou para o cumprimento dos seus fins propios. En ámbolos casos, a adscrición levará implícita a afectación do ben ou dereito, que pasará a integrarse no dominio público.

2. Igualmente, os bens e dereitos propios dun organismo público poderán ser adscritos ó cumprimento de fins propios doutro.

3. A adscrición non alterará a titularidade sobre o ben.

Artigo 74. Procedemento para a adscrición.

1. A adscrición será acordada polo ministro de Facenda. A instrucción do correspondente procedemento compete á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que o incoará de oficio ou por proposta do organismo ou organismos públicos interesados, cursada a través do departamento de que dependan.

2. A adscrición requirirá, para a súa efectividade, da sinatura da correspondente acta, outorgada por representantes da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e do organismo ou organismos respectivos.

Artigo 75. Carácter finalista da adscrición.

1. Os bens e dereitos deberanse destinar ó cumprimento dos fins que motivaron a súa adscrición, e na forma e coas condicións que, de se-lo caso, se establecesen no correspondente acordo. A alteración posterior destas condicións deberá autorizala expresamente o ministro de Facenda.

2. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado verificará a aplicación dos bens e dereitos ó fin para o que foron adscritos, e poderá adoptar para estes efectos cantas medidas sexan necesarias.

Artigo 76. Competencias dos organismos públicos en relación cos bens adscritos.

Respecto ós bens e dereitos que teñan adscritos, correspóndelles ós organismos públicos o exercicio das competencias demaniais, así como a vixilancia, protección xurídica, defensa, administración, conservación, mantemento e demais actuacións que requira o correcto uso e utilización destes.

Artigo 77. Desadscrición por incumprimento do fin.

1. Se os bens ou dereitos adscritos non fosen destinados ó fin previsto dentro do prazo que, de se-lo caso, se tiver fixado, ou deixasen de selo posteriormente, ou se incumprise calquera outra condición establecida para a súa utilización, o director xeral do Patrimonio do Estado poderá cursar un requirimento ó organismo a que se

adscribiron os bens ou dereitos para que se axuste no seu uso ó sinalado no acordo de adscrición, ou proporlle ó ministro de Facenda a desadscrición destes.

2. Igual opción se dará no caso de que o organismo que teña adscritos os bens non exerza as competencias que lle corresponden de acordo co artigo anterior.

3. No caso en que se proceda á desadscrición dos bens por incumprimento do fin, o titular do ben ou dereito poderá esixi-lo valor dos detrimentos ou deterioracións experimentados por eles, actualizados ó momento en que se produza a desadscrición, ou o custo da súa rehabilitación, logo de taxación.

Artigo 78. Desadscrición por innecesiedade dos bens.

1. Cando os bens ou dereitos adscritos deixen de ser necesarios para o cumprimento dos fins que motivaron a adscrición, procederase á súa desadscrición logo de regularización, de se-lo caso, da súa situación física e xurídica polo organismo correspondente.

2. Para estes efectos, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado incoará e tramitará o correspondente procedemento, por propia iniciativa ou en virtude da comunicación que, comprobada a innecesiedade de tales bens ou dereitos, está obrigado a cursa-lo organismo que os tivese adscritos, e elevará ó ministro de Facenda a proposta que sexa procedente.

Artigo 79. Recepción dos bens.

A desadscrición, que levará implícita a desafectación, requirirá, para a súa efectividade, da recepción formal do ben ou dereito que se documentará na correspondente acta de entrega, subscrita por representantes da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e do organismo ou organismos, ou en acta de toma de posesión levantada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

CAPÍTULO III

Incorporación ó patrimonio da Administración Xeral do Estado de bens dos organismos públicos

Artigo 80. Supostos de incorporación.

1. Os bens inmoables e dereitos reais dos organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado que non lles sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins incorporaranse, logo de desafectación, de se-lo caso, ó patrimonio desta.

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior e, en consecuencia, poderán ser alleados polos organismos públicos, os bens adquiridos por eles co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico patrimonial de acordo cos seus fins peculiares.

3. No caso de entidades públicas empresariais que, en virtude das súas normas de creación ou os seus estatutos, teñan recoñecidas facultades para o alleamento dos seus bens, cando os inmoables ou dereitos reais deixen de lles ser necesarios deberanlle comunicar esta circunstancia ó director xeral do Patrimonio do Estado.

Artigo 81. Procedemento para a incorporación de bens.

1. Serán de aplicación á incorporación as normas sobre competencia e procedemento establecidas no artigo 78 desta lei. A recepción formal dos bens será documentada polo Ministerio de Facenda na forma prevista no artigo 79 desta lei.

2. No caso de supresión de organismos públicos, a incorporación dos seus bens ó patrimonio da Administración xeral do Estado efectuarase mediante a toma de posesión destes polo Ministerio de Facenda, que se documentará na correspondente acta. Para estes efectos, o departamento de que dependa o organismo comunicarlle a súa supresión á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, e xuntarlle a esta comunicación unha relación dos bens propios daquel.

3. Respecto dos bens e dereitos dos organismos autónomos que, en virtude das súas normas de creación ou os seus estatutos, teñan atribuídas facultades para o seu alleamento, o ministro de Facenda poderá acordala non incorporación do inmoable ou dereito ó patrimonio da Administración xeral do Estado, suposto en que o organismo titular quedará facultado para proceder ó seu alleamento conforme o previsto na sección 2.^a do capítulo V do título V desta lei.

CAPÍTULO IV

Publicidade do tráfico xurídico dos bens e dereitos

Artigo 82. Constancia no inventario.

Os actos de afectación, mutación demanial, desafectación, adscrición, desadscrición e incorporación faranse constar no correspondente inventario patrimonial.

Artigo 83. Réxime de publicidade rexistral.

1. Se os actos a que se refire o artigo anterior tivesen por obxecto bens inmoables ou dereitos reais sobre eles, tomarase razón deles no Rexistro da Propiedade mediante nota marxinal ou inscrición a favor do novo titular, segundo proceda. Para a práctica deste asentamento será título suficiente a acta correspondente.

2. Tratándose de bens do patrimonio do Estado, o rexistrador non practicará a inscrición, cando non sexa asinante da acta un representante da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, se non se acredita que se efectuou a preceptiva comunicación do acto a este centro directivo para a súa constancia no Inventario Xeral.

3. No caso de supresión de organismos públicos, a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor da Administración xeral do Estado practicarase coa presentación da disposición en virtude da cal se produciu a supresión do organismo.

TÍTULO IV

Uso e explotación dos bens e dereitos

CAPÍTULO I

Utilización dos bens e dereitos de dominio público

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAL

Artigo 84. Necesidade de título habilitante.

1. Ninguén pode, sen título que o autorice outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilízalos en forma que exceda o dereito de uso que, de se-lo caso, corresponde a todos.

2. As autoridades responsables da tutela e defensa do dominio público vixiarán o cumprimento do establecido no punto anterior e, de se-lo caso, actuarán contra quen, carecendo de título, ocupen bens de dominio público ou se beneficien dun aproveitamento especial sobre eles, e para este fin exercerán as facultades e prerrogativas previstas no artigo 41 desta lei.

3. As concesións e autorizacións sobre bens de dominio público rexeranse en primeiro termo pola lexislación especial reguladora daquelas e, na falta de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta lei.

SECCIÓN 2.^a UTILIZACIÓN DOS BENS DESTINADOS Ó USO XERAL

Artigo 85. *Tipos de uso dos bens de dominio público.*

1. Considérase uso común dos bens de dominio público o que corresponde por igual e de forma indistinta a tódolos cidadáns, de modo que o uso por uns non impide o dos demais interesados.

2. É uso que implica un aproveitamento especial do dominio público o que, sen impedi-lo uso común, supón a concorrencia de circunstancias tales como a súa perigosidade ou intensidade, preferencia en casos de escaseza, a obtención dunha rendibilidade singular ou outras semellantes, que determinan un exceso de utilización sobre o uso que corresponde a todos ou un menoscabo deste.

3. É uso privativo o que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limita ou exclúe a súa utilización por outros interesados.

Artigo 86. *Títulos habilitantes.*

1. O uso común dos bens de dominio público pode realizarse libremente, sen máis limitacións que as derivadas da súa natureza, o establecido nos actos de afectación ou adscrición, e nas disposicións que sexan de aplicación.

2. O aproveitamento especial dos bens de dominio público, así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles, estarán suxeitos a autorización ou, se a duración do aproveitamento ou uso excede de catro anos, a concesión.

3. O uso privativo dos bens de dominio público que determine a súa ocupación con obras ou instalacións fixas deberá estar amparado pola correspondente concesión administrativa.

SECCIÓN 3.^a UTILIZACIÓN DOS BENS E DEREITOS DESTINADOS A UN SERVICIO PÚBLICO

Artigo 87. *Bens destinados á prestación de servicios públicos regrados.*

A utilización dos bens e dereitos destinados á prestación dun servicio público supeditarase ó disposto nas súas normas reguladoras e, subsidiariamente, rexerase por esta lei.

Artigo 88. *Bens destinados a outros servicios públicos.*

Os bens destinados a outros servicios públicos utilizaranse de conformidade co previsto no acto de afectación ou adscrición e, no seu defecto, polo establecido nesta lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 89. *Ocupación de espacios en edificios administrativos.*

A ocupación por terceiros de espacios nos edificios administrativos do patrimonio do Estado poderá admitirse, con carácter excepcional, cando se efectúe para dar soporte a servicios dirixidos ó persoal destinado neles ou ó público visitante, como cafeterías, oficinas banca-

rias, caixeiros automáticos, oficinas postais ou outros análogos, ou para a explotación marxinal de espacios non necesarios para os servicios administrativos.

Esta ocupación non poderá entorpecer ou menoscaba-la utilización do inmovible polos órganos ou unidades aloxados nel, e deberá estar amparada pola correspondente autorización, se se efectúa con bens mobles ou instalacións desmontables, ou concesión, se se produce por medio de instalacións fixas, ou por un contrato que permita a ocupación, formalizado de acordo co previsto no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Artigo 90. *Autorizacións especiais de uso sobre bens afectados ou adscritos.*

1. O ministro titular do departamento ou o presidente ou director do organismo que tivese afectados ou adscritos bens do patrimonio do Estado, poderá autoriza-lo seu uso a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas, logo de informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por catro anos, prorrogables por igual prazo.

2. Estas autorizacións serán outorgadas polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda, cando se trate de fundacións estatais e organismos internacionais, sen suxeición ás limitacións de prazo e destino expresadas no punto anterior.

3. Igualmente, non se suxeitarán ós requisitos previstos no número 1 deste artigo as autorizacións de uso por prazo inferior a 30 días, ou para a organización de conferencias, seminarios, presentacións ou outros eventos. O órgano competente deberá fixar no acto de autorización, tanto as condicións de utilización do inmovible, establecendo o necesario para que esta non interfira o seu uso polos órganos administrativos que o tivesen afectado ou adscrito, como a contraprestación que deberá satisfacerlo solicitante, de acordo co sinalado no número 5 do artigo 92 desta lei.

SECCIÓN 4.^a AUTORIZACIÓNS E CONCESIÓNS DEMANIAIS

Artigo 91. *Condicións das autorizacións e concesións.*

1. O ministro de Facenda, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, poderá aprobar condicións xerais para o outorgamento de categorías determinadas de concesións e autorizacións sobre bens e dereitos do patrimonio do Estado, que deberán ser publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

2. En defecto de condicións xerais, as concesións e autorizacións axustaranse ás que estableza o ministro titular do departamento a que se encontren afectados os bens ou de que dependan os organismos públicos que sexan os seus titulares ou que os teñan adscritos. Estas condicións poderán ter un alcance xeral, para categorías determinadas de autorizacións e concesións de competencia do departamento, ou establecerse para supostos concretos, e a súa aprobación requirirá, en todo caso, informe previo favorable do ministro de Facenda, que será igualmente preceptivo e vinculante cando se pretenda establecer excepcións ás condicións aprobadas con carácter xeral por este.

3. As condicións para o outorgamento de autorizacións e concesións poderán considera-la imposición ó titular de obrigas accesorias, tales como a adquisición de valores, a adopción e mantemento de determinados requisitos societarios, ou outras de análoga natureza, cando así se considere necesario por razóns de interese público.

4. As autorizacións e concesións que habiliten para unha ocupación de bens de dominio público que sexa necesaria para a execución dun contrato administrativo deberán ser outorgadas pola Administración que sexa a súa titular, e consideraranse accesorias daquel. Estas autorizacións e concesións estarán vinculadas a este contrato para efectos de outorgamento, duración e vixencia e transmisibilidade, sen prexuízo da aprobación e dos informes a que se refiren os puntos anteriores deste artigo.

Non será necesario obter estas autorizacións ou concesións cando o contrato administrativo habilite para a ocupación dos bens de dominio público.

Artigo 92. *Autorizacións.*

1. As autorizacións outorgaráselles directamente ós peticionarios que reúnan as condicións requiridas, salvo se, por calquera circunstancia, se encontrase limitado o seu número, caso en que o serán en réxime de concorrencia e se isto non fose procedente, por non ter que se valorar condicións especiais nos solicitantes, mediante sorteo, se outra cousa non estiver establecida nas condicións polas que se rexen.

2. Non serán transmisibles as autorizacións para o outorgamento das cales se deban ter en conta circunstancias persoais do autorizado ou o número das cales se encontre limitado, salvo que as condicións polas que se rexen admitan a súa transmisión.

3. As autorizacións deberanse outorgar por tempo determinado. O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, será de catro anos.

4. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaban o uso xeral.

5. As autorizacións poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou con condicións, ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal regulada no capítulo VIII do título I da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, ou ás taxas previstas nas súas normas especiais.

Non estarán suxeitas á taxa cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público non comporte unha utilidade económica para a persoa autorizada ou, mesmo existindo esta utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Nos casos previstos no parágrafo anterior farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou clausulado da autorización.

6. Ó solicitante de autorizacións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público, calquera que sexa o réxime económico que lles resulte de aplicación, poderáselle esixir garantía, na forma que se coide máis adecuada, do uso do ben e da súa reposición ou reparación, ou indemnización de danos, en caso de alteración. O cobramento dos gastos xerados, cando excedese da garantía prestada, poderase facer efectivo pola vía de constrinximento.

7. Sen prexuízo dos demais extremos que poidan incluí-las condicións xerais ou particulares, o acordo de

autorización de uso de bens e dereitos demaniais incluírá, polo menos:

- a) O réxime de uso do ben ou dereito.
- b) O réxime económico a que queda suxeita a autorización.
- c) A garantía que se vaia prestar, de se-lo caso.
- d) A asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utiliza-lo ben segundo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe.
- e) O compromiso de previa obtención á súa custa de cantas licencias e permisos requira o uso do ben ou a actividade que se vaia realizar sobre el.
- f) A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, con mención, de se-lo caso, da obrigatoriedade de formaliza-la oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía suficiente.
- g) A aceptación da revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no número 4 deste artigo.
- h) A reserva por parte do ministerio ou organismo cedente da facultade de inspecciona-lo ben obxecto de autorización, para garantir que este se use de acordo cos termos da autorización.
- i) O prazo e réxime de prórroga e subrogación que, en todo caso, requirirá a previa autorización.
- j) As causas de extinción.

8. O disposto neste precepto será de aplicación ás autorizacións especiais de uso previstas no artigo 90 desta lei, no que non sexa incompatible co seu obxecto e finalidade.

Artigo 93. *Concesións demaniais.*

1. O outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. Non obstante, poderase acorda-lo outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis.

2. Calquera que fose o procedemento seguido para a adxudicación, unha vez outorgada a concesión deberá procederse á súa formalización en documento administrativo. Este documento será título suficiente para inscribi-la concesión no Rexistro da Propiedade.

3. As concesións outorgaranse por tempo determinado. O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor nas normas especiais que sexan de aplicación.

4. As concesións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou condición, ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal regulada no capítulo VIII do título I da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, ou ás taxas previstas nas súas normas especiais.

Non estarán suxeitas á taxa cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público non comporte unha utilidade económica para o concesionario ou, mesmo existindo esta utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Nos casos previstos no parágrafo anterior farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou clausulado da concesión.

5. Sen prexuízo dos demais extremos que poidan incluí-las condicións xerais ou particulares que se aproben, o acordo de outorgamento da concesión incluírá, polo menos, as mencións establecidas para as autorizacións no número 7 do artigo 92 desta lei, salvo a relativa á revogación unilateral sen dereito a indemnización.

Artigo 94. Prohibicións para ser titular de concesións demaniais.

En ningún caso poderán ser titulares de concesións sobre bens e dereitos demaniais as persoas en que conorra algunha das prohibicións de contratar reguladas no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Cando, posteriormente ó outorgamento da concesión, o titular incorra nalgunha das prohibicións de contratación producirase a extinción da concesión.

Artigo 95. Competencia para o outorgamento de autorizacións e concesións.

As concesións e autorizacións sobre os bens e dereitos demaniais do patrimonio do Estado serán outorgadas polos ministros titulares dos departamentos a que se encontren afectados, ou corresponda a súa xestión ou administración, ou polos presidentes ou directores dos organismos públicos que os teñan adscritos ou ó patrimonio dos cales pertencen.

Artigo 96. Outorgamento de autorizacións e concesións en réxime de concorrencia.

1. O procedemento para o outorgamento das autorizacións e concesións en réxime de concorrencia poderase iniciar de oficio ou por solicitude de persoa interesada.

2. Para a iniciación de oficio de calquera procedemento de outorgamento dunha autorización ou concesión, o órgano competente deberá xustificar a necesidade ou conveniencia desta para o cumprimento dos fins públicos que lle competen, que o ben debe continuar sendo de dominio público, e a procedencia da adxudicación directa, de se-lo caso.

3. A iniciación de oficio realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», ou no da comunidade autónoma, ou provincia, segundo cal sexa a Administración actuante, sen prexuízo da posibilidade de usar outros medios adicionais de difusión. Os interesados disporán dun prazo de trinta días para presentaren as correspondentes peticións.

4. Nos procedementos iniciados de oficio por petición de particulares, a Administración poderá, por medio de anuncio público, invitar a outros posibles interesados a presentar solicitudes. Se non media este acto de invitación, daráselles publicidade ás solicitudes que se presenten, a través da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», da comunidade autónoma ou da provincia, dependendo do ámbito competencial da Administración actuante, e sen prexuízo da posible utilización doutros medios adicionais de difusión, e abrirase un prazo de 30 días durante o cal poderán presentar solicitudes alternativas outros interesados.

5. Para decidir sobre o outorgamento da concesión ou autorización, atenderase ó maior interese e utilidade pública da utilización ou aproveitamento solicitado, que

se valorarán en función dos criterios especificados nos pregos de condicións.

6. O prazo máximo para resolve-lo procedemento será de seis meses. Poderase considerar desestimada a solicitude en caso de non se notificar resolución dentro dese prazo.

Artigo 97. Dereitos reais sobre obras en dominio público.

1. O titular dunha concesión dispón dun dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que construíse para o exercicio da actividade autorizada polo título da concesión.

2. Este título outórgalle ó seu titular, durante o prazo de validez da concesión e dentro dos límites establecidos na presente sección desta lei, os dereitos e as obrigas do propietario.

Artigo 98. Transmisión de dereitos reais.

1. Os dereitos sobre as obras, construcións e instalacións de carácter inmobiliario a que se refire o artigo precedente só poden ser cedidos ou transmitidos mediante negocios xurídicos entre vivos ou por causa de morte ou mediante a fusión, absorción ou escisión de sociedades, polo prazo de duración da concesión, a persoas que contén coa previa conformidade da autoridade competente para outorga-la concesión.

2. Os dereitos sobre as obras, construcións e instalacións só poderán ser hipotecados como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión para financia-la realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.

En todo caso, para constituí-la hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión. Se na escritura de constitución da hipoteca non constase esta autorización, o rexistrador da propiedade denegará a inscrición.

As hipotecas constituídas sobre estes bens e dereitos extingúense coa extinción do prazo da concesión.

Artigo 99. Titulización de dereitos de cobramento.

1. Os dereitos de cobramento dos créditos con garantía hipotecaria a que se refire o segundo punto do artigo precedente poderán ser cedidos total ou parcialmente mediante a emisión de participacións hipotecarias a fondos de titulización hipotecaria, que se rexerán polo disposto na Lei 19/1992, do 7 de xullo, de institucións de investimento colectivo e as disposicións que a desenvolvan.

2. Poderanse incorporar a fondos de titulización de activos, coa previa autorización do Consello de Ministros, por proposta conxunta do de Economía e do competente por razón da materia, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, valores que representen participacións en dereitos de cobramento do concesionario derivados da explotación económica da concesión de acordo coas condicións establecidas no título concesional e conforme o previsto na lexislación aplicable a estes fondos de titulización de activos.

Artigo 100. Extinción das autorizacións e concesións demaniais.

As concesións e autorizacións demaniais extingúense polas seguintes causas:

a) Morte ou incapacidade sobrevida do usuario ou concesionario individual, ou extinción da personalidade xurídica.

b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario.

c) Caducidade por vencemento do prazo.

d) Rescate da concesión, logo de indemnización, ou revogación unilateral da autorización.

e) Mutuo acordo.

f) Falta de pagamento do canon ou calquera outro incumprimento grave das obrigas do titular da concesión, declarados polo órgano que outorgou a concesión ou autorización.

g) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.

h) Desafectación do ben, caso en que se procederá á súa liquidación conforme o previsto no artigo 102 desta lei.

i) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexan.

Artigo 101. *Destino das obras á extinción do título.*

1. Cando se extinga a concesión, as obras, construcións e instalacións fixas existentes sobre o ben demanial deberán ser demolidas polo titular da concesión ou, por execución subsidiaria, pola Administración a costa do concesionario, a menos que o seu mantemento fose previsto expresamente no título concesional ou que a autoridade competente para outorga-la concesión así o decida.

2. En tal caso, as obras, construcións e instalacións serán adquiridas gratuitamente e libres de cargas e gravames pola Administración xeral do Estado ou o organismo público que outorgase a concesión.

3. En caso de rescate anticipado da concesión conforme o previsto na alínea d) do artigo anterior, o titular será indemnizado do prexuízo material xurdido da extinción anticipada. Os dereitos dos acredores hipotecarios a garantía dos cales apareza inscrita no Rexistro da Propiedade na data en que se produza o rescate serán tomados en conta para determina-la contía e os receptores da indemnización.

4. Os acredores hipotecarios serán notificados da apertura dos expedientes que se sigan para extingui-la concesión por incumprimento das súas cláusulas e condicións conforme o previsto na alínea f) do artigo anterior, para que poidan comparecer en defensa dos seus dereitos e, de se-lo caso, propoñan un terceiro que poida substituí-lo concesionario que viñese incumprindo as cláusulas da concesión.

Artigo 102. *Liquidación de concesións e autorizacións sobre bens desafectados.*

1. Á proposta de desafectación de bens e dereitos do patrimonio da Administración xeral do Estado sobre os que existan autorizacións ou concesións deberásele xunta-la oportuna memoria xustificativa da conveniencia ou necesidade da supresión do carácter de dominio público do ben e dos termos, condicións e consecuencias de tal perda sobre a concesión.

2. Se se desafectasen os bens obxecto de concesións ou autorizacións, procederase á extinción destas conforme as seguintes regras:

a) Declararase a caducidade daquelas en que se cumprise o prazo para o seu disfrute ou respecto das cales a Administración tiver reservado para si a facultade de libre rescate sen sinalamento de prazo.

b) Respecto das restantes, irase dictando a súa caducidade a medida que venzan os prazos establecidos nos correspondentes acordos.

3. Mentres non se proceda á súa extinción, manteranse con idéntico contido as relacións xurídicas derivadas destas autorizacións e concesións. Non obstante, estas relacións xurídicas pasarán a rexerse polo dereito privado, e corresponderalle á orde xurisdiccional civil coñecer dos litixios que xurdan en relación con elas.

4. Cando os bens desafectados pertencen ó patrimonio da Administración xeral do Estado, o órgano competente para declara-la caducidade das relacións xurídicas derivadas das concesións e autorizacións outorgadas cando os bens eran de dominio público será o ministro de Facenda. Neste mesmo caso, corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado esixir-los dereitos e cumprir-los deberes que deriven destas relacións xurídicas, mentres manteñan a súa vixencia.

5. O Ministerio de Facenda poderá acorda-la expropiación dos dereitos se considerase que o seu mantemento durante o termo da súa vixencia legal prexudica o ulterior destino dos bens ou os fai desmerecer considerablemente para efectos do seu alleamento.

Artigo 103. *Dereito de adquisición preferente.*

1. Cando se acorde o alleamento oneroso de bens patrimoniais, os titulares de dereitos vixentes sobre eles que resulten de concesións outorgadas cando os bens tiñan a condición de demaniais terán dereito preferente á súa adquisición. A adquisición concretarase no ben ou dereito, ou a parte deste, obxecto da concesión, sempre que sexa susceptible de alleamento.

2. Este dereito poderá ser exercido dentro dos 20 días naturais seguintes a aquel en que se lles notifiquen en forma que faga fe a decisión de allea-lo predio, o prezo e as demais condicións esenciais da transmisión. En caso de falta de notificación, ou se o alleamento se efectúa en condicións distintas das notificadas, o dereito poderase exercer dentro dos 30 días naturais seguintes a aquel en que se inscribise a venda no Rexistro da Propiedade.

3. O dereito de adquisición preferente non xurdirá en caso de cesión gratuita do ben ou de transferencia de titularidade, por calquera negocio xurídico, a favor de administracións públicas, organismos delas dependentes, fundacións ou institucións públicas ou organismos internacionais. Neste suposto, os que recibisen os bens sobre os que recaían os dereitos establecidos en favor de beneficiarios de concesións ou autorizacións poderán liberalos, á súa costa, nos mesmos termos que a Administración xeral do Estado. Se se producise a reversión dos bens ou dereitos cedidos, os cesionarios non terán ningún dereito por razón das indemnizacións satisfeitas con motivo daquela liberación.

Artigo 104. *Reservas demaniais.*

1. A Administración xeral do Estado poderá reservar para si o uso exclusivo de bens da súa titularidade destinados ó uso xeral para a realización de fins da súa competencia, cando existan razóns de utilidade pública ou interese xeral que o xustifiquen.

2. A duración da reserva limitarase ó tempo necesario para o cumprimento dos fins para os que se acordou.

3. A declaración de reserva efectuarase por acordo do Consello de Ministros, que se deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado» e inscribirse no Rexistro da Propiedade.

4. A reserva prevalecerá fronte a calquera outro posible uso dos bens e levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, para efectos expropiatorios, dos dereitos preexistentes que resulten incompatibles con ela.

CAPÍTULO II

Aproveitamento e explotación dos bens e dereitos patrimoniaisArtigo 105. *Órganos competentes.*

1. A explotación dos bens e dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado que non estean destinados a ser alleados e sexan susceptibles de aproveitamento rendible será acordada polo ministro de Facenda, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, cando o prazo polo que se concede esta explotación sexa superior a un ano. Se o prazo inicial de explotación non excede dun ano, a referida competencia corresponderalle ó director xeral do Patrimonio do Estado.

2. Os presidentes ou directores dos organismos públicos determinarán a forma de explotación dos bens e dereitos patrimoniais que sexan da propiedade destes.

3. A atribución do uso de bens ou dereitos patrimoniais por prazo inferior a 30 días ou para a organización de conferencias, seminarios, presentacións ou outros eventos non se suxeitará ós requisitos deste capítulo. O órgano competente fixará no acto de autorización tanto as condicións da utilización coma a contraprestación que deberá satisfacerlo solicitante.

4. As administracións públicas territoriais poden instala-la mellora do aproveitamento e explotación dos bens e dereitos patrimoniais mediante a presentación de proxectos que afecten a estes bens e dereitos. Os proxectos seguirán os principios a que se refire o artigo 8 desta lei e os órganos competentes estudarán e, de se-lo caso, resolverán as peticións contidas nestes proxectos que afecten a estes bens e dereitos.

Artigo 106. *Contratos para a explotación de bens patrimoniais.*

1. A explotación dos bens ou dereitos patrimoniais poderase efectuar a través de calquera negocio xurídico, típico ou atípico.

2. Serán de aplicación a estes negocios as normas contidas no capítulo I do título V desta lei.

3. Os contratos para a explotación dos bens ou dereitos patrimoniais non poderán ter unha duración superior a 20 anos, incluídas as prórrogas, salvo causas excepcionais debidamente xustificadas.

4. Poderanse concertar contratos de arrendamento con opción de compra sobre inmoables do patrimonio do Estado con suxeición ás mesmas normas de competencia e procedemento aplicables ós alleamentos.

Artigo 107. *Procedemento de adxudicación.*

1. Os contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais adxudicaranse por concurso salvo que, polas peculiaridades do ben, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa. As circunstancias determinantes da adxudicación directa deberanse xustificar suficientemente no expediente.

2. As bases do correspondente concurso ou as condicións da explotación dos bens patrimoniais someteranse a previo informe da Avogacía do Estado ou do órgano a que lle corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas vinculadas á Administración xeral do Estado.

3. Os contratos e demais negocios xurídicos para a explotación de bens formalizaranse na forma prevista no artigo 113 desta lei e rexeranse polas normas de dereito privado correspondentes á súa natureza, coas especialidades previstas nesta lei.

4. Por petición do adxudicatario poderase prorrogalo contrato para a explotación de bens patrimoniais, por un prazo que non poderá exceder da metade do inicial, se o resultado da explotación fíxese aconsellable esta medida.

5. A subrogación dun terceiro nos dereitos e obrigas do adxudicatario requirirá a autorización expresa do órgano competente para adxudica-lo contrato.

Artigo 108. *Froitos e rendas patrimoniais.*

1. As rendas, froitos ou percepcións de calquera clase ou natureza producidos polos bens patrimoniais da Administración xeral do Estado ingresaranse no Tesouro Público con aplicación ós pertinentes conceptos do orzamento de ingresos, facéndose efectivos con suxeición ás normas e ós procedementos do dereito privado.

2. Se a explotación implicase a entrega doutros bens, dereitos ou servizos, estes integraranse no patrimonio da Administración xeral do Estado ou do organismo público co carácter de patrimoniais.

Artigo 109. *Administración e explotación de propiedades incorporais.*

1. Correspóndelle ó Ministerio de Facenda, por proposta, de se-lo caso, do ministerio que as xerese, a administración e explotación das propiedades incorporais da Administración xeral do Estado, salvo que por acordo do Consello de Ministros se lle encomenden a outro departamento ministerial ou organismo público.

2. Os presidentes ou directores dos organismos públicos serán os órganos competentes para dispo-la administración e explotación das propiedades incorporais de que aqueles sexan titulares.

3. A utilización de propiedades incorporais que, por aplicación da lexislación especial, entrasen no dominio público, non devengará ningún dereito en favor das administracións públicas.

TÍTULO V

Xestión patrimonial

CAPÍTULO I

Disposicións xeraisArtigo 110. *Réxime xurídico dos negocios patrimoniais.*

1. Os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre bens e dereitos patrimoniais rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento e, no non previsto nestas normas, pola lexislación de contratos das administracións públicas. Os seus efectos e extinción rexeranse por esta lei e as normas de dereito privado.

2. Nas entidades públicas empresariais e nos organismos públicos Portos do Estado e Autoridades Portuarias, a preparación e adxudicación destes negocios, así como a competencia para adopta-los correspondentes actos, rexeranse, en primeiro termo, polo establecido nas súas normas de creación ou nos seus estatutos, con aplicación, en todo caso, das previsións recollidas no artigo 147 desta lei.

3. A orde xurisdiccional civil será a competente para resolve-las controversias que xurdan sobre estes contratos entre as partes. Non obstante, consideraranse

actos xurídicos separables os que se dicten en relación coa súa preparación e adxudicación e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa de acordo coa súa normativa reguladora.

Artigo 111. *Liberdade de pactos.*

1. Os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre os bens e dereitos patrimoniais están suxeitos ó principio de liberdade de pactos. A Administración pública poderá, para a consecución do interese público, concertar-las cláusulas e condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarias ó ordenamento xurídico, ou ós principios de boa administración.

2. En particular, os negocios xurídicos dirixidos á adquisición, explotación, alleamento, cesión ou permuta de bens ou dereitos patrimoniais poderán conter a realización polas partes de prestacións accesorias relativas ós bens ou dereitos obxecto deles, ou a outros integrados no patrimonio da Administración contratante, sempre que o cumprimento de tales obrigas se encontre suficientemente garantido. Estes negocios complexos tramitaranse en expediente único, e rexeranse polas normas correspondentes ó negocio xurídico patrimonial que constitúa o seu obxecto principal.

Artigo 112. *Expediente patrimonial.*

1. Poderanse establecer pregos xerais de pactos e condicións para determinadas categorías de contratos que deberán ser sometidos a informe, con carácter previo á súa aprobación, da Avogacía do Estado ou do órgano a que lle corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas vinculadas á Administración xeral do Estado.

2. En todo caso, os actos aprobatorios dos negocios patrimoniais incorporarán os pactos e condicións reguladores dos dereitos e obrigas das partes, que deberán ser sometidos a informe previo da Avogacía do Estado ou do órgano a que lle corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas vinculadas á Administración xeral do Estado.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado emitirá informe previo nos procedementos de alleamento directo e permuta de bens ou dereitos cun valor superior a 1.000.000 de euros, nos de explotación cunha renda anual que exceda esta contía, e nos de cesión gratuíta que teñan que ser autorizados polo Consello de Ministros. Este informe examinará especialmente as implicacións orzamentarias e económico-financeiras da operación.

4. Cando o contrato orixine gastos para a Administración xeral do Estado ou os seus organismos autónomos, deberá constar no expediente o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa e, de se-lo caso, ser obxecto de fiscalización previa de acordo co Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, e as súas disposicións de desenvolvemento.

5. Os informes previstos nos puntos anteriores deberán emitir no prazo de 10 días.

Artigo 113. *Formalización.*

1. Os negocios xurídicos de adquisición ou alleamento de bens inmobles e dereitos reais formalizaranse en escritura pública. Os arrendamentos e demais negocios xurídicos de explotación de inmobles, cando sexan susceptibles de inscrición no Rexistro da Propiedade, deberán formalizarse en escritura pública para poderen

ser inscritos. Os gastos xerados por iso serán por conta da parte que solicitase a citada formalización.

2. As cesións gratuítas de bens inmobles ou dereitos reais sobre eles formalizaranse en documento administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, cando o cesionario sexa outra Administración pública, organismo ou entidade vinculada ou dependente.

3. Compételle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado realiza-los trámites conducentes á formalización notarial dos contratos e demais negocios xurídicos sobre bens e dereitos da Administración xeral do Estado a que se refire este título.

No outorgamento das escrituras terá a representación da Administración xeral do Estado o director xeral do Patrimonio do Estado ou funcionario en quen delegue.

4. Os actos de formalización que, de se-lo caso, se requiran nas adquisicións derivadas do exercicio da potestade de expropiación e do dereito de reversión, serán efectuados polo ministerio ou organismo que os inste.

5. O arancel notarial que deba satisfacer a Administración pública pola formalización dos negocios patrimoniais reducirase na porcentaxe prevista na normativa arancelaria notarial.

Artigo 114. *Taxacións periciais e informes técnicos.*

1. As valoracións, taxacións, informes técnicos e demais actuacións periciais que se deban realizar para o cumprimento do disposto nesta lei deberán explicitar-las parámetros en que se fundamentan, e poderán ser efectuadas por persoal técnico dependente do departamento ou organismo que administre os bens ou dereitos ou que solicitase a súa adquisición ou arrendamento, ou por técnicos facultativos do Ministerio de Facenda. Estas actuacións poderánselles igualmente encargar a sociedades de taxación debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades de Taxación do Banco de España e empresas legalmente habilitadas, con suxeición ó establecido na lexislación de contratos.

2. En todo caso, as taxacións periciais e os informes técnicos requiridos para a adquisición ou o arrendamento de inmobles deberá achegalos o departamento interesado na apertura do correspondente procedemento, sen prexuízo de que a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado poida revisa-las valoracións efectuadas.

3. A taxación deberá ser aprobada polo director xeral do Patrimonio do Estado ou, no caso de organismos públicos, polo órgano competente para concluí-lo negocio correspondente. Cando nun expediente constasen taxacións discrepantes, a aprobación recaerá sobre a que se considere máis axustada ó valor do ben.

4. De forma motivada, poderase modifica-la taxación cando esta non xustifique adecuadamente a valoración dalgúns elementos determinantes, cando razóns de especial idoneidade do inmovble lle outorguen un valor para a Administración distinto do valor de mercado, ou cando concorran feitos ou circunstancias non apreciados na taxación.

5. As taxacións terán un prazo de validez dun ano, contado desde a súa aprobación.

CAPÍTULO II

Adquisicións a título oneroso

Artigo 115. *Negocios xurídicos de adquisición.*

1. Para a adquisición de bens ou dereitos a Administración poderá concluír calquera contrato, típico ou atípico.

2. A Administración poderá, así mesmo, concertar negocios xurídicos que teñan por obxecto a constitución ó seu favor dun dereito á adquisición de bens ou dereitos. Serán de aplicación a estes contratos as normas de competencia e procedemento establecidas para a adquisición dos bens ou dereitos a que se refiran, aínda que o expediente de gasto se tramitará unicamente polo importe correspondente á prima que, de se-lo caso, se tiver establecido para conceder-la opción.

Artigo 116. Procedemento de adquisición de inmobles ou dereitos sobre eles.

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, a competencia para adquirir a título oneroso bens inmobles ou dereitos sobre eles correspóndelle ó ministro de Facenda, que poderá exercerla por propia iniciativa, cando o coide conveniente para atender-las necesidades que, segundo as previsións efectuadas, poidan xurdir no futuro, ou por petición razoada do departamento interesado, á que lle deberá xuntar, cando se propoña a adquisición directa de inmobles ou dereitos, a correspondente taxación. A tramitación do procedemento corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

2. A adquisición de inmobles ou dereitos sobre eles polos organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela efectuaraa o seu presidente ou director, logo do informe favorable do ministro de Facenda.

3. O expediente de adquisición deberánselle incorporar-los seguintes documentos:

a) Unha memoria en que se xustificará a necesidade ou conveniencia da adquisición, o fin ou fins a que se pretende destina-lo inmovible e o procedemento de adxudicación que, conforme o establecido no punto seguinte e de forma xustificada, se propoña seguir.

b) O informe da Avogacía do Estado, ou do órgano a que lle corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas vinculadas á Administración xeral do Estado sobre as condicións da adquisición proxectada.

c) A taxación do ben ou dereito, debidamente aprobada, que incorporará o correspondente estudio de mercado.

4. A adquisición terá lugar mediante concurso público, salvo que se acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade que se deba satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben. Igualmente, poderase acordar-la adquisición directa nos seguintes supostos:

a) Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ó sector público. Para estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ó sector público a sociedade mercantil no capital da cal sexa maioritaria a participación directa ou indirecta dunha ou varias administracións públicas ou persoas xurídicas de dereito público.

b) Cando fose declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.

c) Cando se adquira a un copropietario unha cota dun ben, en caso de condominio.

d) Cando a adquisición se efectúe en virtude do exercicio dun dereito de adquisición preferente.

5. Se a adquisición se tivese que realizar mediante concurso, a correspondente convocatoria publicarase no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo dos demais medios de publicidade que se puidesen utilizar.

6. O importe da adquisición poderá ser obxecto dun aprazamento de ata catro anos, con suxeición ós trámites previstos para os compromisos de gastos futuros.

Artigo 117. Adquisición de edificios en construción.

1. A adquisición de inmobles en construción pola Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos poderá acordarse excepcionalmente por causas debidamente xustificadas e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) O valor do solo e da parte do edificio xa edificada debe ser superior ó da porción que se encontra pendente de construción.

b) A adquisición deberase acordar por un prezo determinado ou determinable segundo parámetros certos.

c) No momento do asinamento da escritura pública de adquisición, sen prexuízo dos aprazamentos que se poidan concertar, só se poderá aboa-lo importe correspondente ó solo e á obra realizada, segundo certificación dos servizos técnicos correspondentes.

d) O resto do prezo poderase aboar no momento da entrega do inmovible ou contra as correspondentes certificacións de obra conformadas polos servizos técnicos.

e) O prazo previsto para a súa terminación e entrega á Administración adquirente non poderá exceder de dous anos.

f) O vendedor deberá garantir suficientemente a entrega do edificio terminado no prazo e condicións pactados.

g) O adquirente deberá establecer-los mecanismos necesarios para asegurar que o inmovible se axusta ás condicións estipuladas.

2. A adquisición de inmobles en construción pola Administración xeral do Estado será acordada polo ministro de Facenda. A adquisición destes inmobles polos organismos públicos requirirá o previo informe favorable do ministro de Facenda.

3. Poderanse adquirir edificios en construción mediante a entrega, total ou parcial, doutros bens inmobles ou dereitos sobre eles, nas condicións sinaladas no número 1 anterior.

Artigo 118. Adquisición de bens inmobles no estranxeiro.

A adquisición pola Administración xeral do Estado de bens inmobles sitios no estranxeiro e dereitos sobre eles será acordada polo ministro de Facenda ou polo ministro de Asuntos Exteriores, logo de informe favorable daquel, segundo o departamento no orzamento do cal estean consignados os créditos con cargo ós cales se vaia efectuar-la adquisición.

Artigo 119. Adquisición de bens por redución de capital ou fondos propios.

1. A Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela poderán adquirir bens e dereitos por redución de capital de sociedades ou de fondos propios de organismos públicos, ou por restitución de achegas a fundacións.

2. A incorporación ó patrimonio da Administración xeral do Estado requirirá o asinamento dunha acta de entrega entre un representante da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e outro da sociedade, entidade ou fundación do capital ou fondos propios da cal proceda o ben ou dereito.

Artigo 120. Adquisición de bens mobles.

1. A adquisición de bens mobles pola Administración xeral do Estado ou os seus organismos autónomos

rexerese pola lexislación que regula a contratación das administracións públicas.

2. Así mesmo, a adquisición de bens mobles polas entidades públicas empresariais vinculadas á Administración xeral do Estado rexerese pola lexislación que regula a contratación das administracións públicas nos supostos en que esta resulte de aplicación e, no seu defecto, polo establecido nas súas normas de creación ou nos seus estatutos.

Artigo 121. Adquisición de dereitos de propiedade incorporal.

1. A adquisición dos dereitos de propiedade incorporal pola Administración xeral do Estado efectuaráase o ministro de Facenda, por proposta, de se-lo caso, do titular do departamento interesado nela.

2. No caso de organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado, serán órganos competentes para a adquisición dos dereitos de propiedade incorporal os seus presidentes ou directores.

3. En canto non sexa incompatible coa natureza destes dereitos, será de aplicación a estas adquisicións o establecido nesta lei para a adquisición de inmobles e dereitos sobre eles.

4. Cando a adquisición de dereitos de propiedade incorporal teña lugar en virtude de contratos administrativos, aplicarase o disposto na lexislación de contratos das administracións públicas. A adquisición destes dereitos por medio de convenios de colaboración axustarase ás súas normas especiais e ó establecido nos propios convenios.

CAPÍTULO III

Arrendamento de inmobles

Artigo 122. Arrendamento de inmobles pola Administración xeral do Estado.

1. Compételle ó ministro de Facenda arrendar os bens inmobles que a Administración xeral do Estado precise para o cumprimento dos seus fins, por petición, de se-lo caso, do departamento interesado. Igualmente, compete ó ministro de Facenda declara-la prórroga, novación, resolución anticipada ou cambio de órgano ou organismo ocupante. A instrución destes procedementos corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

2. Unha vez concertado o arrendamento, corresponderalle ó departamento ou organismo que ocupe o inmoble o exercicio dos dereitos e facultades e o cumprimento das obrigas propias do arrendatario.

Artigo 123. Arrendamento de inmobles por organismos públicos.

1. O arrendamento de bens inmobles polos organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela, así como a prórroga, novación, ou resolución anticipada dos correspondentes contratos efectuarana os presidentes ou directores daqueles, ós que tamén lles corresponderá a súa formalización.

2. No caso de que estes contratos se refiran a edificios administrativos, será necesario para a súa conclusión o previo informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

3. Será de aplicación a estes contratos o previsto no artigo 126.1 desta lei.

Artigo 124. Procedemento para o arrendamento de inmobles.

1. Os arrendamentos concertaranse mediante concurso público salvo que, de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade que se vaia satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben, se considere necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

2. As propostas de arrendamento, así como as de novación e prórroga, serán sometidas a informe técnico, que recollerá o correspondente estudo de mercado, e da Avogacía do Estado ou do órgano a que lle corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas vinculadas á Administración xeral do Estado.

3. No caso de arrendamentos que concerte a Administración xeral do Estado, a solicitude do Ministerio estará acompañada da oferta do arrendador e do informe técnico previsto no punto anterior.

4. A formalización dos contratos de arrendamento da Administración xeral do Estado e as súas modificacións serán efectuadas polo director xeral do Patrimonio do Estado ou o funcionario en quen delegue. Non obstante, o ministro de Facenda, ó acordalo arrendamento ou a súa novación, poderalles encomenda-la formalización destes contratos ós subsecretarios dos departamentos ministeriais.

Artigo 125. Arrendamento de parte do dereito de uso ou utilización compartida de inmobles.

O establecido neste capítulo será de aplicación ós arrendamentos que permitan o uso dunha parte por definir ou concretar dun inmoble ou a utilización dun inmoble de forma compartida con outros usuarios, sen especifica-lo espacia físico que utilizará cada un en cada momento.

Artigo 126. Utilización do ben arrendado.

1. Os contratos de arrendamento concertaranse con expresa mención de que o inmoble arrendado poderá ser utilizado por calquera órgano da Administración xeral do Estado ou dos organismos públicos dela dependentes.

2. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por proposta do ministerio correspondente, poderá autoriza-la concertación do arrendamento para a utilización exclusiva do inmoble por un determinado órgano da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos cando existan razóns de interese público que así o aconsellen.

Artigo 127. Resolución anticipada do contrato.

1. Cando o departamento ministerial ou organismo público que ocupe o inmoble arrendado prevexa deixalo libre con anterioridade ó termo pactado ou á expiración das prórrogas legais ou contractuais, comunicarallo á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado cunha antelación mínima de tres meses á data prevista para o desaloxamento.

2. De consideralo procedente, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado dará traslado da dita comunicación ós diferentes departamentos ministeriais, que poderán solicitar, no prazo dun mes, a posta á disposición do inmoble.

A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado resolverá sobre o departamento ou organismo que deba ocupa-lo inmoble.

Esta resolución notificaráselle ó arrendador, para o que será obrigatoria a novación contractual sen que proceda o incremento da renda.

Artigo 128. Contratos mixtos.

1. Para a conclusión de contratos de arrendamento financeiro e outros contratos mixtos de arrendamento con opción de compra aplicaranse as normas de competencia e procedemento establecidas para a adquisición de inmobles.

2. Para os efectos previstos no artigo 61 do Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, os contratos de arrendamento con opción de compra, arrendamento financeiro e contratos mixtos a que se refiren os puntos precedentes reputaranse contratos de arrendamento.

CAPÍTULO IV**Conservación dos bens****Artigo 129. Conservación dos bens e dereitos demaniais.**

1. A conservación dos bens e dereitos de dominio público compete ó ministerio ou organismo público a que se encontren afectados ou adscritos, ou a que corresponda a súa administración.

2. No caso de que sobre o ben se teña imposto unha ou varias afectacións concorrentes conforme o artigo 67 desta lei, a participación dos diversos departamentos ou organismos na conservación poderase determinar mediante acordos ou protocolos de actuación entre eles. En defecto de acordo, o ministro de Facenda fixará a forma de participación de cada un deles.

Artigo 130. Conservación dos bens e dereitos patrimoniais.

1. A conservación dos bens e dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado compete á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a través das delegacións de Economía e Facenda.

2. A conservación dos bens e dereitos patrimoniais dos organismos públicos dependentes da Administración xeral do Estado ou vinculados a ela compételles ós organismos que sexan os seus titulares.

CAPÍTULO V**Alleamento e gravame****SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS****Artigo 131. Bens e dereitos alleables.**

1. Os bens e dereitos patrimoniais do patrimonio do Estado que non sexan necesarios para o exercicio das competencias e funcións propias da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos poderán ser alleados conforme as normas establecidas neste capítulo.

2. Non obstante, poderase acorda-lo alleamento de bens do patrimonio do Estado con reserva do uso temporal destes cando, por razóns excepcionais debidamente xustificadas, resulte conveniente para o interese público. Esta utilización temporal poderase instrumentar a través da formalización de contratos de arrendamento ou calquera outro que habilite para o uso dos bens alleados, simultáneos ó negocio de alleamento e sometidos ás mesmas normas de competencia e procedemento que este.

Artigo 132. Negocios xurídicos de alleamento.

1. O alleamento dos bens e dereitos do patrimonio do Estado poderase efectuar en virtude de calquera negocio xurídico traslativo, típico ou atípico, de carácter oneroso. O alleamento a título gratuito só será admisible nos casos en que, conforme as normas da sección 5.^a deste capítulo, se acorde a súa cesión.

2. A achega de bens ou dereitos da Administración xeral do Estado a sociedades mercantís, entes públicos ou fundacións públicas estatais será acordada polo ministro de Facenda, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado logo de taxación aprobada do ben ou dereito e informe da Avogacía do Estado, e sen prexuízo do establecido na lexislación mercantil e no título VII desta lei.

Artigo 133. Ingresos por alleamentos.

O produto do alleamento dos bens e dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado ingresarase no Tesouro e, de conformidade co previsto no artigo 71 do Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, poderá xerar crédito nos correspondentes estados de gastos da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Artigo 134. Aprazamento de pagamento.

O órgano competente para allea-los bens ou dereitos poderará admiti-lo pagamento aprazado do prezo de venda, por un período non superior a 10 anos e sempre que o pagamento das cantidades aprazadas se garanta suficientemente mediante condición resolutoria explícita, hipoteca, aval bancario, seguro de caución ou outra garantía suficiente usual no mercado. O xuro de aprazamento non poderá ser inferior ó xuro legal do diñeiro.

SECCIÓN 2.^a ALLEAMENTO DE INMOBLES**Artigo 135. Competencia.**

1. O órgano competente para allea-los bens inmobles da Administración xeral do Estado será o ministro de Facenda. A incoación e tramitación do expediente corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

2. En relación cos inmobles e dereitos reais pertencentes ós organismos públicos serán competentes para acorda-lo seu alleamento os seus presidentes ou directores ou, se así está previsto nas súas normas de creación ou nos seus estatutos, os órganos colexiados de dirección.

3. Nos supostos previstos nos dous puntos anteriores, cando o valor do ben ou dereito, segundo taxación, exceda de 20 millóns de euros, o alleamento deberá ser autorizado polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda.

Artigo 136. Trámites previos ó alleamento.

1. Antes do alleamento do inmueble ou dereito real procederase a depura-la situación física e xurídica deste, practicándose o deslindamento se for necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade se aínda non o estiver.

2. Non obstante, poderanse vender sen suxeición ó disposto no punto anterior bens que se segreguen

doutros de titularidade de quen os allee, ou en trámite de inscrición, deslindamento ou suxeitos a cargas ou gravames, sempre que estas circunstancias se poñan en coñecemento do adquirente e sexan aceptadas por este.

Artigo 137. *Formas de alleamento.*

1. O alleamento dos inmobles poderase realizar mediante concurso, poxa ou adxudicación directa.

2. O procedemento ordinario para o alleamento de inmobles será o concurso. Neste caso, a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa, tendo en conta os criterios que se establecesen nos correspondentes pregos.

3. Unicamente se utilizará a poxa nos supostos previstos regulamentariamente e, en todo caso, respecto de bens que, pola súa situación, natureza ou características, sexan inadecuados para atender as directrices derivadas das políticas públicas a que se refire o número 2 do artigo 8 desta lei e, en particular, da política de vivenda.

A poxa poderase realizar á alza ou á baixa, e, de se-lo caso, con presentación de ofertas en sobre pechado; poderase acudir igualmente a sistemas de poxa electrónica. A modalidade da poxa determinarase atendendo ás circunstancias do alleamento, e a adxudicación efectuarase a favor de quen presente a oferta económica máis vantaxosa.

No caso de que a adxudicación resulte falida por non se poder formaliza-lo contrato por causa imputable ó adxudicatario, o alleamento poderase realizar a favor do licitador que presentase a seguinte oferta máis vantaxosa ou proceder ó alleamento directo do ben.

4. Poderase acorda-la adxudicación directa nos seguintes supostos:

a) Cando o adquirente sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ó sector público. Para estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ó sector público a sociedade mercantil no capital da cal sexa maioritaria a participación directa ou indirecta dunha ou varias administracións públicas ou persoas xurídicas de dereito público.

b) Cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, ou unha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa legalmente recoñecida.

c) Cando o inmovible resulte necesario para dar cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas nas alíneas a) e b).

d) Cando fose declarada deserta a poxa ou concurso promovidos para o alleamento ou estes resultasen falidos como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a súa celebración. Neste caso, as condicións do alleamento non poderán ser inferiores ás anunciadas previamente ou a aquelas en que se tiver producido a adxudicación.

e) Cando se trate de soares que pola súa forma ou pequena extensión resulten inedificables e a venda se realice a un propietario estremeiro.

f) Cando se trate de predios rústicos que non cheguen a constituír unha superficie economicamente explotable ou non sexan susceptibles de prestar unha utilidade acorde coa súa natureza, e a venda se efectúe a un propietario estremeiro.

g) Cando a titularidade do ben ou dereito corresponda a dous ou máis propietarios e a venda se efectúe a favor dun ou máis copropietarios.

h) Cando a venda se efectúe a favor de quen posúa un dereito de adquisición preferente recoñecido por disposición legal.

i) Cando por razóns excepcionais se considere conveniente efectua-la venda a favor do ocupante do inmovible.

5. Cando varios interesados se encontraren nun mesmo suposto de adxudicación directa, resolverase esta atendendo ó interese xeral concorrente no caso concreto.

6. A participación en procedementos de adxudicación requirirá o ingreso dun 25 por cento do prezo de venda en concepto de fianza.

Artigo 138. *Procedemento de alleamento.*

1. O expediente de alleamento de bens inmobles e dereitos sobre eles pertencentes ó patrimonio da Administración xeral do Estado será instruído pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado que o iniciará de oficio, por iniciativa propia ou por solicitude de parte interesada na adquisición, sempre que considere, xustificándoo debidamente no expediente, que o ben ou dereito non é necesario para o uso xeral ou o servizo público nin resulta conveniente a súa explotación. O acordo de incoación do procedemento levará implícita a declaración de alleabilidade dos bens a que se refira.

Poderase acorda-lo alleamento dos inmobles por lotes e, nos supostos de alleamento directo, admitirse a entrega doutros inmobles ou dereitos sobre eles en pagamento de parte do prezo de venda, valorados de conformidade co artigo 114 desta lei.

2. O tipo da poxa ou o prezo do alleamento directo fixarao o órgano competente para o alleamento de acordo coa taxación aprobada. De igual forma, os pregos que rexerán o concurso determinarán os criterios que se deban ter en conta na adxudicación, atendendo ás directrices que resulten das políticas públicas da aplicación das cales se trate. En todo caso, os pregos farán referencia á situación física, xurídica e rexistral do predio.

3. A convocatoria do procedemento de alleamento publicarase gratuitamente no «Boletín Oficial del Estado» e no da provincia en que radique o ben e remitirase ó concello do correspondente termo municipal para a súa exhibición no taboleiro de anuncios, sen prexuízo da posibilidade de utilizar, ademais, outros medios de publicidade, atendida a natureza e as características do ben.

A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado poderá establecer outros mecanismos complementarios tendentes a difundir información sobre os bens inmobles en proceso de venda, incluída a creación, con suxeición ás previsións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, de ficheiros cos datos das persoas que voluntaria e expresamente soliciten que lles sexa remitida información sobre tales bens.

4. A suspensión do procedemento, unha vez efectuado o anuncio, só se poderá efectuar por orde do ministro de Facenda, cando se trate de bens da Administración xeral do Estado, ou por acordo dos presidentes ou directores dos organismos públicos, cando se trate de bens propios destes, con fundamento en documentos que fagan fe ou en feitos acreditados que proben a improcedencia da venda.

5. O ministro de Facenda, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, ou os presidentes ou directores dos organismos públicos acordarán, logo de informe da Avogacía do Estado ou do órgano ó que lle corresponda o asesoramento xurídico das entidades públicas, o alleamento ou a súa improcedencia, se considerase prexudicial para o interese público a adxudicación nas condicións propostas ou se, por razóns sobre-

vidas, considerasen necesario o ben para o cumprimento de fins públicos, sen que a instrución do expediente, a realización da poxa ou a valoración das proposicións presentadas xeren ningún dereito para os que optaron á súa compra.

Artigo 139. *Achega a xuntas de compensación.*

1. A incorporación da Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos a xuntas de compensación coa achega de inmobles ou dereitos sobre eles pertencentes ó patrimonio do Estado rexerá pola lexislación urbanística vixente, logo de adhesión expresa. Corresponderalle a realización dos distintos actos que requira esta participación ó órgano competente para a súa administración e xestión.

2. No caso de inmobles afectados ou adscritos que resulten incluídos no ámbito dunha xunta de compensación en que os usos previstos non resulten compatibles cos fins que motivaron a afectación ou adscrición, os departamentos ou organismos titulares deberán propo-la súa desafectación ou desadscrición á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, sempre que non sexan imprescindibles para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 140. *Alleamento de inmobles litixiosos.*

1. Poderanse allear bens litixiosos do patrimonio do Estado sempre que na venda se observen as seguintes condicións:

a) No caso de venda por concurso ou por poxa, no prego de bases farase mención expresa e detallada do obxecto, partes e referencia do litixio concreto que afecta o ben e deberase preve-la plena asunción, por quen resulte adxudicatario, dos riscos e consecuencias que deriven do litixio.

b) Nos supostos legalmente previstos de venda directa deberá constar no expediente documentación acreditativa de que o adquirente coñece o obxecto e o alcance do litixio e que coñece e asume as consecuencias e os riscos derivados de tal litixio.

En ámbolos casos, a asunción polo adquirente das consecuencias e riscos derivados do litixio figurará necesariamente na escritura pública en que se formalice o alleamento.

2. Se o litixio se formulase unha vez iniciado o procedemento de alleamento e este se encontrase nunha fase en que non fose posible o cumprimento do establecido no punto anterior, retrotraeranse as actuacións ata a fase que permita o cumprimento do indicado nos citados números.

3. O ben considerárase litixioso desde que o órgano competente para o alleamento teña constancia formal do exercicio, ante a xurisdicción que proceda, da acción correspondente e do seu contido.

Artigo 141. *Alleamento de bens inmobles no estranxeiro.*

O alleamento de bens inmobles e dereitos sobre eles da Administración xeral do Estado no estranxeiro será acordada polo ministro de Asuntos Exteriores, logo de informe favorable do ministro de Facenda.

SECCIÓN 3.^a ALLEAMENTO DE MOBLES

Artigo 142. *Competencia.*

1. A competencia para allea-los bens mobles do patrimonio do Estado correspóndelle ó titular do depar-

tamento ou ó presidente ou director do organismo público que os tivese afectados ou adscritos ou que os viñese utilizando.

2. O acordo de alleamento implicará a desafectación dos bens e a súa baixa en inventario.

Artigo 143. *Procedemento.*

1. O alleamento terá lugar mediante poxa pública por bens individualizados ou por lotes. Non obstante, cando o ministerio ou organismo considere de forma razoada que se trata de bens obsoletos, percedoiros ou deteriorados polo uso ou concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 137.4 desta lei, o alleamento poderase efectuar de forma directa.

2. Consideraranse obsoletos ou deteriorados polo uso, para efectos do número anterior, aqueles bens cun valor no momento da súa taxación para venda inferior ó 25 por cento do de adquisición.

3. Os bens mobles poderán ser cedidos gratuitamente polo departamento ou organismo respectivo a outras administracións públicas ou a organismos ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, sen as limitacións previstas na sección 5.^a, cando non fose posible vendelos ou entregalos como parte do prezo doutra adquisición, ou cando se considere de forma razoada que non alcanzan o 25 por cento do valor que tiveron no momento da súa adquisición. Se non fose posible ou non procedese a súa venda ou cesión, poderase acordar-la súa destrución, inutilización ou abandono. O acordo de cesión levará implícita a desafectación dos bens.

4. Aplicaranse supletoriamente ás poxas de mobles as normas de procedemento establecidas no artigo 137 desta lei.

5. O alleamento de bens mobles polas entidades públicas empresariais vinculadas á Administración xeral do Estado rexerá, en primeiro termo, polo establecido nas súas normas de creación ou nos seus estatutos.

SECCIÓN 4.^a ALLEAMENTO DE DEREITOS DE PROPIEDAD INCORPORAL

Artigo 144. *Alleamento de dereitos de propiedade incorporal.*

1. O órgano competente para o alleamento dos dereitos de propiedade incorporal de titularidade da Administración xeral do Estado será o ministro de Facenda, por iniciativa, de se-lo caso, do titular do departamento que os xerá ou que tivese encomendada a súa administración e explotación.

2. O alleamento dos dereitos de propiedade incorporal dos organismos públicos efectuarao o seu presidente ou director.

3. O alleamento verificarase mediante poxa pública. Non obstante, cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 137.4 desta lei, o alleamento poderase efectuar de forma directa.

4. Aplicaráselles supletoriamente ás poxas destes dereitos as normas de procedemento establecidas no artigo 137 desta lei.

SECCIÓN 5.^a CESIÓN GRATUÍTA DE BENS OU DEREITOS

Artigo 145. *Concepto.*

1. Os bens e dereitos patrimoniais da Administración xeral do Estado, cando a súa afectación ou explotación non se xulgue previsible, poderán ser cedidos gratuitamente, para a realización de fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia, a comunidades

autónomas, entidades locais, fundacións públicas ou asociacións declaradas de utilidade pública.

2. Igualmente, estes bens e dereitos poderán ser cedidos a Estados estranxeiros e organizacións internacionais, cando a cesión se efectúe no marco de operacións de mantemento da paz, cooperación policial ou axuda humanitaria, e para a realización de fins propios destas actuacións.

3. A cesión poderá ter por obxecto a propiedade do ben ou dereito ou só o seu uso. En ámbolos casos, a cesión comportará para o cesionario a obriga de destinalos bens ó fin expresado no correspondente acordo. Adicionalmente, esta transmisión poderase suxeitar a condición, termo ou modo, que se rexerán polo disposto no Código civil.

4. Cando a cesión teña por obxecto a propiedade do ben ou dereito só poderán ser cesionarios as comunidades autónomas, entidades locais ou fundacións públicas.

Artigo 146. *Competencia.*

1. A cesión de bens da Administración xeral do Estado acordaráa o ministro de Facenda, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e logo de informe da Avogacía do Estado.

2. Non obstante, cando a cesión se efectúe a favor de fundacións públicas e asociacións declaradas de utilidade pública, a competencia para acordala corresponderalle ó Consello de Ministros.

Artigo 147. *Cesión de bens dos organismos públicos.*

1. Con independencia das cesións previstas no artigo 143.3 desta lei, os organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado só poderán ceder gratuitamente a propiedade ou o uso de bens ou dereitos da súa titularidade cando tivesen atribuídas facultades para o seu alleamento e non se considerase procedente a súa incorporación ó patrimonio da Administración xeral do Estado. Só poderán ser cesionarios aquelas entidades e organizacións previstas no artigo 145 desta lei.

2. Serán competentes para acordala cesión dos bens os órganos que o fosen para o seu alleamento, logo de informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou, nos casos previstos no número 2 do artigo anterior, logo de autorización do Consello de Ministros.

Artigo 148. *Vinculación ó fin.*

1. Os bens e dereitos obxecto da cesión só se poderán destinar ós fins que a xustifican, e na forma e coas condicións que, de se-lo caso, estean establecidas no correspondente acordo.

2. Correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado controlala aplicación dos bens e dereitos da Administración xeral do Estado ó fin para o que foron cedidos, podendo adoptar para isto cantas medidas de control sexan necesarias.

3. Para estes efectos, e sen prexuízo doutros sistemas de control que se poidan arbitrar, os cesionarios de bens inmobles ou dereitos sobre eles deberán remitir cada tres anos á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a documentación que acredite o destino dos bens. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, atendidas as circunstancias concorrentes en cada caso, poderá exonerar desta obriga a determinados cesionarios de bens, ou sinalar prazos máis amplos para a remisión da documentación.

4. No caso dos bens mobles, o acordo de cesión determinará o réxime de control. Non obstante, se os

mobles cedidos tiveren sido destinados ó fin previsto durante un prazo de catro anos, entenderase cumprido o modo e a cesión pasará a te-lo carácter de pura e simple, salvo que outra cousa estiver establecida no pertinente acordo.

5. Iguais controis deberán efectualos organismos públicos respecto dos bens e dereitos que cedesen.

Artigo 149. *Procedemento.*

1. A solicitude de cesión gratuíta de bens ou dereitos do patrimonio da Administración xeral do Estado dirixirase á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, con indicación do ben ou dereito do cal se solicita a cesión e o fin ou fins a que se destinará, xunto coa acreditación da persoa que formula a solicitude, así como de que se conta cos medios necesarios para o cumprimento dos fins previstos.

2. A solicitude de cesión gratuíta de bens ou dereitos propios dos organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado dirixirase a estes, con iguais mencións ás sinaladas no punto anterior.

Artigo 150. *Resolución.*

1. Se os bens cedidos non fosen destinados ó fin ou uso previsto dentro do prazo sinalado no acordo de cesión ou deixasen de o ser posteriormente, se incumprisen as cargas ou condicións impostas, ou chegase o termo fixado, considerarase resolta a cesión, e revertirán os bens á Administración cedente. Neste suposto será por conta do cesionario o detrimento ou deterioración sufridos polos bens cedidos, sen que sexan indemnizables os gastos en que incorrese para cumprilas cargas ou condicións impostas.

2. A resolución da cesión será acordada polo ministro de Facenda, respecto dos bens e dereitos da Administración xeral do Estado, e polos presidentes ou directores dos organismos públicos, cando se trate de bens ou dereitos do patrimonio destes. Na resolución que acorde a cesión determinarase o que proceda acerca da reversión dos bens e dereitos e a indemnización polas deterioracións que sufrisen.

Artigo 151. *Publicidade da cesión.*

1. A cesión e a reversión, de se-lo caso, faranse constar no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Patrimonio do Estado.

2. Se a cesión tivese por obxecto bens inmobles ou dereitos reais sobre eles, procederase á práctica do correspondente asentamento a favor do cesionario no Rexistro da Propiedade, e non producirá efecto a cesión mentres non se cumpra este requisito, para o cal o cesionario deberá comunicar á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a práctica do asentamento.

Na inscrición farase consta-lo fin a que deben dedicarse os bens e calquera outra condición e carga que leve aparelhada a cesión, así como a advertencia de que o incumprimento delas dará lugar á súa resolución.

3. A orde pola que se acorde a resolución da cesión e a reversión do ben ou dereito será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade ou nos rexistros que procedan, así como para a reclamación, de se-lo caso, do importe dos detrimentos ou deterioracións actualizado ó momento en que se execute o acordo de reversión.

4. Semestralmente publicarase no «Boletín Oficial del Estado» unha relación das cesións efectuadas durante este período.

SECCIÓN 6.^a GRAVAME DOS BENS E DEREITOSArtigo 152. *Imposición de cargas e gravames.*

Non se poderán impor cargas ou gravames sobre os bens ou dereitos do patrimonio do Estado senón cos requisitos esixidos para o seu alleamento.

CAPÍTULO VI

Permuta de bens e dereitosArtigo 153. *Admisibilidade.*

Os bens e dereitos do patrimonio do Estado poderán ser permutados cando por razóns debidamente xustificadas no expediente resulte conveniente para o interese público, e a diferenza de valor entre os bens ou dereitos que se trate de permutar, segundo taxación, non sexa superior ó 50 por cento dos que o teñan maior. Se a diferenza fose maior, o expediente tramitarase como alleamento con pagamento de parte do prezo en especie.

A permuta poderá ter por obxecto edificios por construír.

Artigo 154. *Procedemento para a permuta de bens e dereitos.*

1. Serán de aplicación á permuta as normas previstas para o alleamento de bens e dereitos, salvo o disposto en canto á necesidade de convocar concurso ou poxa pública para a adxudicación.

2. Non obstante, o órgano competente para a permuta poderá insta-la presentación de ofertas de inmobles ou dereitos para permutar, mediante un acto de invitación ó público ó que se lle dará difusión a través do «Boletín Oficial del Estado» e de calquera outro medio que se considere adecuado.

3. No caso de presentación de ofertas a través do procedemento previsto no punto anterior, a selección da adxudicataria realizarase de acordo co establecido no prego de condicións previamente elaborado.

4. A diferenza de valor entre os bens que se vaian permutar poderá ser aboada en metálico ou mediante a entrega doutros bens ou dereitos de natureza distinta.

TÍTULO VI

Coordinación e optimización da utilización dos edificios administrativos

CAPÍTULO I

Normas xeraisArtigo 155. *Edificios administrativos.*

1. Terán a consideración de edificios administrativos os seguintes:

a) Os edificios destinados a oficinas e dependencias auxiliares dos órganos constitucionais do Estado e da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.

b) Os destinados a outros servicios públicos que se determinen regulamentariamente.

c) Os edificios do patrimonio do Estado que fosen susceptibles de seren destinados ós fins expresados nos parágrafos anteriores, independentemente do uso a que estivesen sendo dedicados.

2. Para os efectos previstos neste título, asimílanse ós edificios administrativos os terreos adquiridos pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos para a construción de inmobles destinados a algún dos fins sinalados nas alíneas a) e b) anteriores.

Artigo 156. *Principios da xestión dos edificios administrativos.*

A xestión dos edificios administrativos pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos inspirarase no principio de adecuación ás necesidades dos servicios públicos e realizarase con suxeición ós seguintes criterios e principios:

a) Planificación global e integrada das necesidades de inmobles de uso administrativo.

b) Eficiencia e racionalidade na súa utilización.

c) Rendibilidade dos investimentos, considerando o impacto das características dos inmobles na súa utilización polos cidadáns e na produtividade dos servicios administrativos vinculados a eles.

d) De imaxe unificada, que evidencie a titularidade dos edificios, e que transmita os valores de austeridade, eficiencia e dignidade inherentes ó servicio público.

e) De coordinación polo Ministerio de Facenda dos aspectos económicos dos criterios anteriores e de verificación polo dito departamento do seu cumprimento.

CAPÍTULO II

Órganos de coordinaciónArtigo 157. *Ministro de Facenda.*

A coordinación da xestión dos edificios administrativos utilizados pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos correspóndelle ó ministro de Facenda e, baixo a autoridade deste, ó director xeral do Patrimonio do Estado.

Artigo 158. *Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.*

1. A Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos é o órgano colexiado interministerial de asistencia ó ministro de Facenda na coordinación da xestión dos edificios administrativos do patrimonio do Estado, a aprobación de directrices e a adopción de medidas para un uso máis eficiente destes.

2. Regulamentariamente, determinarase a composición da Xunta, que estará presidida polo subsecretario de Facenda.

3. A Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos emitirá informe preceptivo en relación coas operacións de xestión e os instrumentos de programación e planificación dos edificios administrativos que se determinen regulamentariamente e, en todo caso, respecto dos seguintes:

a) Programas e plans de optimización do uso de edificios administrativos.

b) Establecemento dos índices de ocupación e criterios básicos de utilización dos edificios administrativos do patrimonio do Estado, a aprobación dos cales lle compete ó ministro de Facenda.

c) Afectacións, mutacións demaniais e adscricións de edificios administrativos, cando estivesen interesados no seu uso varios departamentos ministeriais ou organismos públicos.

d) Desafectacións e desadscricións de edificios administrativos, cando o departamento ministerial ou o

organismo público que os tivese afectados ou adscritos se opuxesen.

e) Actuacións de xestión patrimonial que, por razón das súas características especiais, sexan sometidas á súa consideración polo ministro de Facenda ou o director xeral do Patrimonio do Estado.

4. A Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos poderá, por propia iniciativa ou por solicitude do ministro de Facenda ou do director xeral do Patrimonio do Estado, elevar informes ou propostas a estes órganos relativos á xestión e utilización dos edificios administrativos.

Artigo 159. *Delegados do Goberno e subdelegados do Goberno.*

1. A coordinación da utilización dos edificios de uso administrativo pola organización territorial da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos dependentes dela no ámbito das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla correspóndelles ós delegados do Goberno, de acordo coas directrices establecidas polo ministro de Facenda e o director xeral do Patrimonio do Estado.

2. Baixo a dependencia do delegado do Goberno, os subdelegados do Goberno coordinarán a utilización dos edificios administrativos no ámbito territorial da súa competencia.

CAPÍTULO III

Actuacións de optimización

Artigo 160. *Concepto de optimización.*

Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por optimización da utilización dos edificios de uso administrativo o resultado do conxunto de análises técnicas e económicas sobre inmobles existentes, de previsión da evolución da demanda inmobiliaria polos servizos públicos, de programación da cobertura de necesidades e de intervencións de verificación e control, que teñen por obxecto identificar, nun ámbito territorial ou sectorial determinado, a mellor solución para satisfacer as necesidades contrastadas de edificios de uso administrativo no ámbito xeográfico ou sectorial considerado, con asunción das restricións económicas, funcionais ou de natureza cultural ou ambientais que se determinen.

Artigo 161. *Programas de actuación.*

O Consello de Ministros aprobará, por proposta do de Facenda, programas anuais de actuación para a optimización do uso dos edificios administrativos e a cobertura das novas necesidades a través da construción, adquisición ou arrendamento de inmobles.

Artigo 162. *Plans de optimización.*

1. A elaboración de plans para a optimización do uso dos edificios de uso administrativo será acordada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, de acordo coas previsións do programa anual de actuación.

2. O ámbito dos plans de optimización poderase determinar territorial ou sectorialmente: neste último caso, comprenderá os inmobles afectados ou adscritos a un determinado departamento ou organismo, e o seu obxectivo último será a utilización máis eficiente do conxunto de inmobles incluídos nel.

3. Os plans comprenderán unha análise detallada da situación, as características e o nivel de ocupación

dos inmobles a que se refiran, e as medidas e actuacións que se consideren máis adecuadas para a optimización do seu uso, incluídas, de se-lo caso, propostas de recolección de unidades e efectivos, afectacións, desafectacións, adscricións, desadscricións ou incorporacións ó patrimonio da Administración xeral do Estado de bens propios de organismos públicos, con fixación do calendario para a súa execución.

4. O plan de optimización será trasladado ós ministerios ou organismos afectados para que, no prazo dun mes, manifesten a súa conformidade ou formulen alegacións. Transcorrido este prazo ou realizado o trámite, o ministro de Facenda, logo de informe da Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos, elevará o plan ó Consello de Ministros para a súa aprobación.

5. A execución das medidas contidas no plan competirá ás unidades a que afecte; a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado deberá velar polo cumprimento dos prazos previstos no plan. Para estes efectos, poderá instar dos órganos que en cada caso sexan competentes a adopción das correspondentes medidas de optimización e elevarlle ó ministro de Facenda os informes ou propostas que coide pertinentes en relación con esta.

6. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado financiará, con cargo ós seus créditos orzamentarios do programa de xestión do patrimonio do Estado, as actuacións dos plans de optimización cando non se lle atribuíse expresamente o seu financiamento a ningunha das entidades incluídas no plan.

Cando da execución das operacións de optimización deriven aforros ou gastos adicionais para as entidades integrantes do plan de optimización, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado dará conta á Dirección Xeral de Orzamentos da cuantificación estimada, debidamente anualizada, destes aforros ou gastos, para que sexa tida en conta na elaboración do orzamento anual mediante as conseguíntes baixas e altas de créditos.

Artigo 163. *Potestades da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.*

Para a determinación do grao de utilización dos edificios de uso administrativo e comprobación do seu estado, así como para a elaboración dos plans de optimización inmobiliaria e control e supervisión da súa execución, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado poderalles solicitar informes ós departamentos e organismos que os teñan afectados ou adscritos, realizar visitas de inspección, e solicitarlle ó Rexistro Central de Persoal datos sobre os efectivos destinados nas unidades que os ocupen.

Artigo 164. *Subordinación da xestión inmobiliaria á execución dos plans.*

Non se poderán concertar ou autorizar novas adquisicións, arrendamentos, afectacións ou adscricións de edificios de uso administrativo con destino ós ministerios ou organismos públicos, mentres non se executen os plans de optimización que lles afecten, con cumprimento da totalidade das súas previsións, salvo que concorran razóns de urxente necesidade, apreciadas pola Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.

Artigo 165. *Verificación de proxectos de obras.*

A aprobación de proxectos de construción, transformación ou rehabilitación de edificios administrativos requirirá informe favorable do ministro de Facenda cando o seu custo exceda de 10 millóns de euros.

TÍTULO VII

Patrimonio empresarial da Administración xeral do Estado

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 166. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste título serán de aplicación ás seguintes entidades:

a) As entidades públicas empresariais, a que se refire o capítulo III do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

b) As entidades de dereito público vinculadas á Administración xeral do Estado ou ós seus organismos públicos cando os seus ingresos proveñan, polo menos nun 50 por cento, de operacións realizadas no mercado.

c) As sociedades mercantís estatais, entendendo por tales aquelas en que a participación, directa ou indirecta, no seu capital social das entidades que, conforme o disposto no Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, integran o sector público estatal, sexa superior ó 50 por cento. Para a determinación desta porcentaxe, sumaranse as participacións correspondentes ás entidades integradas no sector público estatal, no caso de que no capital social participen varias delas.

d) As sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís estatais, se encontren no suposto previsto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores respecto da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos.

2. As sociedades mercantís estatais, con forma de sociedade anónima, en que o capital sexa na súa totalidade de titularidade, directa ou indirecta, da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, rexeranse por este título e polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias en que lles sexan de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de control financeiro e de contratación.

3. Para os efectos previstos neste título, formarán parte do patrimonio empresarial da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, as accións, títulos, valores, obrigas, obrigas convertibles en accións, dereitos de subscripción preferente, contratos financeiros de opción, contratos de permuta financeira, créditos participativos e outros susceptibles de seren negociados en mercados secundarios organizados que sexan representativos de dereitos para a Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos, aínda que o seu emisor non estea incluído entre as persoas xurídicas enunciadas no número 1 deste artigo.

4. Tamén formarán parte do patrimonio da Administración xeral do Estado os fondos propios, expresivos da achega de capital do Estado, das entidades públicas empresariais, que se rexistrarán na contabilidade patrimonial do Estado como o capital achegado para a constitución destes organismos. Estes fondos xeran a favor do Estado dereitos de participación na repartición das ganancias da entidade e no patrimonio resultante da súa liquidación.

Artigo 167. *Réxime patrimonial.*

1. As entidades a que se refiren as alíneas a) e b) do número 1 do artigo anterior axustarán a xestión do

seu patrimonio a esta lei. No non previsto nela, axustaranse ó dereito privado, salvo en materia de bens de dominio público en que lles serán de aplicación as disposicións reguladoras destes bens.

2. As entidades a que se refiren as alíneas c) e d) do número 1 do artigo anterior axustarán a xestión do seu patrimonio ó dereito privado sen prexuízo das disposicións desta lei que lles resulten expresamente de aplicación.

Artigo 168. *Reestructuración do sector público empresarial.*

1. O Consello de Ministros, mediante acordo adoptado por proposta do ministro de Facenda, poderá acorda-la incorporación de participacións accionariais de titularidade da Administración xeral do Estado a entidades de dereito público vinculadas á Administración xeral do Estado ou a sociedades das previstas no artigo 166.2 desta lei que teñan como finalidade xestionar participacións accionariais, ou destas a aquela. Igualmente, o Consello de Ministros poderá acordar, por proposta conxunta do ministro de Facenda e do ministro do departamento a que estean adscritos ou a que corresponda a súa tutela, a incorporación de participacións accionariais de titularidade de organismos públicos, entidades de dereito público ou de sociedades das previstas no artigo 166.2 desta lei á Administración xeral do Estado.

En todos estes casos, o acordo de Consello de Ministros adoptarase logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

A atribución legal ou regulamentaria para que o exercicio da titularidade do Estado sobre determinadas participacións e as competencias inherentes a ela correspondan a determinado órgano ou entidade, entenderase substituída a favor da entidade ou órgano que reciba tales participacións. Nos acordos que se adopten poderanse preve-los termos e as condicións en que a entidade a que se incorporan as sociedades se subroga nas relacións xurídicas, dereitos e obrigas que a entidade transmitente manteña con tales sociedades.

2. Para os efectos do disposto neste artigo, a Administración xeral do Estado, as entidades de dereito público ou as sociedades previstas no artigo 166.2 desta lei, adquirirán o pleno dominio das accións recibidas desde a adopción do acordo correspondente, e a súa copia será título acreditativo da nova titularidade, xa sexa para efectos do cambio das anotacións en conta e en accións nominativas, como para efectos de calquera outra actuación administrativa, societaria e contable que sexa preciso realizar. As participacións accionariais recibidas rexistraranse na contabilidade do novo titular polo mesmo valor neto contable que tiñan no anterior titular á data deste acordo, sen prexuízo das correccións valorativas que procedan ó final do exercicio.

3. As operacións de cambio de titularidade e reordenación interna no sector público estatal que se realicen en execución deste artigo non estarán suxeitas á lexislación do mercado de valores nin ó réxime de oferta pública de adquisición, e non darán lugar ó exercicio de dereitos de tanteo, retracto ou calquera outro dereito de adquisición preferente que estatutaria ou contractualmente puidesen posuír sobre estas participacións outros accionistas das sociedades das que sexan transferidas as participacións ou, de se-lo caso, terceiros a esas sociedades. Adicionalmente, a mera transferencia e reordenación de participacións societarias que se realice en aplicación desta norma non poderá ser entendida como causa de modificación ou de resolución das relacións xurídicas que manteñan tales sociedades.

4. Tódalas operacións societarias, cambios de titularidade e actos derivados da execución deste artigo

estarán exentos de calquera tributo estatal, incluídos tributos cedidos ás comunidades autónomas e recargas autonómicas sobre tributos estatais, ou local, sen que neste último caso proceda a compensación a que se refire o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

5. Os aranceis dos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís que interveñan os actos derivados da execución deste artigo reduciranse nun 90 por cento.

Artigo 169. *Competencias do Consello de Ministros.*

Sen prexuízo das autorizacións do Consello de Ministros a que esta lei e outras específicas someten determinadas actuacións de xestión do sector público empresarial do Estado, compete ó Consello de Ministros:

a) Determina-las directrices e estratexias de xestión do sector público empresarial do Estado, en coherencia coa política económica e a estabilidade orzamentaria.

b) Aprobar plans de reestructuración do sector público empresarial do Estado e ordena-la súa execución.

c) Autorizar reasignacións do patrimonio inmobiliario susceptible de uso administrativo dentro do ámbito da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, cando se realice como contrapartida a reducións ou incrementos dos fondos propios dos organismos públicos.

d) Atribuí-la tutela das sociedades previstas no artigo 166.2 desta lei a un determinado departamento, ou modifica-lo ministerio de tutela.

e) Autoriza-lo obxecto social das sociedades previstas no artigo 166.2 desta lei e as súas modificacións.

f) Autoriza-la creación, transformación, fusión, escisión e extinción de sociedades mercantís estatais, así como os actos e negocios que impliquen a perda ou adquisición desta condición por sociedades existentes. No expediente de autorización deberase incluír unha memoria relativa ós efectos económicos previstos.

g) Autoriza-los actos de adquisición ou alleamento de accións que supoñan a adquisición por unha sociedade das condicións previstas no artigo 166.2 desta lei ou a perda destas.

h) Autoriza-los actos de adquisición ou alleamento de accións das sociedades a que se refire a letra d) do artigo 166.1 desta lei cando impliquen a asunción de posicións de control, tal e como quedan definidas no citado artigo, ou a perda destas.

i) Autoriza-las entidades a que se refire o artigo 166 desta lei e o Ministerio de Facenda para a subscrición de acordos, tales como pactos de sindicación de accións, que obriguen a exercer-los dereitos inherentes ós títulos en sociedades mercantís de común acordo con outros accionistas.

j) Autoriza-los actos de adquisición por compra ou alleamento de accións pola Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos cando o importe da transacción supere os 10 millóns de euros.

k) Autoriza-las operacións de adquisición ou alleamento de accións que impliquen operacións de saneamento cun custo estimado superior a 10 millóns de euros.

Artigo 170. *Competencias do Ministerio de Facenda.*

1. Correspóndelle ó ministro de Facenda a fixación de criterios para a xestión dos bens e dereitos do patrimonio empresarial da Administración xeral do Estado, de acordo coas políticas sectoriais que, de se-lo caso, adopte o ministerio a que estean vinculados ou adscritos ou a que corresponda a tutela das sociedades previstas no artigo 166.2 desta lei, de conformidade cos principios

de eficiencia económica na prosecución do interese público, así como propor ó Consello de Ministros o outorgamento das autorizacións a que se refire o artigo anterior.

2. O Ministerio de Facenda exercerá, na forma que regulamentariamente se determine e sen prexuízo das competencias en materia orzamentaria e de control financeiro, a representación dos intereses económicos xerais da Administración xeral do Estado nas entidades a que se refiren as letras a) e b) do artigo 166.1 desta lei, para a adecuada acomodación da xestión dos patrimonios públicos que lles foron atribuídos ás estratexias xerais fixadas polo Goberno e ós criterios definidos segundo o disposto no punto anterior deste artigo.

3. O ministro de Facenda poderá dar instrucións a quen desempeñe na Xunta Xeral das sociedades mercantís a representación das accións de titularidade da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos sobre a aplicación das reservas dispoñibles ou do resultado do exercicio das citadas sociedades cando, de acordo co previsto no Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, sexa posible tal aplicación.

4. Corresponde á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a tenza e administración das accións e participacións sociais nas sociedades mercantís en que participe a Administración xeral do Estado, a formalización dos negocios de adquisición e alleamento destas, e a proposta de actuacións sobre os fondos propios das entidades públicas que impliquen redución ou incremento deste como contrapartida a operacións que supoñan a escisión ou fusión de actividades ou ben a incorporación de bens ó patrimonio da Administración xeral do Estado ou a achega de bens desta ás citadas entidades públicas.

5. Corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado o control de carácter financeiro das entidades integradas no sector público empresarial, de conformidade co previsto no artigo 17 do Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 171. *Adquisición de títulos valores.*

1. A adquisición pola Administración xeral do Estado de títulos representativos do capital de sociedades mercantís, sexa por subscrición ou compra, así como de futuros ou opcións, cun activo subxacente constituído por accións, será acordada polo ministro de Facenda, logo de autorización, de se-lo caso, do Consello de Ministros, nos supostos que así o estableza esta lei ou outras que resulten de aplicación, con informe previo da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

2. Serán competentes para acorda-la adquisición ou subscrición de títulos representativos do capital de sociedades mercantís por organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela os seus directores ou presidentes, logo de autorización do Consello de Ministros, cando resulte necesaria conforme o previsto no artigo 169 desta lei.

3. O acordo de adquisición por compra determinará os procedementos para fixa-lo seu importe segundo os métodos de valoración comunmente aceptados. Cando os títulos ou valores dos que se acorde a adquisición coticen nalgún mercado secundario organizado, o prezo de adquisición será o correspondente de mercado no momento e na data da operación.

Non obstante, no suposto de que os servizos técnicos designados polo director xeral do Patrimonio do Estado ou polo presidente ou director do organismo público que efectúe a adquisición considerasen que o volume de negociación habitual dos títulos non garante a ade-

cuada formación dun prezo de mercado poderán propor, motivadamente, a adquisición e determinación do prezo destes por outro método legalmente admisible de adquisición ou valoración.

Cando a adquisición de títulos teña por finalidade obte-la plena propiedade de inmobles ou de parte destes polo Estado ou polos seus organismos públicos, a valoración destas participacións esixirá a realización da taxa-ción dos bens inmobles.

Artigo 172. *Constitución e disolución de sociedades.*

As normas do artigo anterior serán tamén de aplicación á constitución ou, nos supostos previstos nos números 1.º, 3.º, 6.º e 7.º do número 1 do artigo 260 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, á disolución de sociedades pola Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos.

O órgano competente para acorda-la constitución ou disolución poderá autoriza-la achega de bens ou dereitos patrimoniais ou determina-lo destino do haber social da sociedade da que se acorde a disolución.

Artigo 173. *Administración dos títulos valores.*

1. Compételle ó Ministerio de Facenda, a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, o exercicio dos dereitos que correspondan á Administración xeral do Estado como partícipe directa de empresas mercantís, teñan ou non a condición de sociedades mercantís estatais. Así mesmo, correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a formalización, en nome da Administración xeral do Estado, das adquisicións ou alleamentos de títulos representativos do capital.

2. O Ministerio de Facenda, por medio desta dirección xeral, poderalles dar ós representantes do capital estatal nos consellos de administración destas empresas as instrucións que considere oportunas para o adecuado exercicio dos dereitos inherentes á titularidade das accións.

3. Os títulos ou os xustificantes de depósito correspondentes custodiaranse no Ministerio de Facenda.

Artigo 174. *Competencia para o alleamento de títulos representativos de capital.*

1. O alleamento pola Administración xeral do Estado de títulos representativos do capital de sociedades mercantís será acordado polo ministro de Facenda, logo de autorización, de se-lo caso, do Consello de Ministros nos supostos a que se refire o artigo 169 desta lei.

2. Respecto dos títulos que sexan propiedade dos organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela, serán competentes para acorda-lo seu alleamento os seus directores ou presidentes, logo de autorización do Consello de Ministros ou nos supostos a que se refire o artigo 169 desta lei.

Artigo 175. *Procedemento para o alleamento de títulos representativos de capital.*

1. O alleamento de valores representativos do capital de sociedades mercantís que sexan de titularidade da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos poderase realizar en mercados secundarios organizados, ou fóra deles, de conformidade coa lexislación vixente e por medio de calquera acto ou negocio xurídico.

2. Para levar a cabo este alleamento, os valores representativos de capital poderán ser vendidos pola

Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos, ou poderanse achegar ou transmitir a unha sociedade mercantil estatal ou entidade pública empresarial cun obxecto social que comprenda a tenza, administración, adquisición e alleamento de accións e participacións en entidades mercantís. Tamén se poderá formalizar un convenio de xestión polo que se concreten os termos nos que tal sociedade estatal poida proceder á venda de valores por conta da Administración xeral do Estado ou de organismos públicos. A instrumentación xurídica da venda a terceiros dos títulos realizarase en termos ordinarios do tráfico privado, xa sexa ó contado ou con prezo aprazado cando concorran garantías suficientes para o aprazamento.

3. No suposto de títulos ou valores que coticen en mercados secundarios organizados, cando o importe dos títulos que se pretende allear non se poidan considerar un auténtico investimento patrimonial nin represente unha participación relevante no capital da sociedade anónima, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou o organismo público titular destes poderará allealos mediante encargo a un intermediario financeiro legalmente autorizado. Neste suposto, as comisións ou honorarios da operación poderanse deducir do resultado bruto desta, ingresándose no Tesouro o rendemento neto do alleamento.

4. O importe do alleamento determinarase segundo os métodos de valoración comunmente aceptados. Cando os títulos ou valores dos que se acorde o alleamento coticen nalgún mercado secundario organizado, o prezo de alleamento será o correspondente ó valor que estableza o mercado no momento e na data da operación.

Non obstante, no suposto de que os servizos técnicos designados polo director xeral do Patrimonio do Estado ou polo presidente ou director do organismo público que efectúe o alleamento considerasen que o volume de negociación habitual dos títulos non garante a adecuada formación dun prezo de mercado poderán propor, razoadamente, o alleamento e a determinación do prezo destes por outro método legalmente admisible de adquisición ou valoración.

5. Cando os títulos e valores que se pretenda allear non coticen en mercados secundarios organizados, ou no suposto previsto no segundo parágrafo do número 4 deste artigo, o órgano competente para a autorización do alleamento determinará o procedemento de venda que, normalmente, se realizará por concurso ou por poxa. Non obstante, o órgano competente poderá acorda-la adjudicación directa cando concorran algún dos seguintes supostos:

a) Existencia de limitacións estatutarias á libre transmisibilidade das accións, ou existencia de dereitos de adquisición preferente.

b) Cando o adquirente sexa calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ó sector público.

c) Cando fose declarada deserta unha poxa ou esta resultase falida como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario. Neste caso a venda directa deberase efectuar no prazo dun ano desde a realización da poxa, e as súas condicións non poderán diferir das publicitadas para a poxa ou daquelas en que se producise a adjudicación.

d) Cando a venda se realice a favor da propia sociedade nos casos e coas condicións e requisitos establecidos no artigo 75 e seguintes do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, ou cando se realice a favor doutro ou outros partícipes na sociedade. Neste último caso os títulos deberán ser ofrecidos á sociedade que deberá distribuílos entre os partícipes interesados na adquisición, na parte proporcional que lles corresponda de acordo coa súa participación no capital social.

O prezo do alleamento fixarao o órgano competente para autorizalo, sen que a súa contía poida ser inferior ó importe que resulte da valoración efectuada pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ou, no suposto previsto na alínea a), ó que resulte do procedemento establecido polos estatutos da sociedade para a valoración dos títulos.

6. Os valores que a Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos transmitan ou acheguen a unha sociedade estatal para os efectos previstos no número 2 deste artigo rexistraranse na contabilidade desta sociedade estatal ó valor neto contable que figure nas contas do transmitente, sen que sexa de aplicación o establecido no artigo 38 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

CAPÍTULO II

Disposicións especiais para as sociedades a que se refire o artigo 166.2 desta lei

Artigo 176. *Ministerio de tutela.*

1. Ó autorízase a constitución dunha sociedade das previstas no artigo 166.2 desta lei, o Consello de Ministros poderalle atribuír a un ministerio, con competencias que garden unha relación específica co obxecto social da sociedade, a tutela funcional desta.

2. En ausencia desta atribución expresa corresponderalle integramente ó Ministerio de Facenda o exercicio das facultades que esta lei outorga para a supervisión da actividade da sociedade.

Artigo 177. *Relacións da Administración xeral do Estado coas sociedades a que se refire o artigo 166.2 desta lei.*

1. Sen prexuízo das competencias de control que corresponden á Intervención Xeral da Administración do Estado, o ministerio de tutela exercerá o control funcional e de eficacia das sociedades previstas no artigo 166.2 desta lei e será o responsable de dar conta ás Cortes Xerais das súas actuacións, no ámbito da súa competencia.

2. O ministerio de tutela instruirá a sociedade respecto ás liñas de actuación estratéxica e establecerá as prioridades na execución delas, e proporá a súa incorporación ós orzamentos de explotación e capital e programas de actuación plurianual, logo de conformidade, en canto ós seus aspectos financeiros, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, se se trata de sociedades en que o capital lle corresponda integramente á Administración xeral do Estado, ou do organismo público que sexa titular do seu capital.

3. A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, no caso de sociedades en que o capital corresponda na súa integridade á Administración xeral do Estado, ou o organismo público titular do seu capital establecerán os sistemas de control que permitan a adecuada supervisión financeira destas sociedades.

4. Para aquelas sociedades en que sexa necesario definir un escenario orzamentario, financeiro e de actuación a medio prazo, o marco de relacións coa Administración xeral do Estado establecerase preferentemente sobre a base dun convenio ou contrato-programa dos regulados no artigo 91 do Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, por iniciativa do ministerio de tutela ou da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, no caso de sociedades da Administración xeral do Estado, ou do organismo público que sexa titular do seu capital.

Artigo 178. *Instruccións.*

1. En casos excepcionais, debidamente xustificadas, o ministro a que corresponda a súa tutela poderá dar instruccións ás sociedades previstas no artigo 166.2 para que realicen determinadas actividades, cando resulte de interese público a súa execución.

2. Cando as instruccións que imparta o ministerio de tutela impliquen unha variación dos orzamentos de explotación e capital de acordo co disposto no Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, o órgano de administración non poderá iniciar a formalización da instrucción sen contar coa autorización do órgano competente para efectuar a modificación correspondente.

Artigo 179. *Responsabilidade.*

Os administradores das sociedades ás que se lles impartisen instruccións nos termos previstos no artigo anterior actuarán dilixentemente para a súa execución, e quedarán exonerados da responsabilidade prevista no artigo 133 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas se do cumprimento destas instruccións derivasen consecuencias lesivas.

Artigo 180. *Administradores.*

1. O ministro a que corresponda a tutela da sociedade proporalle ó ministro de Facenda ou ó organismo público representado na súa xunta xeral, o nomeamento dun número de administradores que represente como máximo, dentro do número de conselleiros que determinen os estatutos, a proporción que o Consello de Ministros estableza cando acorde o previsto no artigo 169.d) desta lei.

2. Os administradores das sociedades previstas no artigo 166.2 non se verán afectados pola prohibición establecida no segundo inciso do artigo 124 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

3. As sociedades que, de acordo coa normativa aplicable, estean obrigadas a somete-las súas contas a auditoría, deberán constituír unha comisión de auditoría e control, dependente do Consello, coa composición e funcións que se determinen.

Artigo 181. *Presidente e conselleiro delegado.*

1. Os nomeamentos do presidente do consello de administración e do conselleiro delegado ou posto equivalente que exerza o máximo nivel executivo da sociedade serán efectuados polo consello de administración, por proposta do ministro de tutela.

2. Os postos de presidente ou conselleiro delegado da sociedade terán a consideración de alto cargo da Administración xeral do Estado para os efectos previstos na Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades, e o exercicio das súas funcións será incompatible co desenvolvemento de calquera outro cargo público dos enunciados no número 2 do artigo 1 da citada lei.

Artigo 182. *Especialidades nas contribucións que non sexan en diñeiro.*

No caso de contribucións que non sexan en diñeiro efectuadas pola Administración xeral do Estado ou polos seus organismos públicos ás sociedades previstas no artigo 166.2 desta lei, non será necesario o informe de

expertos independentes previsto no artigo 38 do Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, que será substituído pola taxación prevista no artigo 114 desta lei.

TÍTULO VIII

Relacións interadministrativas

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 183. *Principios das relacións entre as administracións públicas.*

As administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas en materia patrimonial ó principio de lealdade institucional, observando as obrigas de información mutua, cooperación, asistencia e respecto ás respectivas competencias, e ponderando no seu exercicio a totalidade dos intereses públicos implicados.

Artigo 184. *Conferencia Sectorial de Política Patrimonial.*

Como órgano de cooperación e coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia patrimonial, créase a Conferencia Sectorial de Política Patrimonial, que será convocada polo ministro de Facenda.

Artigo 185. *Iniciativa das administracións para a xestión de bens públicos.*

No marco das relacións de cooperación e coordinación, e en relación con bens determinados, as distintas administracións públicas poderanlles solicitar ós órganos competentes das administracións titulares deles a adopción, respecto destes, de cantos actos de xestión patrimonial, como afectacións, desafectacións, mutacións demaniais, adscricións ou desadscricións, consideren que poden contribuír ó pleno desenvolvemento e efectividade dos principios recollidos nos artigos 6, 8 e 183 desta lei.

CAPÍTULO II

Convenios entre administracións públicas

Artigo 186. *Convenios patrimoniais e urbanísticos.*

A Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados a ela ou dependentes dela poderán formalizar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou de dereito privado pertencentes ó sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial e urbanístico entre elas nun determinado ámbito ou realizar actuacións comprendidas nesta lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios.

Artigo 187. *Liberdade de estipulacións.*

1. Os convenios a que se refire o artigo anterior poderán conter cantas estipulacións se coiden necesarias ou convenientes para a ordenación das relacións patrimoniais e urbanísticas entre as partes intervenientes, sempre que non sexan contrarias ó interese público,

ó ordenamento xurídico, ou ós principios de boa administración.

2. Os convenios poderanse limitar a recoller compromisos de actuación futura das partes, revestindo o carácter de acordos marco ou protocolos xerais, ou preve-la realización de operacións concretas e determinadas, caso en que poderán ser inmediatamente executivos e obrigatorios para as partes.

3. Cando se trate de convenios de carácter inmediatamente executivo e obrigatorio, a totalidade das operacións previstas nel considéranse integradas nun único negocio complexo. A súa conclusión requirirá o previo informe da Avogacía do Estado e o cumprimento dos trámites establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, e os restantes requisitos procedementais previstos para as operacións patrimoniais que prevexan. Unha vez asinados, constituirán título suficiente para inscribir no Rexistro da Propiedade ou noutros rexistros as operacións incluídas neles.

Artigo 188. *Competencia.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado será órgano competente para formalizalos convenios a que se refiren os artigos anteriores o ministro de Facenda, por proposta da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, e coa autorización do Consello de Ministros nos casos en que esta sexa necesaria.

2. Os titulares dos departamentos ministeriais poderán formalizar convenios para a ordenación das facultades que lles correspondan sobre os bens que tivesen afectados, logo de informe favorable do ministro de Facenda.

3. No caso de organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado ou dependentes dela, serán órganos competentes para formalizalos expresados convenios os seus presidentes ou directores, logo de comunicación ó director xeral do Patrimonio do Estado. Esta comunicación non será necesaria cando se trate de organismos públicos dos que os bens estean exceptuados de incorporación conforme o previsto no número 2 do artigo 80 desta lei.

CAPÍTULO III

Réxime urbanístico e xestión dos bens públicos

Artigo 189. *Comunicación de actuacións urbanísticas.*

1. Sen prexuízo das publicacións que fosen preceptivas, a aprobación inicial, a provisional e a definitiva de instrumentos de planeamento urbanístico que afecten bens de titularidade pública deberánselle notificar á Administración titular destes. Cando se trate de bens de titularidade da Administración xeral do Estado, a notificación efectuaráselle ó delegado de Economía e Facenda da provincia en que radique o ben.

2. Os prazos para formular alegacións ou interpor recursos fronte ós actos que deban ser obxecto de notificación comezarán a contarse desde a data desta.

3. Corresponderalles ós secretarios dos concellos efectuar as notificacións previstas neste artigo.

Artigo 190. *Execución do planeamento.*

1. Os notarios non poderán autorizalo outorgamento de escrituras públicas de constitución de xuntas de

compensación ou outras entidades urbanísticas colaboradoras sen que previamente os outorgantes xustifiquen ante eles que a totalidade da superficie incluída na unidade de execución foi plenamente identificada, en canto á titularidade dos predios que a compoñen, ou que á Delegación de Economía e Facenda correspondente lle notificaron, de forma que faga fe, a existencia de terreos de titularidade descoñecida ou non acreditada. Considerarase identificada a titularidade respecto ós predios cualificados como litixiosos, sempre que se acheguen títulos xustificativos do dominio.

2. As cesións e demais operacións patrimoniais sobre bens e dereitos do patrimonio do Estado que deriven da execución do planeamento, rexeranse polo disposto na lexislación urbanística, con estricta aplicación do principio de equidistribución de beneficios e cargas. Serán órganos competentes para acordalas os mesmos previstos nesta lei para a operación patrimonial de que se trate.

Artigo 191. Réxime urbanístico dos inmobles desafectados.

1. Cando os inmobles do patrimonio do Estado deixen de estar afectados a un uso ou servizo público procederase a realizar unha valoración deles que constará do valor do solo calculado conforme as regras establecidas na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, e do valor das edificacións existentes.

2. O valor resultante servirá de base para convir con outras administracións públicas a obtención destes inmobles mediante a achega de contraprestacións equivalentes. Entre os criterios que se utilicen para fixar estas contraprestacións poderase ter en conta o previsto no número 2 do artigo 8 desta lei.

3. A Administración xeral do Estado ou os organismos públicos titulares dos bens comunicaranlles ás autoridades urbanísticas a desafectación destes inmobles para os efectos de que estas procedan a outorgarlle a nova cualificación urbanística que corresponda. Esta decisión, que deberá respecta-lo principio de equidistribución de beneficios e cargas establecido no artigo 5 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, será coherente coa política urbanística municipal, co tamaño e coa situación dos inmobles, e con calquera outra circunstancia relevante que puidese concorrer sobre eles.

4. No suposto de que os usos permitidos nos inmobles desafectados determinen a súa utilización exclusiva por outra Administración pública, esta convirá coa Administración xeral do Estado ou o organismo público que desafectou o ben os termos para a súa obtención, baseados nas compensacións estimadas segundo o previsto no número 1 deste artigo, sen prexuízo do previsto na sección 5.^a do capítulo V do título V desta lei.

5. Transcorridos dous anos desde que fose notificada a desafectación, sen que o planeamento urbanístico lles outorgase ós inmobles desafectados a nova cualificación que corresponda de conformidade co disposto no número 3 deste artigo, o concello correspondente responsabilizarase da súa custodia e mantemento.

6. En calquera caso, se transcorre o prazo establecido pola lexislación urbanística aplicable para instar a expropiación por ministerio da lei, sen que o planeamento urbanístico lles outorgase unha nova cualificación ós bens desafectados, a Administración xeral do Estado ou o organismo público advertirá a Administración municipal do seu propósito de comeza-lo expediente de prezo xusto, o cal se iniciará na forma prevista nesta lexislación.

TÍTULO IX

Réxime sancionador

CAPÍTULO I

Infraccións e sancións

Artigo 192. Infraccións.

1. Son infraccións moi graves:

a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade dun millón de euros.

b) A usurpación de bens de dominio público.

2. Son infraccións graves:

a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade de 10.000 euros e non exceda de 1.000.000 de euros.

b) A realización de obras, traballos ou outras actuacións non autorizadas en bens de dominio público, cando produzan alteracións irreversibles neles.

c) A retención de bens de dominio público unha vez extinguido o título que lexítima a súa ocupación.

d) O uso común especial ou privativo de bens de dominio público sen a correspondente autorización ou concesión.

e) O uso de bens de dominio público obxecto de concesión ou autorización sen se ater ó seu contido ou para fins distintos dos que as motivaron.

f) As actuacións sobre bens afectos a un servizo público que impidan ou dificulten gravemente a normal prestación daquel.

g) O incumprimento do deber de comunica-la existencia de saldos e depósitos abandonados, conforme o artigo 18 desta lei.

h) O incumprimento dos deberes de colaboración e cooperación establecidos nos artigos 61 e 63 desta lei.

i) A utilización de bens cedidos gratuitamente conforme as normas da sección 5.^a do capítulo V do título V desta lei para fins distintos dos previstos no acordo de cesión.

3. Son infraccións leves:

a) A produción de danos nos bens de dominio público, cando o seu importe non exceda de 10.000 euros.

b) O incumprimento das disposicións que regulan a utilización dos bens destinados a un servizo público polos seus usuarios.

c) O incumprimento das disposicións que regulan o uso común xeral dos bens de dominio público.

d) O incumprimento do deber dos titulares de concesións ou autorizacións de conservar en bo estado os bens de dominio público.

e) O incumprimento dos deberes de colaboración establecidos no artigo 62 desta lei.

f) Calquera outro incumprimento das obrigas establecidas nesta lei.

Artigo 193. Sancións.

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de ata 10 millóns de euros, as graves con multa de ata un millón de euros, e as leves con multa de ata cen mil euros.

A infracción prevista na alínea g) do número 2 do artigo anterior sancionárase cunha multa de ata 10 euros por cada día de atraso no cumprimento do deber de comunica-la existencia dos saldos e depósitos abando-

nados, contado desde o trixésimo día natural posterior a aquel en que naza esa obriga.

Para graduarla contía da multa atenderase ó importe dos danos causados, ó valor dos bens ou dereitos afectados, á reiteración por parte do responsable, e ó grao de culpabilidade deste; considerarase circunstancia atenuante, que permitirá reduci-la contía da multa ata a metade, a corrección polo infractor da situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinale no correspondente requirimento.

2. En caso de reincidencia en infraccións graves ou moi graves poderase declara-la inhabilitación do infractor para ser titular de autorizacións e concesións por un prazo dun a tres anos.

3. Con independencia das sancións que se lle poidan impor, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ó seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e perdas causados, no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente. O importe destas indemnizacións será fixado executoriamente polo órgano competente para impo-la sanción.

Artigo 194. *Prescripción.*

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.

2. O cómputo destes prazos efectuarase de conformidade co establecido no artigo 132 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO II

Normas procedementais

Artigo 195. *Órganos competentes.*

1. As sancións pecuniarias cun importe que supere un millón de euros serán impostas polo Consello de Ministros.

2. Correspóndelle ó ministro de Facenda impo-las sancións polas infraccións recollidas nas alíneas g), h) e i) do número 2 do artigo 192 e na alínea e) do número 3 do mesmo artigo, cando estas se refiran a bens e dereitos da Administración xeral do Estado.

3. Serán competentes para impo-las sancións correspondentes ás restantes infraccións os ministros titulares dos departamentos a que se encontren afectados os bens ou dereitos, e os presidentes ou directores dos organismos públicos que sexan os seus titulares ou que os teñan adscritos.

Artigo 196. *Procedemento sancionador.*

Para a imposición das sancións previstas neste título seguirase o procedemento previsto no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 197. *Execución das sancións.*

1. O importe das sancións e o cumprimento das obrigas derivadas das responsabilidades contraídas poderán ser esixidas polos procedementos de execución forzosa previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As multas coercitivas que se impoñan para a execución forzosa non poderán supera-lo vinte por cento da sanción imposta ou da obriga contraída por responsabilidades, e non se poderán reiterar en prazos inferiores a oito días.

Disposición adicional primeira. *Réxime patrimonial dos órganos constitucionais do Estado.*

A afectación de bens e dereitos do patrimonio do Estado ós órganos constitucionais do Estado, así como a súa desafectación, administración e utilización, rexeranse polas normas establecidas nesta lei para os departamentos ministeriais.

Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico do patrimonio sindical acumulado.*

O réxime de xestión patrimonial dos bens que integran o patrimonio sindical acumulado será o regulado na Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, e demais normas legais complementarias, aplicándose esta lei e as súas normas de desenvolvemento en todo o non previsto por elas.

Disposición adicional terceira. *Réxime xurídico do patrimonio da Seguridade Social.*

1. O patrimonio da Seguridade Social rexerese pola súa lexislación específica, sendo de aplicación supletoria o establecido nesta lei. Non obstante o anterior, as previsións do título IX desta serán de aplicación directa, ben que os órganos competentes para impo-las sancións serán os seguintes:

a) O Consello de Ministros, as sancións pecuniarias cun importe que exceda dun millón de euros.

b) O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, as sancións correspondentes ás infraccións recollidas nas alíneas h) e i) do número 2 do artigo 191, e na alínea e) do número 3 deste mesmo artigo.

c) O director xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, as sancións correspondentes ás restantes infraccións.

2. O inventario dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Seguridade Social levarase de forma que sexa susceptible de consolidación co Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado.

Disposición adicional cuarta. *Réxime xurídico do patrimonio nacional.*

O réxime xurídico do patrimonio nacional será o establecido na Lei 23/1982, do 16 de xuño e regulamento para a súa aplicación, aprobado polo Real decreto 496/1987, do 18 de marzo, e disposicións complementarias, aplicándose con carácter supletorio as disposicións desta lei e as súas normas de desenvolvemento, ás que o organismo «Consello de Administración do Patrimonio Nacional» se deberá axustar no réxime de xestión dos seus bens propios.

Disposición adicional quinta. *Réxime patrimonial de determinados organismos públicos.*

1. O réxime patrimonial dos organismos públicos a que fan referencia as disposicións adicionais novena e décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, do ente público Portos do Estado e das autoridades por-

tuarias, suxeitarase ás previsións desta lei, considerándose integrado no patrimonio do Estado o patrimonio destes organismos, nos termos previstos no artigo 9 desta lei.

2. O réxime patrimonial do Instituto Cervantes rexerá polo establecido na Lei 7/1991, do 21 de marzo, e no regulamento do instituto aprobado polo Real decreto 1526/1999, do 1 de outubro, entendéndose realizadas as referencias efectuadas nesta norma ó artigo 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado ás correspondentes disposicións desta lei.

Disposición adicional sexta. *Réxime patrimonial do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas.*

O réxime patrimonial do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas rexerá pola súa normativa especial, sendo de aplicación supletoria esta lei.

Disposición adicional sétima. *Bens afectados ó Ministerio de Defensa e Forzas Armadas.*

1. O réxime xurídico patrimonial do organismo autónomo «Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa» rexerá pola súa normativa especial, aplicándose supletoriamente esta lei. Non obstante, a vixencia do réxime especial de xestión dos bens inmoebles afectados ó Ministerio de Defensa establecido nas normas reguladoras do organismo extinguirase transcorridos 15 anos desde a entrada en vigor desta lei.

2. O alleamento de bens mobles e produtos de defensa afectados ó uso das Forzas Armadas rexerá pola súa lexislación especial, aplicándose supletoriamente as disposicións desta lei e as súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional oitava. *Bens afectados ó Ministerio do Interior.*

A xestión patrimonial do organismo autónomo «Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado» axustarase á súa normativa especial, con aplicación supletoria desta lei. Non obstante, a vixencia do réxime especial de xestión dos bens inmoebles afectados ó Ministerio do Interior establecido nas normas reguladoras do organismo extinguirase transcorridos 15 anos desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional novena. *Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmoebiliares e Patrimoniais.*

1. Como órgano colexiado superior para a coordinación en materia patrimonial créase a Comisión de Coordinación Financeira de Actuacións Inmoebiliares e Patrimoniais.

2. A comisión estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía.

Vicepresidente: o ministro de Facenda.

Vocais: o secretario de Estado de Orzamentos e Gastos, o secretario de Estado de Defensa, o secretario de Estado de Seguridade, o secretario de Estado de Infraestructuras, o secretario de Estado da Seguridade Social, o subsecretario de Asuntos Exteriores, o subsecretario de Facenda, o subsecretario de Administracións Públicas, o subsecretario de Economía, o director xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo, e o presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais.

Secretario: o director xeral do Patrimonio do Estado.

3. Cando se traten asuntos que afecten a varios departamentos, asistirá ás reunións o subsecretario da Presidencia. Así mesmo, poderán ser convocados aqueles altos cargos que se considere conveniente por razón dos temas que se vaian tratar.

4. A secretaría executiva da comisión estará a cargo dun subdirector xeral ou funcionario de nivel equivalente da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

Disposición adicional décima. *Réxime xurídico da «Sociedade Estatal de Xestión Inmoebiliar de Patrimonio, Sociedade Anónima».*

1. A «Sociedade Estatal de Xestión Inmoebiliar de Patrimonio, Sociedade Anónima» (SEGIPSA), con capital social que deberá ser de titularidade pública, terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades de dereito público para a xestión, administración, explotación, mantemento e conservación, vixilancia, investigación, inventario, regularización, mellora e optimización, valoración, taxación, adquisición e alleamento dos bens e dereitos integrantes ou susceptibles de integración no patrimonio do Estado ou outros patrimonios públicos, así como para a construción e reforma de inmoebles patrimoniais ou de uso administrativo.

2. En virtude deste carácter, SEGIPSA estará obrigada a realiza-los traballos, servizos, estudos, proxectos, asistencias técnicas, obras e cantas actuacións lle encomende directamente a Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades de dereito público, na forma establecida nesta disposición. A actuación de SEGIPSA non poderá supo-lo exercicio de potestades administrativas.

3. A encomenda ou encargo, que no seu outorgamento e execución se rexerá exclusivamente polo establecido nesta disposición, establecerá a forma, os termos e as condicións de realización dos traballos, que efectuará SEGIPSA con liberdade de pactos e suxeición ó dereito privado. Poderase prever nesta encomenda que SEGIPSA actúe en nome e por conta de quen lle efectúe o encargo que, en todo momento, poderá supervisala correcta realización do obxecto da encomenda. Cando teña por obxecto o alleamento de bens, a encomenda determinará a forma de adxudicación do contrato, e poderá permiti-la adxudicación directa nos casos previstos nesta lei. En caso de que o seu outorgamento corresponda a un órgano que non sexa o ministro de Facenda, requirirá o previo informe favorable do director xeral do Patrimonio do Estado.

4. O importe que se pague polos traballos, servizos, estudos, proxectos e demais actuacións realizadas por medio de SEGIPSA determinarase aplicándolles ás unidades executadas as tarifas que fosen aprobadas por resolución do subsecretario de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado. Estas tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais de realización. A compensación que proceda nos casos nos que non exista tarifa establecerase, así mesmo, por resolución do subsecretario de Facenda.

O pagamento, que terá a consideración de investimento, efectuarase logo de certificación de conformidade expedida polo órgano que encomendase os traballos.

5. Respecto das materias sinaladas no número 1 desta disposición adicional, SEGIPSA non poderá participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados pola Administración, organismos ou entidades das que sexa medio propio. Non obstante, cando non concorran ningún licitador, poderáselle encargar a SEGIPSA a actividade obxecto de licitación pública.

6. Os contratos de obras, subministracións, consultoría e asistencia e servizos que SEGIPSA deba concertar para a execución das actividades que se expresan no número 1 desta disposición adicional, quedarán suxeitas ás prescricións do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, relativas a publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación, sempre que a contía dos contratos iguale ou supere as cantidades fixadas nos artigos 135.1, 177.2 e 203.2 da dita lei.

O ministro de Facenda resolverá as reclamacións que se formulen contra os actos de preparación e adxudicación destes contratos, adoptará as medidas cautelares que procedan e fixará, de se-lo caso, as indemnizacións pertinentes, e as súas resolucións poderán ser impugnadas ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co artigo 2, alínea b), da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

7. O establecido nos números anteriores será tamén de aplicación ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais respecto do patrimonio sindical acumulado e ás entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

8. O ministro de Facenda poderá acorda-la delimitación de ámbitos de xestión integral referidos a bens e dereitos do patrimonio do Estado para a súa execución a través de SEGIPSA, que poderá comprende-la realización de calquera actuación prevista nesta lei. Estas actuacións seranlle encomendadas conforme o procedemento previsto nos puntos anteriores.

9. Igualmente, SEGIPSA terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico para a realización dos traballos de formación e mantemento do catastro inmobiliario que corresponden á Dirección Xeral do Catastro en virtude da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario; a súa encomenda e realización efectuaranse de acordo co establecido nesta disposición.

10. Para a realización dos traballos que se lle encomenden de acordo con esta disposición, SEGIPSA poderá solicitar da Dirección Xeral do Catastro, nos termos previstos no artigo 64 desta lei, a información de que dispoña en relación cos bens ou dereitos obxecto das actuacións que se lle encomendasen, sen que sexa necesario o consentimento dos afectados.

Disposición adicional décimo primeira. *Actualización de contías.*

As contías das sancións pecuniarias reguladas nesta lei e as establecidas, por razón do valor dos bens e dereitos, para a atribución de competencias de xestión patrimonial, poderán ser modificadas polas leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional décimo segunda. *Subrogación do usuario para efectos de contratos de seguro e responsabilidade civil.*

A afectación, adscrición ou cesión do uso dun inmovible do patrimonio do Estado implicará, en relación cos contratos de seguro que de se-lo caso se subscribisen sobre o ben, a aplicación do disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 8/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, e implicará a asunción por aqueles a prol dos cales se efectúen as referidas operacións da responsabilidade civil que puidese derivar da titularidade do inmovible.

Disposición adicional décimo terceira. *Vivendas oficiais.*

Os inmobles do patrimonio do Estado utilizados como vivenda oficial terán a consideración de bens demaniais.

Disposición adicional décimo cuarta. *Bens do Patrimonio Histórico Español.*

1. Os bens pertencentes ó patrimonio do Estado que teñan a consideración de bens do Patrimonio Histórico Español incluíranse no inventario xeral, e rexeranse por esta lei e as súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo das previsións establecidas na súa lexislación especial.

2. Para a adopción de decisións de carácter patrimonial respecto destes bens será preceptivo o informe do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición adicional décimo quinta. *Sistemas especiais de xestión.*

1. A adquisición, alleamento e administración dos bens poderánselles encomendar a sociedades ou entidades de carácter público ou privado, seleccionadas na forma prevista polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas. Quedarán, en todo caso, excluídas da encomenda as actuacións que supoñan o exercicio de potestades administrativas.

2. No caso de alleamento de bens, poderase prever que a sociedade a que se lle encomende a xestión adiante a totalidade ou parte do prezo fixado para a venda, coa reserva da liquidación que proceda no momento en que se consume a operación.

3. Na forma prevista nesta lei para o correspondente negocio poderanse concluír acordos marco en que se determinen as condicións que rexerán as concretas operacións de adquisición, alleamento ou arrendamento de bens que se prevexa realizar durante un período de tempo determinado. As operacións patrimoniais que se realicen ó abeiro do acordo marco non se someterán ós trámites xa cumpridos ó concluír aquel.

Disposición adicional décimo sexta. *Informes da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.*

A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado emitirá informe preceptivamente sobre os anteproxectos de lei e os proxectos de disposicións de carácter xeral que afecten a regulación da xestión do Patrimonio do Estado ou impliquen a redistribución de masas patrimoniais entre diversos axentes vinculados á Administración xeral do Estado.

Disposición adicional décimo sétima. *Bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados.*

Os bens comisados e adxudicados ó Estado en virtude de sentenza xudicial firme, de acordo co establecido no artigo 374 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, rexeranse, en primeiro termo, pola normativa específica reguladora do fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados e, de forma supletoria, por esta lei e polas súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional décimo oitava. *Xestión da carteira de investimentos financeiros e materiais de determinados organismos públicos.*

Non serán de aplicación as previsións desta lei á adquisición, administración e alleamento dos activos que integran a carteira de investimentos financeiros e materiais daqueles organismos públicos que, por mandato legal, estean obrigados á dotación de provisións técnicas e outras reservas de carácter obrigatorio.

Disposición adicional décimo novena. *Xestión do patrimonio da vivenda.*

As vivendas e, en xeral, os bens inmobles de titularidade estatal que formasen parte do patrimonio do extinguido Instituto para a Promoción Pública da Vivenda e da Comisión Liquidadora de Rexións Devastadas, así como as que en cumprimento dos programas anuais de promoción pública de vivendas sexan construídas polo Estado, continuarán a rexer polas súas normas específicas e, supletoriamente, por esta lei.

En particular, corresponderán á Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo, con suxeición ás citadas normas, as facultades de xestión e disposición destes bens, incluíndo as de allear, arrendar, establecer e cancelar hipotecas e outras cargas sobre eles e, en xeral, todas aquelas que correspondesen ó extinguido Instituto para a Promoción da Vivenda, coa excepción da percepción de ingresos, que se rexerá polas mesmas normas que son de aplicación ós restantes ingresos do Estado.

Disposición adicional vixésima. *Réxime patrimonial de SEPES.*

O réxime patrimonial da entidade pública empresarial do solo (SEPES) rexerá polo establecido nas súas normas de creación ou de organización e funcionamento. No non previsto nelas será de aplicación o disposto nesta lei.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Bens de determinadas entidades públicas.*

Non se entenderán incluídos no patrimonio do Estado aqueles activos de entidades públicas empresariais e outras entidades análogas que estivesen afectos á cobertura de provisións ou outras reservas que viñesen obrigadas a constituír ou que teñan funcionalidades específicas segundo a lexislación reguladora da entidade pública de que se trate.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Réxime de incorporación de bens en determinados organismos públicos.*

O réxime previsto no artigo 80.3 desta lei será de aplicación ós organismos públicos Portos do Estado e Autoridades Portuarias, Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, Mutualidade Xeral Xudicial, Instituto Social das Forzas Armadas e Mancomunidad de los Canales del Taibilla.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das concesións demaniais vixentes.*

As concesións demaniais outorgadas con anterioridade á vixencia desta lei e cun prazo de duración superior ó establecido no seu artigo 93, manterán a súa vixencia durante o prazo fixado no seu outorgamento, sen que se poida conceder prórroga do tempo de duración delas.

Disposición transitoria segunda. *Aplicabilidade do artigo 21.4 desta lei a doazóns efectuadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

A previsión do artigo 21.4 desta lei producirá efecto respecto das disposicións gratuítas de bens ou dereitos a favor das administracións públicas que se perfeccionasen antes da súa entrada en vigor, sempre que previamente non se tiver exercido a correspondente acción revocatoria.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio dos expedientes patrimoniais.*

Os expedientes patrimoniais que se encontren en tramitación pasarán a rexerse por esta lei desde a súa entrada en vigor. Os actos de trámite dictados ó abeiro da lexislación anterior e baixo a súa vixencia conservarán a súa validez, sempre que o seu mantemento non produza un efecto contrario a esta lei.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio da Sociedade Estatal de Participacións Industriais.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno presentará ás Cortes Xerais un proxecto de lei para a adaptación do réxime xurídico da Sociedade Estatal de Participacións Industriais ós conceptos e principios establecidos nesta lei, sen prexuízo das súas especialidades, regulándose mentres tanto esta sociedade polas súas actuais normas.

Disposición transitoria quinta. *Inscripción no Rexistro da Propiedade dos bens demaniais.*

Para o cumprimento da obriga de inscrición establecida no artigo 36 desta lei respecto dos bens demaniais dos que as administracións públicas sexan actualmente titulares, estas terán un prazo de cinco anos, contados a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei, e, en especial, as seguintes:

- a) A Lei 89/1962, do 24 de decembro, de bases do patrimonio do Estado, e o seu texto articulado, aprobado polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril.
- b) A disposición adicional segunda da Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación dos artigos 48 e 56 e disposición adicional décimo segunda da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

1. O artigo 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, queda redactado como segue:

«Artigo 48. *Patrimonio dos organismos autónomos.*

O réxime patrimonial dos organismos autónomos será o establecido na Lei do patrimonio das administracións públicas.»

2. O artigo 56 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, queda redactado como segue:

«Artigo 56. *Patrimonio das entidades públicas empresariais.*

O réxime patrimonial das entidades públicas empresariais será o establecido na Lei do patrimonio das administracións públicas.»

3. A disposición adicional décimo segunda da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funciona-

mento da Administración xeral do Estado, queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo segunda. *Sociedades mercantís estatais.*

1. As sociedades mercantís estatais rexeranse integramente, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias en que lles sexan de aplicación a normativa orzamentaria, contable, patrimonial, de control financeiro e contratación. En ningún caso poderán dispor de facultades que impliquen o exercicio de autoridade pública.

2. As sociedades mercantís estatais, con forma de sociedade anónima, cun capital que sexa na súa totalidade de titularidade, directa ou indirecta, da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, rexeranse polo título VII da Lei do patrimonio das administracións públicas e polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias en que lles sexan de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de control financeiro e de contratación.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

1. As seguintes disposicións desta lei díctanse ó abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución, e son de aplicación xeral o artigo 43 e o artigo 110, número 3.

2. As seguintes disposicións desta lei díctanse ó abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución, e son de aplicación xeral, sen prexuízo do disposto nos dereitos civís forais ou especiais, alí onde existan: artigo 4; artigo 5, números 1, 2 e 4; artigo 7, número 1; artigo 15; artigo 17; artigo 18; artigo 20, números 2 e 3; artigo 22; artigo 23; artigo 30, números 1 e 2; artigo 37, números 1, 2 e 3; artigo 38, números 1 e 2; artigo 39; artigo 40; artigo 49; artigo 53; artigo 83, número 1; artigo 97; artigo 98; e artigo 99, número 1.

3. A disposición adicional terceira desta lei díctase ó abeiro da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.17.^a da Constitución sobre o «réxime económico da Seguridade Social», e é de aplicación xeral.

4. Os números 1, 2 e 3 do artigo 24 desta lei díctanse ó abeiro da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.18.^a da Constitución sobre a «lexislación de expropiación forzosa», e é de aplicación xeral.

5. Teñen o carácter de lexislación básica, de acordo co preceptuado no artigo 149.1.18.^a da Constitución, as seguintes disposicións desta lei: artigo 1; artigo 2; artigo 3; artigo 6; artigo 8, número 1; artigo 27; artigo 28; artigo 29, número 2; artigo 32, números 1 e 4; artigo 36, número 1; artigo 41; artigo 42; artigo 44; artigo 45; artigo 50; artigo 55; artigo 58; artigo 61; artigo 62; artigo 84; artigo 91, número 4; artigo 92, números 1, 2 e 4; artigo 93, números 1, 2, 3 e 4; artigo 94; artigo 97; artigo 98; artigo 100; artigo 101, números 1, 3 e 4; artigo 102, números 2 e 3; artigo 103, números 1 e 3; artigo 106, número 1; artigo 107, número 1; artigo 109, número 3; artigo 121, número 4; artigo 183; artigo 184; artigo 189; artigo 190; artigo 191; disposición transitoria primeira, número 1; disposición transitoria quinta.

Disposición derradeira terceira. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que se promulguen en desenvolvemento desta lei poderán ter carácter de básicas cando constitúan o complemento necesario de artigos que teñan atribuído tal carácter conforme o establecido na disposición derradeira segunda desta lei e así se sinale na propia norma de desenvolvemento.

Disposición derradeira cuarta. *Competencias de xestión dos bens de dominio público.*

1. Os departamentos ministeriais e organismos públicos a que corresponda a xestión e administración do dominio público estatal de estradas, ferrocarrís, aeroportos, portos, montes, augas, minas, zona marítimo-terrestre, dominio público radioeléctrico e demais propiedades administrativas especiais, exercerán as competencias establecidas na súa lexislación específica.

2. Cando a administración e xestión dos bens a que se refire o punto anterior estivese atribuída a unha entidade pública empresarial que tivese atribuídas facultades para o seu alleamento, ou ós organismos públicos Portos do Estado e autoridades portuarias, a súa desafectación deberá selle comunicar ó director xeral do Patrimonio do Estado.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. O Consello de Ministros poderá dictar as normas regulamentarias e disposicións de carácter xeral necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei. De igual forma, por real decreto regularanse as especialidades do réxime xurídico patrimonial dos bens informáticos.

2. Autorízase o ministro de Facenda para regular os procedementos e sistemas que permitan a aplicación de medios electrónicos, informáticos e telemáticos á xestión patrimonial e á protección e defensa do patrimonio do Estado.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

20255 *CORRECCIÓN de erros da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.* («BOE» 264, do 4-11-2003.)

Advertidos erros e erratas na Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 10 en lingua galega, do 1 de agosto de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1822, segunda columna, no artigo 65.2.a), onde di:

$$\left\langle H = \frac{RR_N}{1 - b} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} \geq \frac{b}{1 - b} \right\rangle,$$

debe dicir:

$$\left\langle H = \frac{RR_{TC}}{1 - b} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} \geq \frac{b}{1 - b} \right\rangle.$$